

Lingua e Xénero
VI Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal

A Coruña 2010

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal
A Coruña, 2010
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Cursos_Congresos_Simposios, núm. 110

172 páxinas
17 x 24 cm.
Índice: páxinas

ISBN: 978-84-9749-404-5
Depósito legal: C 1683 - 2010

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Mosquera Carregal, Xesús M.

Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
<http://www.udc.es/snl>
<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO, Estrada da Estación 70-A
36818, A Portela, Redondela (Pontevedra) Tel. 986 405 051
Fax: 986 404 935, correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN, C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91 725 90 72
Fax: 91 713 06 31, correo electrónico: webmaster@breogan.org
Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo
Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do *copyright*.

Índice

Limiar	7
Presentación da vicerreitora de Organización Académica e Titulacións	11
Presentación da representante da Real Academia Galega	13
Presentación da directora do Servizo de Normalización Lingüística	15
María Isabel Suárez Fernández Presentación de datos sociolingüísticos desde a perspectiva de xénero	19
Olga Castro Vázquez Galego+non sexista: como e por que avanzarmos cara a unha outra representación de xénero na lingua	33
Avia González Veira e Nuria Seoane Bouzas Un achegamento aos preconceptos contra o galego por parte das mulleres a través das súas palabras	63
María Pilar García Negro Dúas subordinacións en paralelo: mulleres e lingua galega	79
Carme Hermida Guliás Lingua e sexismo en dicionarios de galego	89
Robert Neal Baxter Tradución e androcentrismo: Quen traduce que(n) e como na Galiza	115
Roi Vidal O emprego da(s) lingua(s) na publicidade dirixida ás mulleres. O caso da Televisión de Galicia	137
Teresa Moure Falarmos galego as mulleres, por que non?	147

Limiar

Este volume recolle os textos que as relatoras e relatores participantes expuxeron no desenvolvemento das VI Xornadas sobre Lingua e Usos que, so o lema de Lingua e Xénero, tiveron lugar, máis unha vez, no Paraninfo da Reitoría da Universidade da Coruña os días 26 e 27 de novembro, organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística en colaboración coa Real Academia Galega e baixo o patrocinio económico da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Transcorreron cinco edicións até que finalmente o foro con que o SNL convida anualmente á comunidade universitaria e investigadora interesada, e ao público en xeral, a reflexionar sobre a lingua galega e a súa presenza nun ámbito ou espazo social concreto, deitase a súa ollada sobre un binomio que até o de agora parecía ficar á marxe das axendas investigadoras, dos catálogos editoriais e dos documentos planificadores feitos por e desde a lingua galega.

E non é porque en Galicia esteamos carentes de voces que se debruzaran con rigor, entusiasmo e arelas transformadoras sobre o tema. Notemos que a nómina de autoras e autores aquí contida é susceptible de ser ampliada con outros nomes, con outros puntos de vista que só por causas alleas á súa vontade non puideron asistir ás Xornadas e contribuír coas súas achegas ao conxunto que agora presentamos. Certo é, tamén, que non podemos ofrecer aquí o texto da profesora catalá Eulàlia Lledó, para o cal remítimos as persoas interesadas á páxina web do Servizo onde poderán atopar gravada a súa intervención, mais, sexa como for, ausencias e presenzas, documentos sonoros e texto escrito só contribúen, entendemos, a chamar a atención sobre un tema que xa non admite máis desatencións: hai ámbito de estudo, hai persoal dabondo cualificado para o abordar e cultivar reparando en todas as súas arestas e hai público intere-

sado (máis dun cento de persoas acudiron á cita anual do SNL da Universidade da Coruña). Daquela, estúdese, abórdese, aténdase e mesmo, cando se considerar oportuno, débátase e rebátase, mais non se siga ignorando ou minorizando dentro da minoría.

Sirvan estas liñas para advertir a quen se somerxer nas páxinas de que terma que o volume se abre e pecha tentando ofrecer respostas a preguntas tan atraentes como «Canto galego falan as mulleres?» «Como falan galego as mulleres?» «Por que as mulleres non han falar galego?» Entre o preludio e a coda, entre os datos estatísticos con que Isabel Suárez balizou o terreo e o achegamento á fala feminina galega e ás posibilidades de intervir unindo as causas do feminismo e a recuperación de espazos sociais para a lingua con que Teresa Moure puxo o ramo ás Xornadas, podemos atopar un repertorio de temas e aspectos en que o binomio antes amentado se proxecta: a linguaxe non sexista, os xeitos de a abordar e os porqués para a combater enunciados por Olga Castro; os abondosos prexuízos lingüísticos recollidos por Avia González e Nuria Seoane en boca de mulleres e nos cales decontado se percibe a emerxencia da dupla e paralela discriminación a que atendeu Pilar García Negro; as frustrantes dificultades á hora de conxugar teoría, praxe e conviccións persoais cando se ten como encomenda un proxecto lexicográfico tal e como deixou patente Carme Hermida; a arroibante infrarrepresentación das mulleres, canto autoras e profesionais da tradución, no sistema editorial galego denunciada por Robert Neal Baxter; e, finalmente, a presenza e o emprego da lingua galega nun ámbito como a publicidade televisiva en que —como nos advertiu Roi Vidal— as persoas se converten en estereotipos e en albo de desacomplexadas mensaxes.

Estas foron as cernas temáticas dos relatorios contidos neste volume. Todos eles solidamente defendidos e argumentados, mais todos eles, tamén, obedientes a un aquí e a un agora: Galicia 2010, lingua galega e xénero. Da súa lectura pódense tirar conclusións, alertas, denuncias, mais tamén é obrigado recoñecer que se poden achar suxestións, recomendacións, pautas de actuación, ansias de mudanzas e renovacións, así como apertura a novas vías de estudo que os seus autores e autoras xenerosamente deixaron bosquexadas. Se así ben se entenderen todas elas, parece claro que a remuda e/ou continuación nos estudos sobre lingua e xénero fica garantida e, quen sabe, se con elas tamén se está a contribuír a cambios de maior transcendencia social. Para ambas as empresas agardamos que este volume poida servir asemade de rigoroso esteo e prolífico xerme doutros moitos que han vir.

Finalmente, queremos insistir, mais unha vez, na necesidade de construírmos un modelo de lingua culta para o galego, unha cuestión que esixe tempos e espazos da

xenerosidade compartida. No caso das universidades galegas, partindo do acordo normativo de xullo de 2003, chegamos a un grao de homoxeneización en que continuamos a transitar. Camiñarmos por eses vieiros é fundamental para posibilitar viaxes colectivas de que todas as persoas nos sintamos igualmente copartícipes. Con todo, decidimos respectar neste volume, sempre dentro do abano que a norma permite, certas escollas particulares coa intención de este xesto servir para tender pontes entres as vontades das persoas que acreditan na nosa lingua.

O EDITOR

Presentación

ANA DOROTEA TARRÍO TOBAR

Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións

Boa tarde, benvidas e benvidos a este acto de inauguración das VI Xornadas sobre Lingua e Usos que baixo o subtítulo específico de Lingua e Xénero organiza a Universidade da Coruña a través do Servizo de Normalización Lingüística, en colaboración coa Real Academia Galega, aquí representada na persoa de Luz Pozo Garza, e a quen agradecemos a súa presenza, e co financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística cuxo responsable non pode acompañarnos por ter que estar nun acto público en Ourense.

Acompañannos nesta mesa Xosé Manuel Carril Vázquez, o secretario xeral da Universidade da Coruña en calidade de responsable da política lingüística desta institución, Goretti Sanmartín Rei, directora do Servizo de Normalización Lingüística e Isabel Suárez Fernández, a persoa encargada de pronunciar a conferencia inaugural e de pórnos xa a todas e a todos a pensar. Porque xustamente a función da universidade é que aprendamos a pensar. Nese proceso de aprendizaxe que non ten data de caducidade, que non remata ao finalizarmos os nosos estudos senón que ten a súa continuidade ao longo de toda a vida e, de maneira moi específica, ao longo da nosa traxectoria como docentes e discentes e, en xeral, como persoas interesadas por todo o que nos rodea, nada hai máis importante que lle dar respostas á sociedade que nos rodea, que ofrecermos a nosa vontade e o noso esforzo ao proxecto común de transformación social.

Nesa perspectiva é como entendemos –como entendeu o Servizo de Normalización Lingüística da UDC– a necesidade de visitar un tema pouco común mais de grande interese social. Porque se nas linguas existen cantidade de variables que debemos ter en conta, se non falamos igual sendo dun lugar ou doutro, pertencendo a unha ou

outra clase social ou grupo, se temos que atender ao criterio da idade e recoñecemos unha fala como tipicamente da mocidade ou dunha franxa de idade recoñecible como de persoas maiores, mesmo se sabemos que temos diversos usos lingüísticos dependendo de onde e de con quen estamos a falar, será lóxico pensar que existen diferenzas e condicionamentos relacionados co factor do xénero e que cómpre analizar esa variación para comprendermos mellor os nosos usos lingüísticos e as nosas actitudes a respecto das linguas e das e dos falantes. Sobre isto e sobre todo aquilo en que a universidade, a docencia e a investigación, poida contribuír non só a facer visibles as mulleres senón a posibilitar a existencia dun sistema de relacións en que contén as persoas, en que poidamos situarnos e relacionarnos en condicións de non-discriminación e, por tanto, de maior xustiza social, será sobre o que teredes ocasión de debater e intercambiar opinións e pareceres nestes días.

Ten a palabra, en primeiro lugar, Luz Pozo Garza en representación da Real Academia Galega, a quen agradecemos moi especialmente a súa presenza entre nós e quen tantas veces iluminou o noso camiño a través das súas palabras e da súa poesía. A seguir, terá a palabra Goretti Sanmartín Rei, que explicará o contido e os obxectivos das xornadas.

Xa para rematar, quedan inauguradas estas VI Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Xénero. Deséxovos moi sinceramente un traballo frutífero. Oxalá as xeracións vindeiras lembren un día, como nós hoxe lembramos, que houbo persoas, mulleres e homes, mais fundamentalmente mulleres, que dispuxeron todo para que os camiños se ensanchasen e para que cada vez houbera máis voces e unha maior heteroxeneidade para nos construírmos conxuntamente como cidadás e como cidadáns deste país que ten unha lingua de seu cuxo uso cómpre fomentar.

Presentación

LUZ POZO GARZA
Real Academia Galega

Señora vicerreitora, señor secretario xeral, señora directora do Servizo de Normalización Lingüística, amigas e amigos,

Diríxome a vostedes para participar da ledicia de inaugurar novamente unhas xornadas que o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña e a Real Academia Galega, co financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística, levan realizando desde hai anos e que nesta ocasión aborda o tema do uso do galego por parte das mulleres.

Como saben a Real Academia Galega, a que represento, ten o compromiso de promover e impulsar iniciativas que teñan como obxectivo investigar no ámbito da lingua e da literatura, e que incidan en recuperar contextos de usos para o galego.

Deséxolles, finalmente, un bo traballo e unha magnífica estadía entre nós.

Presentación

GORETTI SANMARTÍN REI

Directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Benvidas e benvidos novamente a este espazo magnífico do Paraninfo da Reitoría onde decidimos reunirnos unha vez ao ano para coñecer máis —e, por tanto, tamén para nos (re)coñecermos— e debater sobre cuestións de interese social sobre os que poidamos deitar algunha luz. Despois de tratarmos temas como Lingua e Cidade, Lingua e Investigación, Lingua e Idade, Lingua e Novas Tecnoloxías e Lingua e Docencia Universitaria decidimos desta volta apostar por un tema apaixonante e controvertido e facelo desde unha perspectiva que procura, como sempre intentamos desde o Servizo de Normalización Lingüística da UDC, tanto comigo como directora como no tempo en que este cargo recaeu sobre o benquerido amigo Xosé Ramón Freixeiro Mato, que nos movamos, que pensemos, que non fiquemos comodamente instaladas nas nosas cadeiras e que sexa despois xustamente do remate destas xornadas cando iniciemos unha nova viaxe de pescuda e tamén, como non, de intervención.

Porque se a algo aspiramos coa realización destas xornadas é a abandonar a comodidade que supón coñecer uns datos, dar conta dunha determinada realidade para non nos mover absolutamente nada. Somos conscientes de que posuímos nestes momentos unhas magníficas radiografías da situación da lingua do país, que mesmo sen pretenderen ofrecer datos sobre a variante de xénero si tiveron que admitir que o uso do galego era lixeiramente inferior no caso das mulleres a respecto dos varóns. E sobre ese feito, cantas páxinas se escribiron? Canto se publicou? Canto nos dedicamos a pensar colectivamente? A resposta é ben obvia. Pouco. E iso a pesar de formar parte da tradición do pensamento comprometido co galego a reflexión sobre as causas desta situación. Lembrade, neste sentido, por non acudirmos agora a textos máis especializados, os famosos versos de Pondal dirixidos precisamente a esta cidade:

Miniñas da Cruña,
 De amabre despexo,
 De falas graciosas
 E pasos lixeiros,
 Deixá de Castela
 Os duros acentos:
 Falade, miniñas,
 falade galego.
 Cando é que vos ouzo,
 A patria esquecendo,
 Falar esas duras
 Palabras de ferro,
 Non sei o que sufro,
 Non sei o que peno:
 Falade, miniñas,
 Falade galego

Ou lembre simplemente que García Barros gañou o «Certame literario de exaltación da muller galega celebrado en Pontevedra en agosto de 1929» centrado nun tema que pode parecer novo como o de «Que resortes poderán empregarse para que o adoiten [o galego] as nosas mulleres das clases media e elevada?»

Porque se algo chama a nosa atención hoxe é a falta de resposta, de análise, de estudo, de pescuda ao dato denunciado en numerosas ocasións sobre a alarmante perda da transmisión xeracional en galego. Sobre todo porque no fondo existe unha culpabilización ao falar de que a gran perda do galego é a falta de transmisión interxeracional, porque quen se encarga de transmisión na inmensa maioría dos casos, as mulleres, non? Daquela examínese máis o tema, téñase en conta na planificación que se realiza e anímese a que exista e non se pretenda, polo contrario, o seu ocultamento, a súa invisibilidade.

Porque a universidade, e as persoas que nela investigamos, temos responsabilidades sociais e no canto de pensarmos tanto en termos de mercado debemos dirixir as nosas análises a temas de xustiza social.

A construción de calquera discurso feminista debe, no noso contexto, ir da man da reivindicación do galego, pois estamos a falar de diferentes situacións de inxustiza que estamos obrigadas, eticamente, a denunciar e a transformar. E tamén, reciprocamente, non podemos acreditar nun discurso auténtico sobre a recuperación do galego

se non vai acompañado dunha preocupación feminista e, nese caso, se non se inclúen investimentos e recursos en potenciar que as mulleres fagan do galego o seu idioma e o idioma das súas fillas.

Para falarmos de todo isto decidimos darlle a voz a unha serie de persoas que traballan sobre lingua e xénero, a maioría desde o noso país mais outras desde fóra del pois como ben sabemos, hai moitas cuestións similares e experiencias e traballos de que podemos beber e aprender.

As persoas que sodes xa habituais destas xornadas observaredes que houbo unha redución temporal que neste caso foi obrigada pola imposibilidade de contarmos con algunhas persoas de relevancia e de prestixio por cuestións de axenda. Velaí como deixamos para outra ocasión a oportunidade de termos entre nós a Tove Skutnabb-Kangas, a Deborah Cameron, a M.^a Xosé Queizán, a Margarita Ledo ou a María Reimóndez, entre outras. O programa final pretende combinar o achegamento de especialistas neste campo coa aparición doutras voces que acrecenten novas e diferentes perspectivas sobre o tema.

Agradecemos co corazón na man o encargo que realizamos a diferentes persoas que hoxe e mañá estarán aquí respondendo a aquilo que lle solicitamos exactamente, mesmo con algunhas mudanzas horarias e con modificacións nos contidos e nas formas de os presentar. Desexamos deixar constancia do seu esforzo e do seu compromiso coas causas que nos unen. Para alén doutras cuestións, entre as nosas apostas está a de conseguir que nun escenario coma este, nun espazo que impresiona e que simboliza tamén as nosas ansias ilimitadas de saber, como este mar que nos acompaña, sexamos capaces de escoitar, de tomar boa nota e de debater para nos enriquecermos mutuamente. Porque estamos convencidas de que catro ollos ven máis que dous, e oito máis que catro, e dezaseis máis que oito e trinta e dous máis que dezaseis e douscentos máis que cen..., estamos convencidas tamén que esta é unha cuestión que atinxe todos os seres humanos, pois igual que non precisamos ser negras para entender o racismo e apoiar a súa loita, nin sermos labregas para nos solidarizarmos coa súa visión e coa súa defensa da terra e da paisaxe, para ser feminista só hai que posuír a capacidade de beixar cos ollos e de escoitar coa pel. Como faremos, sen ningunha dúbida, ao longo destas sesións. Obrigada.

Presentación de datos sociolingüísticos desde a perspectiva de xénero

MARÍA ISABEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega

1. Consideracións iniciais

A tradición sociolingüística proporciona múltiples evidencias de que existen patróns diferenciados de uso das linguas en función do xénero. Este obxecto de interese tratouse inicialmente polos estudos antropolóxicos de principios do século XX, aínda que daquela as peculiaridades se interpretaban unicamente de xeito anecdótico.

Co desenvolvemento da sociolingüística variacionista, a partir dos anos sesenta, a variable «sexo» pasa a constituír un importante tema de estudo dentro de procesos como o cambio lingüístico ou a diferenciación estilística.

As investigacións de Labov (1966) na cidade de Nova York mostraron a maior inclinación das mulleres polas formas gramaticais e de pronuncia estándar dentro dunha mesma clase social. Posteriormente, constatouse esa mesma tendencia en diferentes sociedades de fala indoeuropea e, ademais, observouse nelas unha tendencia maior a seleccionaren o patrón lingüístico en función das normas sobre o uso apropiado en cada contexto.

A cuestión de xénero nos estudos variacionistas acadou un punto álxido na década dos 70. Nese momento ofreceuse unha interpretación da relación entre lingua e xénero consonte o binomio «conservadorismo-innovación».

Trudgill (1972) vinculou cada variedade lingüística co seu contexto sociocultural de uso e fixou o interese no status como factor explicativo das diferenzas. Formulou a

existencia dun patrón cultural propio da clase traballadora, que asignaría un prestixio encuberto a formas non estándar da linguaxe caracterizadas como masculinas. A maior tendencia das mulleres –particularmente da clase media-baixa– á «corrección lingüística» explicaría-se pola súa exclusión deses elementos vernáculos de prestixio.

As peculiaridades observadas deron lugar á formulación do modelo sociolingüístico de xénero, que implicaría, alén da preferencia polas formas estándar, a tendencia a cambiar en favor da variedade máis prestixiada en situacións de contacto de linguas.

Este modelo foi cuestionado por investigacións realizadas en comunidades tradicionais. Nun estudo sobre o suahili, por exemplo, atopouse que as mulleres tendían a conservar a variedade local en maior medida que os varóns. A escasa posibilidade de ascenso social das mulleres nesas sociedades limitaría o seu interese polas formas lingüísticas con maior prestixio.

Os traballos de Milroy nos 80 tamén ofreceron resultados contrarios ao modelo sociolingüístico de xénero. Neste caso atopáronse excepcións no caso de mulleres conectadas entre si por redes sociais moi densas. Este tipo de relacións, características das comunidades tradicionais, favorecerían o mantemento das variedades vernáculos malia o posible contacto con outras de maior prestixio.

Bourdieu (1985) incorporou as relacións entre lingua e xénero á análise do proceso de estratificación social. O comportamento lingüístico, como outras condutas simbólicas avaliadas en termos de prestixio, tería unha significación especial dentro das oportunidades de éxito social das mulleres:

A hipercorrección inscíbese na lóxica da pretensión que induce aos pequeno burgueses a intentar apropiarse anticipadamente, a custo dunha permanente tensión, das propiedades dos dominantes. A intensidade particular da inseguridade e da ansiedade en materia lingüística (como en materia de cosmética ou de estética) entre as mulleres da pequena burguesía hai que comprendela tamén dentro da mesma lóxica: condenadas pola división do traballo entre os sexos a esperar o ascenso social das súas capacidades de produción e de consumo simbólicos, estas mulleres tenden aínda máis a investir na adquisición de competencias lexítimas.

A partir dos anos 90 o interese polas relacións entre o comportamento lingüístico e o xénero recibe un novo pulo e insírese na interpretación da identidade de xénero como produto da diferenciación sexual das expectativas de conduta social.

Características asociadas á linguaxe das mulleres, como a súa maior inclinación polas formas normativas, a maior predisposición ao cambio de lingua baixo o criterio de cortesía, ou a maior preferencia polas variedades de prestixio formarían pezas da construción ideolóxica da identidade feminina.

Antes de entrarmos a analizar os datos sociolingüísticos de Galicia desde a perspectiva de xénero, é interesante lembrar un escrito de García Barros que se remonta ao ano 1930 (Sanmartín, 2002):

«Vexamos antes porque non-o adoitan:

En primeiro lugar porque imposto o castelán e tendo que utilizarse oficialmente, a muller, sempre da banda do que impera, cre hastra de bo tono o adoitalo. En segundo, que vexetando n'un ambiente castelanizado, anque sinta agarimo pol-a fala nativa, ve nas suas relacións poucos exemplos que imitar, e síntese domeñada por íse parvo medo ó ridículo. En terceiro porque sendo o linguaxe do pobo rural e da crase obreira, as mulleres das crases de mais arriba, ou que se cré pereñecente a elas, sinte o prurito de non confundirse, o que se fegura conseguir producíndose en castelán. Isto derradeiro sucede maiormente, nas familias procedentes dos antigos pazos ou casas señoriales e na respectable crase de novos ricos que padecemos».

Queda claro a través desa lectura que a principios de século existía unha reflexión acerca da maior tendencia a usaren o castelán por parte das mulleres.

Nos últimos anos da ditadura franquista comezaron a realizarse os primeiros estudos macrosociolingüísticos sobre a situación en Galicia. Un deles, publicado en 1970 foi o Informe Foessa que achegaba datos sobre competencias, usos e actitudes lingüísticas das amas de casa galegas. Entre os resultados máis salientables destacaban as actitudes negativas cara ao galego. Unha mostra delas era que só o 49% consideraba necesario que os seus fillos falasen galego, fronte ao 87% das amas de casa catalás.

2. A perspectiva de xénero nos estudos anteriores ao *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*

De acordo coas consideracións anteriores, cabería esperar que os estudos sociolingüísticos máis recentes tratasen o papel do xénero no proceso de retroceso xeral do galego, mais o certo é que nin o Mapa sociolingüístico de Galicia'92 nin outros estudos realizados durante a década dos 90 lle concederon importancia á cuestión, pois

daquela o centro da atención estaba noutras variables que presentaban relacións estatisticamente máis significativas (caso, por exemplo, da idade).

Con todo, e malia non seren cuantitativamente avultadas, as diferenzas referidas á variable lingua habitual (figura 1) reflectían un maior uso monolingüe do castelán (+5,5 puntos), un menor uso do galego na súa opción bilingüe (−5,2 puntos) e unha cifra de galegofalantes (só galego+máis galego) globalmente inferior entre as mulleres (−5,2 puntos).




Figura 1. Diferenzas por xénero na variable lingua habitual. Fonte MSG-92

Na parte dedicada ás actitudes tamén se podían atopar datos interesantes, como os referidos á valoración da desgaleguización interxeracional. A conduta dos pais galegofalantes que falan cos fillos castelán resultou peor valorada por parte dos varóns que entre as mulleres (nunha escala do 1 ao 5, a diferenza supuña 0,23 puntos).

De volta ao terreo dos usos, o menor emprego do galego entre as mulleres constatouse tamén no Censo de Poboación e Vivendas de 2001. Tal e como indica a figura 2, en todos os grupos de idade a porcentaxe de uso monolingüe do galego é máis baixa nas mulleres. Nos tramos de 25 a 49 anos as diferenzas aumentan conforme descende a idade (acadan preto de 8 puntos porcentuais), mentres que nos máis novos tenden a reducirse.




Figura 2. Actitude cara á desgaleguización interxeracional. Fonte MSG-92




Figura 3. Uso monolingüe do galego na pirámide de poboación.
Censo de Poboación e Vivendas 2001

En 2003 o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega publicou un estudo sobre actitudes lingüísticas na mocidade. Nel utilizábanse diferentes metodoloxías, entre elas o *matched-guise*, consistente en investigar as actitudes latentes enmascarando o obxectivo real da investigación.

Aos mozos e mozas participantes indicábaselles que se estaba a pilotar un concurso que se pretendía poñer en marcha nunha emisora de radio. escoitaban 16 voces (8 de home e 8 de muller) de persoas comprendidas entre os 24 e os 34 anos de idade. Catro desas voces pertencían ao mesmo home e á mesma muller respectivamente, que se expresaban en «galego sen acento galego» «galego tradicional-estándar» «castelán con acento galego» e «castelán sen acento galego». O resto das voces pertencían a diferentes persoas e estaban distribuídas ao chou entre as catro variedades lingüísticas manipuladas.

A seguir, pedíaselles que puntuasen cada unha das voces escoitadas en referencia a 17 características persoais (intelixente, simpática, culta, atractiva fisicamente, digna de confianza, que ten sentido do humor, que ten interese en progresar, aberta, que ten confianza en si mesma, que acepta novos usos e costumes, xenerosa, capaz de dirixir, divertida, traballadora, orgullosa, fiel). Ademais, tiñan que sinalar a profesión á que poderían dedicarse e identificar o posible retrato nunha serie de 12 caras de mulleres e de homes.

Os resultados referidos ás características de personalidade indicaron a existencia de dous criterios clave para avaliar os falantes en cada unha das modalidades lingüísticas. Un primeiro criterio estaría baseado na oposición tradicional fronte a socialmente considerado de éxito, de modo que os falantes con acento galego recibían puntuacións altas nas características tradicionalmente ben consideradas, e puntuacións baixas nas características asociadas ao éxito social.

Un segundo criterio baseouse na oposición competencia social *versus* proximidade social, de tal xeito que os falantes sen acento recibiron puntuacións altas nas características asociadas á competencia, e puntuacións baixas nas características indicadoras de proximidade social.

En ambas as dimensións as mulleres obtiveron puntuacións máis polarizadas, o que confirmou que na avaliación da súa conduta lingüística incidían máis os estereotipos.

En relación cos estereotipos físicos, estes resultaban máis atractivos e interesantes nas variedades asociadas ao acento castelán, e menos nas asociadas ao acento galego. Os resultados apareceron de novo moito máis polarizados na avaliación das voces femininas, o que volveu indicar unha avaliación máis estereotipada da súa conduta lingüística. Por outra banda, non se atopou un estereotipo físico atractivo ou interesante asociado ás voces de mulleres galegofalantes, independentemente da fonética que utilizasen.

3. Os datos do MSG-04 desde a perspectiva de xénero

Para analizar o banco de datos do MSG-04 realizáronse exploracións estatísticas que estableceron o conxunto de variables sociodemográficas significativamente relacionadas coas variables lingüísticas. O xénero foi unha delas, aínda que a fortaleza da asociación foi en xeral reducida.

A distribución da lingua inicial segundo o xénero (figura 4) indicou que a maior diferenza se daba na proporción de monolingües iniciais en castelán, case 5 puntos superior nas mulleres. Ademais do anterior, a suma das opcións referidas ao galego reflectían unha adquisición inicial do galego menor entre as mulleres (-4,2 puntos).




Figura 4. Lingua inicial segundo o xénero no MSG-04¹

Na variable lingua habitual (figura 5) repetíronse as maiores diferenzas na categoría de só castelán, neste caso de preto de 8 puntos porcentuais. A cifra de uso global do galego, sumadas as respostas monolingüe e bilingüe, resultou 7,7 puntos inferior por parte das mulleres.

¹ O MSG-04 centrouse na poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos.





Figura 5. Lingua habitual segundo o xénero no MSG-04

Por outro lado, para sondar a posible incidencia do modelo sociolingüístico de xénero analizouse a relación entre o grao de uso do galego (suma das opcións só galego e máis galego), o xénero e a clase social (táboa 1). Os resultados obtidos coincidiron parcialmente co modelo. As maiores diferenzas entre homes e mulleres observáronse nos tramos de ingresos e estudos máis asociados á «clase traballadora»: 10,3 puntos nos ingresos comprendidos entre 420€ e 840€ e 15 puntos no grupo educativo de formación profesional.

Os datos referidos á lingua habitual segundo a idade e o xénero corroboraron a redución das diferenzas entre os máis novos (figura 6). Sería necesario un seguimento deste resultado para determinarmos se se está a producir unha redución da tendencia ou se, en cambio, o paso á idade laboral supón un aumento das diferenzas (tal e como se verá mais adiante, neste ámbito as diferenzas intensifícanse).

Táboa 1. Incidencia do modelo sociolingüístico de xénero en Galicia

	<i>Home</i>	<i>Muller</i>	<i>Total</i>
<i>Ingresos</i>			
De 250 a 420	39,3%	38,8%	38,9%
De 420 a 840	49,5%	39,2%	43,7%
De 840 a 1260	43,6%	38,8%	41,0%
De 1260 a 2100	42,2%	32,2%	37,6%
De 2100 a 2940	41,9%	31,9%	37,3%
Máis de 3000	31,1%	25,0%	28,5%
<i>Nivel de estudos</i>			
Sen estudos	81,6%	83,3%	82,6%
Primarios	64,8%	59,2%	61,7%
Secundarios obrigatorios	42,5%	33,5%	37,9%
FP	44,5%	29,5%	37,7%
Bacharelato	30,5%	25,1%	27,5%
Universitarios	31,2%	23,7%	27,2%

Figura 6. Lingua habitual segundo a idade e o xénero no MSG-04²

² Os datos figuran en medias, que oscilan entre o 1 (só castelán) e o 4 (só galego).

As diferenzas resultaron aínda máis avultadas na variable lingua do pensamento (figura 7), onde a escolla da modalidade monolingüe en castelán foi 8,6 puntos superior entre as mulleres.




Figura 7. Lingua do pensamento segundo o xénero no MSG-04

Polo que atinxe aos usos lingüísticos na familia (figura 8), as diferenzas reiteráronse en todas as interaccións. O menor uso do galego nas mulleres deuse ao falar cos fillos e as fillas, mentres que, paradoxalmente, os homes con quen menos galego dixeron falar foi coa parella.

No contexto escolar (figura 9), as maiores diferenzas atopáronse na lingua cos compañeiros, especialmente, de secundaria (0,20 puntos). Resultou tamén de interese a maior simetría entre os dous xéneros na lectoescritura.




Figura 8. Lingua coa familia segundo o xénero no MSG-04




Figura 9. Lingua na escola segundo o xénero no MSG-04

No grupo de idade máis novo (figura 10) mantivéronse as tendencias, aínda que as diferenzas por xénero foron máis reducidas.




Figura 10. Lingua na escola segundo o xénero no MSG-04 (15 a 24 anos)

As interaccións do traballo presentaron maiores diferenzas (figura 11), especialmente ao falaren cos compañeiros e cos subordinados. No primeiro caso chamou a atención o aumento do uso do galego entre os varóns, cun incremento de 0,13 puntos respecto á puntuación na variable lingua habitual.




Figura 11. Lingua no traballo segundo o xénero no MSG-04

4. Discusión

Os datos presentados permiten concluírmos que, malia non seren cuantitativamente avultadas, as diferenzas de xénero nos usos lingüísticos son reiteradas e consistentes co modelo sociolingüístico de xénero.

Cómpren novos estudos que analicen os usos lingüísticos desde a perspectiva lonxitudinal, co fin de aclarar a influencia que exercen neses diferenzas institucións socializadoras como a familia, o ensino ou o traballo. Tamén son necesarias achegas específicas ao ámbito do traballo, que axuden a aclarar as causas das importantes diferenzas constatadas nese eido.

Por outra banda, vista a maior incidencia dos estereotipos sobre o comportamento lingüístico das mulleres, son precisas intervencións normalizadoras que incidan na mudanza dos estereotipos lingüísticos vinculados ao xénero.

5. Referencias bibliográficas

Bourdieu, P. (1982): *Ce que parler veut dire: L'économie des échanges linguistiques* (París, Fayard).

Foessa (1970): «La comunidad regional», en *Informe sociológico de la situación social de España: 1261-1266* (Madrid: Fundación Foessa, Euramérica).

Instituto Galego de Estatística (2001): *Censo de poboación e vivendas 2001*. Disponible en: <http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206002002>

Labov, W. (1966): *The social stratification of English in New York City* (Washington: Center for Applied Linguistics).

Milroy, L. (1980): *Language and social networks* (Oxford: Blackwell).

Sanmartín Rei, G. (2002): *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)* (A Coruña: Espiral Maior).

Seminario de Sociolingüística/Real Academia Galega (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña, Real Academia Galega).

— (1995): *Usos lingüísticos en Galicia* (A Coruña, Real Academia Galega).

— (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia* (A Coruña, Real Academia Galega).

— (2003): *O galego segundo a mocidade* (A Coruña, Real Academia Galega).

— (2007): *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).

— (2008): *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II. Usos lingüísticos en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).

Trudgill, P. J. (1972): «Sex, covert prestige and linguistic change in the urban British English of Norwich», *Language in Society*, 1: 179-195.

Galego+non sexista: como e por que avanzarmos cara a unha outra representación de xénero na lingua

OLGA CASTRO VÁZQUEZ

Universidade de Vigo

Cada vez resulta máis frecuente ouvir falar de linguaxe non sexista. Como parte do avance dos movementos feministas na nosa sociedade, nos últimos anos véñense publicando guías con recomendacións para unha linguaxe non sexista e véñense desenvolvendo software para facilitar a súa aplicación. Isto materialízase, na práctica, en atopármonos nalgúns casos exemplos de uso desta linguaxe inclusiva na nosa vida cotiá. Porén, case á mesma velocidade escóitanse tamén comentarios con prexuízos e opinións descualificadoras sobre a linguaxe non sexista, que tanto poden materializarse en dicir que o asunto se reduce a unha cuestión do «politicamente correcto», como en sentenciar que o importante é acabar coas desigualdades salariais e coa violencia machista, e deixarse de leras lingüísticas.

Amais disto, no caso específico do galego, un idioma minorizado sobre o que se desenvolven políticas lingüísticas de cara á súa normalización, escóitanse tamén argumentos que reivindicán unha defensa do idioma (a secas) por considerala como a causa común e prioritaria que debería concentrar os esforzos de todas as persoas preocupadas polo futuro da lingua. Por extensión, achan contraproducente introducir nesta defensa outros debates como o do xénero, instando a que se adíe até termos avanzado na normalización.

Nesta conxuntura urxe un debate no que desde a perspectiva da lingüística feminista (disciplina con case corenta anos de investigación ás súas costas) se reflexione sobre por que e como é sexista o galego, e que consecuencias ten ese sexismo lingüístico na perpetuación da discriminación de xénero, partindo do papel tan importante que a linguaxe dos diferentes idiomas desempeña na nosa visión da realidade.

Constatado isto, resulta fundamental ir máis alá da simple denuncia da linguaxe sexista para afondar en como o galego pode deixar de selo e así avanzarmos cara a unha outra representación de xénero na lingua. Ao longo das últimas décadas téñense usado diferentes estratexias cuxa funcionalidade cómpre avaliar desde a perspectiva actual, como tamén cómpre coñecer e desenmascarar os argumentos falaces que desde grupos opoñentes se teñen difundido sobre estas estratexias en particular e sobre a linguaxe non sexista en xeral. Deste xeito estarase a contribuír á lexitimación dun galego non sexista que se converterá no instrumento de comunicación necesario para a sociedade igualitaria do futuro a que todas e todos queremos contribuír.

1. A categorización da realidade a través da linguaxe

A viraxe paradigmática na historia do pensamento occidental parella ás teorías postestruturalistas supuxo, entre outras cousas, a crítica das grandes metanarrativas e o cuestionamento de todo aquilo que se entendía como unha «verdade aprendida». A realidade obxectiva era unha desas verdades aprendidas que cumpría cuestionar e así afirmouse que da realidade só existe, de feito, a súa representación. O mundo do real réxese por cuestións que, lonxe de responderen a unha «orde natural» das cousas, responden a unha complexa rede de construcións baseadas en estruturas transitorias ás que se lles outorgan significados. Se, como afirma Stuart Hall, a cultura consiste en «significados compartidos» (Hall, 1997: 1), daquela tórnase necesario analizarmos como e onde se producen eses significados e a través de que prácticas culturais circulan. Unha desas prácticas culturais é sen dúbida a linguaxe.

Disciplinas como a sociolingüística, a psicoloxía cognitiva, a neurolingüística, a lingüística crítica, a análise crítica do discurso (e tamén a lingüística feminista) levan décadas pondo de manifesto o papel da linguaxe na categorización do mundo. As categorías (gramaticais) en que pensamos e falamos representan de certo xeito a realidade en que vivimos, e así as nosas mentes imaxinan a realidade a través da lingua (Hall, 1997: 3). Malia non existir unha correspondencia directa e unívoca entre a realidade e os signos empregados para denominala, a correspondencia si se produce entre os signos empregados para falar da realidade e as imaxes que se crean na nosa mente como resposta a tales denominacións (Bengoechea, 2004: 71). A linguaxe revélase entón como un poderoso configurador da realidade: a través dela reflíctese e transmítese o pensamento e a cultura, mais tamén se constrúe a identidade dos grupos sociais e das persoas. Cómpre así deixar de vela como un mecanismo con que describir de xeito «neutral» e «obxectivo» a realidade, para concibila como unha ferramenta con que se re-constrúe o mundo do real de acordo sempre a uns determinados valores.

Xa que logo, a suposta transparencia da linguaxe é unha falacia, e lonxe de seren neutras e obxectivas, a propia linguaxe e a propia gramática teñen unha función ideolóxica, xa que as representacións implícitas nas escollos gramaticais e lingüísticas consideradas correctas contribúen a re-producir as relacións de dominación. A ideoloxía deixa, pois, de verse como un filtro indesexábel polo cal as persoas perden a súa capacidade de rigor e de obxectividade, para concibirse agora como un conxunto de valores e crenzas compartidas por unha comunidade dada que conforman interpretacións e representacións do mundo de cada individuo (Sampedro, 1997). Xa que logo, a ideoloxía áchase xalundes.

Emporiso, aqueles valores que están naturalizados fican recollidos e prescritos nas propias gramáticas das linguas baixo a máxima de resultaren acordes á fluidez e á corrección gramatical. Lonxe diso, baixo o uso lingüístico representado como neutral e natural ocúltase en cada idioma a ideoloxía dominante (Althusser, 1965), a cal é dominante en sentido numérico por ser a compartida pola maioría da sociedade, mais tamén por apoiar os intereses das clases dominantes xa que, segundo o concepto de hexemonía (Gramsci, 1971), estes grupos converterán en hexemónica aquela representación do mundo que lles resultar beneficiosa. Ao ser dominante, esta ideoloxía tórnase omnipresente e, por esa razón, imperceptíbel. Posúe así un enorme poder para agocharse baixo o disfrace da neutralidade, da obxectividade, do sentido común e da non-ideoloxía, co agravante de que calquera valor ideolóxico é máis efectivo cando non se manifesta de forma explícita.

Isto favorece, ademais, que a ideoloxía dominante opere adoito a través dunha dinámica inconsciente, facendo que as persoas contribuíamos a perpetuar e ancorar aínda máis unha determinada visión do mundo e unhas relacións de poder na sociedade sen decatármonos de como estamos a ser «utilizadas» por eses valores dominantes. Aplicado á linguaxe, a forma de falar e escribir que se aprende como correcta responde tamén a esta ideoloxía dominante.

2. A linguaxe sexista

Como a lingüística feminista puxo de manifesto desde os anos 70, no tocante ao xénero a ideoloxía dominante converxe coa patriarcal. Así pois, o que se considera un uso normal, natural e neutro da linguaxe responde a unha visión do mundo sexista e androcéntrica: a linguaxe sexista preséntase como a linguaxe normal. En consecuencia, de alguén manifestar unha ideoloxía consciente, poderá ou ben adherirse aos presupostos dunha axenda patriarcal (reproducindo e lexitimando o sexismo) ou ben

aos dunha axenda feminista (adoptando estratexias a prol dunha representación igualitaria e simétrica de mulleres e homes)¹. Pola contra, se a ideoloxía opera inconscientemente, daquela esa persoa realizará unha lectura irremediabelmente patriarcal que lle fará perpetuar os valores dominantes na sociedade a que pertence (quizais sen sabelo e mesmo negándoo, amparándose en que simplemente está a actuar con obxectividade).

A suposta adscrición á non-ideoloxía implica xustamente adherirse á ideoloxía dominante e a proxectar, de forma intencionada ou non, a ideoloxía patriarcal a través dunha linguaxe sexista que exalta os logros dun só sexo, mentres que subordina e invisibiliza os do outro. O sexismo lingüístico decote converxe co androcentrismo, definido como a visión do mundo desde o punto de vista do home, ao que toma como medida das cousas e concibe como sinónimo de universal. Na linguaxe sexista que adoito se considera «normal» transmítense, así mesmo, estereotipos, crenzas e prexuízos sobre mulleres e homes, que reforzan os roles de xénero tradicionais e os tópicos sexistas. A este respecto, cómpre lembrarmos que os estereotipos funcionan como prescricións ideolóxicas para o comportamento de xénero que contribúen a manter a orde social e simbólica, desempeñando un papel vital na loita pola hexemonía (Talbot, 2003: 470).

En suma, a realidade constrúese, entre outras cousas, a través da linguaxe. A converxencia da ideoloxía dominante coa ideoloxía patriarcal propicia, para alén do dito, que o uso da linguaxe que se presenta como «normal» responda a uns valores sexistas e androcéntricos, grazas aos cales, como sostén María Xosé Queizán, «o sistema patriarcal lexitimou a través da lingua a hexemonía dun xénero sobre outro» (Queizán, 2008: 3). Manter estes usos sexistas supón un verdadeiro obstáculo no camiño cara á igualdade de xénero. Apunta neste sentido Pilar García Negro que o sexismo lingüístico:

é revelador de determinacións provenientes da ideoloxía dominante, nun funcionamento social dado, duns intereses económicos particulares e, digámolo xa, da pervivencia non inocente dunha visión androcéntrica e masculinista que non só é atavismo senón elemento funcional ao mantemento dun statu quo en que as mulleres deben seguir discriminadas a fin de o sistema rodar en condicións favorábeis para el propio. (García Negro, 2009: 169).

¹ A oposición entre ideoloxía patriarcal e feminista non debe concibirse de forma reducionista, senón tendo en conta que a súa materialización adquire graos diversos. Por exemplo, nun extremo da categoría ideoloxía patriarcal sitúanse aqueles comportamentos abertamente misóxinos, mentres que no outro extremo se achan aqeloutras actitudes sutilmente sexistas que a ideoloxía dominante ve «normais».

2.1. Cuestión de sexo ou cuestión de xénero?

Ao se presentar como verdade absoluta e única forma de organización posíbel, mulleres e homes aprenden a recoñecer o seu lugar na sociedade ao longo da súa vida e acéptana por igual. Prodúcese unha dominación consentida que fai que as mulleres decote acepten uns comportamentos discriminatorios para elas. Isto constitúe, sen dúbida, un proceso de «violencia simbólica» (Bourdieu, 1991), aquela forma de violencia non executada mediante a forza física, senón a través da imposición dunha visión do mundo, de categorías cognitivas e de estruturas mentais. A violencia simbólica é o traballo previo que asegura a adquisición de hábitos de comunicación e submisión dun determinado colectivo, axudando a aceptar como naturais unhas condicións de existencia intolerábeis que por seren acordes á ideoloxía dominante se presentan baixo a carauta do sentido común. En suma, tanto mulleres como homes aprenden por igual uns valores (os dominantes) que se presentan como neutrais, «normais» e «naturais», e que se van adquirindo de forma acrítica e inconsciente até o punto de seren aceptados como correctos tamén polos grupos discriminados:

O sexismo na linguaxe é unha forte violencia, mesmo se é aceptada pola maioría das mulleres. Os niveis de aceptación da violencia represiva patriarcal son altos. As mulleres, socializadas na norma lingüística patriarcal, entran voluntariamente na subordinación. (Queizán, 2008: 8)

Ver e sentir a discriminación que ao cabo lexitima a «dominación masculina» (Bourdieu, 2000) non é pois cuestión de pertenza a un ou outro grupo sexual, senón cuestión de con(s)cienca de xénero. Non resultan, por tanto, pertinentes aquelas recriminacións ás mulleres por non se decataren (elas, especialmente) das consecuencias nefastas que para a súa vida real ten a representación lingüística no nivel do simbólico. É máis, dalgún xeito estas afirmacións son unha forma de culpabilización das mulleres, en tanto que levan implícita a idea de as mulleres seren dobremente responsábeis da súa discriminación en tanto continúan a reproducir estes estereotipos.

A interiorización dos valores sexistas na linguaxe está tan ancorada que mesmo é doado constatar como persoas con conciencia e conciencia feminista (no sentido de estaren plenamente inmersas na loita pola igualdade de xénero) reproducen e perpetúan mediante a linguaxe fondas concepcións patriarcais. No monográfico da revista *Festa da palabra silenciada* dedicado a «O verbo patriarcal», Queizán reflexionaba:

Constatamos con preocupación que a integración das mulleres na sociedade e na esfera pública está favorecendo, como contrapartida, a asimilación da lingua masculina e a

perda de autonomía que si se está a lograr noutros eidos políticos, sociais laborais. [...] Moitas mulleres que se negan na lingua, non aceptarían facelo noutros espazos, maiormente o laboral. (Queizán 2008: 3 e 8)

3. O galego é sexista

A representación habitual de mulleres e homes na linguaxe do galego pode definirse como sexista e androcéntrica. Para debullar polo miúdo algunhas das súas materializacións, propoño partir da estilística feminista de Sara Mills (1995) e establecer así dous planos de análise: o nivel do discurso e o nivel da norma lingüística. Aínda que ambos os niveis interaccionan e se complementan en multitude de enunciados, resulta conveniente proceder ao seu exame de xeito individual.

3.1. Sexismo lingüístico a nivel do discurso

Existe un sexismo lingüístico relacionado coa actitude e comportamento de quen usa a linguaxe, cando utiliza a linguaxe para falar de mulleres e homes reproducindo os roles de xénero tradicionais e transmitindo prexuízos ou estereotipos. Este tipo de sexismo lingüístico pode existir en todas as linguas, xa que se localiza no uso (máis ou menos intencionado) que se fai da lingua ao transmitir uns determinados valores a través das expresións e puntos de vista que cadaquén «escolle» para falar do mundo. Ao haber posibilidade de elección, este sexismo funciona como un recurso (Mills, 2008) á disposición das e dos falantes cuxa adopción non é obrigatoria, no sentido de que non existen normas lingüísticas que estipulan o seu uso. En ocasións, este sexismo discursivo pode identificarse en palabras ou en expresións concretas, pero moitas outras veces o sexismo transmítese a través de determinados valores que non poden identificarse nun segmento textual concreto, senón que impregna o texto de valores intanxíbeis. Un xeito de poder identificar este sexismo, nun labor de des-aprendizaxe conducente a deixármolo de ver como o «normal», é aplicar a popularmente chamada «regra da inversión»: se tras «inverter» o xénero dunha construción lingüística o resultado é unha frase que non se diría por non resultar «simétrica», estase diante dunha expresión sexista e/ou androcéntrica.

Entre os usos máis habituais de sexismo a nivel do discurso, nunha listaxe que ha ser necesariamente incompleta², cómpre subliñar a constante **énfase no sexual para re-**

² Véxase Castro Vázquez (2010) para un repaso máis exhaustivo destas materializacións.

ferirse ás mulleres en comparación coa referencia aos homes na súa calidade de persoas. Isto queda reflectido por exemplo no titular «A UE decide hoxe se o seu presidente será un tecnócrata, un estadista ou unha muller» (*La Voz de Galicia*, 19/11/2009), acompañado no corpo da noticia dunha descrición en que se indica o perfil das tres persoas: «un tecnócrata europeísta sen demasiado carisma; un estadista mundialmente recoñecible, ou, sinxelamente, unha muller». Con este comportamento non só se dá a entender que no caso da muller (Catherine Ashton) a posibilidade de acceder ao cargo presidencial se deriva unicamente do seu sexo, senón que ademais se fomenta unha visión heteroxénea do home como persoa, fronte á muller homoxénea que só pode ser muller. Dun xeito máis sibilino, esta mesma actitude áchase na referencia profesional de «mulleres executivas» ou «mulleres arquitectas» fronte a «executivos» ou «arquitectos», marcando excesivamente as mulleres até o punto de relegar a importancia da súa capacidade profesional.

Tamén é habitual referirse aos homes mencionando os seus cargos profesionais ou co seu apelido, **mentres se reserva para as mulleres o seu nome de pía**, nun comportamento que as minoriza por incidir no aspecto máis íntimo, doméstico, coloquial e así relegar a un segundo plano a súa faceta de seres adultas, plenas, cidadás, profesionais. Enunciados como «Soraya foi a escollida por Rajoy» ou mesmo «Tourinho e María Xosé Caride» outorgan un trato de familiaridade e falta de respecto profesional cara ás mulleres, ao igual que o titular «Demi casa por terceira vez» (*La Voz de Galicia*, 26/09/2005) en referencia á prestixiosa actriz estadounidense Demi Moore.

Outro trato de familiaridade outórgao o uso do «**condescendente a**». É certo que en galego o artigo definido *a* ou *o* pode preceder a nomes propios para indicar proximidade e familiaridade. Con todo, ao que me refiro co «condescendente *a*» é ao uso do artigo (exclusivamente en feminino) referido a mulleres coas que non existe ningún tipo de proximidade, senón que alcanzaron cimas profesionais recoñecidas. Referencias do tipo «son cousas da Bugallo» ou «as artimañas da Merkel» supón un uso sexista da linguaxe ao engadir un matiz despectivo e restar recoñecemento profesional.

Amais, é moi frecuente **incorrer en enunciados que ocultan ou negan a capacidade de acción das mulleres**. Por exemplo, afirmacións como «ás mulleres concedéronlles o dereito ao voto» invisibiliza tanto a dura loita sufraxista como o feito de que tal dereito non é unha concesión, senón un dereito humano que se deriva da consideración das mulleres como cidadás. Igualmente, «Israel mata mulleres e nenos na súa ofensiva contra Gaza» infantiliza e ofrece unha imaxe de indefensión das mulleres, ás que equipara coas crianzas. Constitúe así unha actitude paternalista que mostra o home como un ser superior e protector co ser débil e vulnerábel que non se vale por si mesmo.

Igualmente frecuente resulta a **mención a roles «tradicionalmente» femininos que resultan irrelevantes** para o contido da acción, que deste xeito redundan nunha visión estereotipada dos papeis sociais de mulleres e homes. Expresións como «o exército israelí matou nenos e mulleres, algunhas das cales morreron na cociña ou nos dormitorios das súas casas» ofrece detalles non só prescindíbeis, senón que ademais inciden na perniciosa división entre o espazo público (masculino) e o doméstico (feminino). A mesma actitude agóchase tras expresións con que se educa hoxe en día as crianzas como «os nenos tamén teñen que axudar na casa» (no canto dun máis preciso e desexábel «os nenos teñen que compartir as tarefas da casa»), fornecendo pistas que na vida adulta serán outras (as que hoxe son nenas) quen teñan que ocuparse da casa. Iso si, coa «axuda» deles.

Outro exemplo moi habitual de sexismo no nivel discursivo consiste en **relacionar a muller cun home cando ela é a única protagonista da acción**. Ao enunciado decote empregado de «a muller do veciño» (para referirse á veciña), súmanse todos aqueles en que cando se está a falar dunha muller se menciona, inevitabelmente, de quen é nai, esposa, irmá ou noiva, ou mesmo se ofrecen detalles sobre a personaxe secundaria de xeito que acaba eclipsando o protagonismo das verdadeiras suxeitas do enunciado.

Por último, no que quizais sexa o comportamento máis frecuente, no caso das mulleres dáse unha alusión continua á súa roupa ou, máis aínda, aos seus trazos físicos (con frecuencia desde unha ollada masculina) até as converter en obxectos erotizados. Esta tendencia resulta tan habitual que para percibila abonda unha escoita atenta a practicamente calquera conversa ou de forma especial aos medios de comunicación, onde a erotización é maior, se cabe, coas mulleres do mundo do espectáculo, do deporte e da política (abonda lembrar as veces que, a finais de 2009, se fixo referencia á aparencia «fea» da ministra de relacións exteriores da UE, Catherine Ashton).

Pondo por xunto todos estes exemplos, desvélese claramente o seu trazo compartido: de lles aplicar a lei de inversión e inverter os papeis de xénero, evidénciase facilmente que o trato outorgado ás mulleres non se repite de ser o suxeito das accións masculino.

3.2. Sexismo lingüístico a nivel da norma lingüística

Un segundo tipo de sexismo opera a través de fórmulas normativizadas mediante regras lingüísticas que gramaticalizan a diferenza sexual na linguaxe. Este sexismo é máis inherente á linguaxe e ás regras lingüísticas propiamente ditas e, en consecuencia, materialízase de xeito diferente segundo as normas gramaticais de cada lingua (véxase Hellinger e Bussmann, 2001 para unha visión panorámica por diferentes linguas).

No galego, a diferenza sexual está gramaticalizada mediante o xénero lingüístico, de forma que cando o referente da acción son persoas, os substantivos tenden a organizar o seu xénero gramatical atendendo a principios semánticos³.

Consecuentemente, **o uso sistemático do xénero gramatical masculino** (semanticamente ligado aos homes) para facer referencia a colectivos mixtos, de sexo descoñecido ou integramente femininos constitúe unha das principais normas lingüísticas a través das que se contribúe á invisibilización das mulleres. As razóns que conduciron a gramaticalizar o masculino no valor xenérico responden a razóns ideolóxicas que teñen que ver coa forma de organización social dominante cando se crearon as academias das linguas. Coa creación das institucións lingüísticas, os grupos poderosos que tomaban decisións na esfera pública sentenciando que unha lingua (como o galego) non debía falarse no seu propio territorio, tamén decidían que o masculino era o xénero universal (ao cabo, eran grupos compostos unicamente por homes, até certo punto semella lóxico que non lles soase ben referirse a eles en feminino).

Segundo o recentemente finado Álvaro García Meseguer (1994), o masculino xenérico non sería sexista porque neste caso o masculino tería un valor epiceno (como teñen *vítima* ou *ser humano*), e así exhorta as mulleres a se sentiren incluídas no masculino. Tratando de demostrar este suposto valor xenérico do masculino, o autor pregúntase quen sería a inxenua da alumna que non asista a un exame anunciado no taboleiro nun aviso con que se convoca a todos os alumnos: «Si una alumna no se presenta al examen por estimar que el aviso tan sólo concernía sus compañeros varones, ¿cuál sería la reacción del profesor? Sin duda, ella o él suspendería a la alumna por estúpida» (García Meseguer, 1994: 77). No entanto, cómpre preguntarse que reacción debería ter esa mesma alumna se noutro recanto do taboleiro vise un anuncio en que se anuncia «búscase compañeiro/a de piso», que é sen dúbida a fórmula máis habitual de indicar nos anuncios que se aceptan tanto rapazas como rapaces. Ou cómpre preguntarse tamén se o feito de ter que se ver incluída no masculino «alumnos» lle serviría como argumento para poder acudir indistintamente aos aseos de mulleres e de homes

³ O feito de que se lle atribúa xénero gramatical masculino ou feminino tamén aos obxectos inanimados conduce á lingüística tradicional a afirmar que en linguas como o galego o sexo non equivale ao xénero, e que en consecuencia a representación do xénero nas linguas gramaticais non garda relación coa vida real. Aínda que efectivamente os obxectos teñen xénero feminino ou masculino, cómpre non esquecer que o que aquí se está a tratar é a representación na linguaxe de mulleres e homes. E a este respecto, cando en galego se quere facer referencia a mulleres úsase o feminino e para homes o masculino, coa única excepción dos epicenos (palabras cun xénero gramatical determinado e invariábel capaces de designar a seres de ambos os sexos como *a vítima*, *a persoa*, *a xente*, *o ser*, *o individuo* etc.).

segundo lle resultar máis conveniente. As contradicións son obvias e, xa que logo, o masculino xenérico obriga as mulleres a desenvolveren unha dupla identidade sexolingüística (Moreno, 1993: 31) para discernir cando están ou non incluídas nunha frase en masculino. Por iso Xiana, a protagonista de *Boas Noites* de Paula Carballeira replícalle ao Pedro Chosco cando este lle di que o seu traballo é ir de noite polos cuartos dos nenos: «Pois eu son unha nena!» (Carballeira, 2007: 29).

En calquera caso, se o masculino non é epiceno é porque por definición os epicenos inclúen sempre a persoas de ambos os sexos, sen ambigüidade, mentres que o masculino xenérico ou a palabra *home* son moi ambiguos, pois unhas veces inclúen só os homes e outras veces débese entender que, supostamente, inclúen mulleres e homes. Ao preguntar «cantas vítimas sofren ataques racistas?» sábese que contestar (logo, *vítima* si é un epiceno). Mais ao preguntar «cantos tíos ten Lois?» non é posíbel saber se a referencia é aos homes, mulleres ou a uns e outras a un tempo (logo, o masculino xenérico non funciona como epiceno). En definitiva, a consecuencia máis perniciosa do masculino con suposto valor xenérico é que a invisibilidade das mulleres non se limita a un plano estritamente lingüístico, senón tamén cognitivo, pois conducen moi maioritariamente a unha representación mental masculina, como numerosos estudos levan décadas a constatar (véxase a modo de repaso en Hellinger e Pauwels, 2007).

Por todo o anterior, o masculino específico é perfectamente válido para facer referencias a homes, pero o masculino «xenérico» (o que se usa para facer referencia a ambos os sexos, a un sexo descoñecido ou mesmo ao sexo muller) constitúe un comportamento lingüístico e social sexista. De aí que cumpra refugar de enunciados como «O lector galego é muller, nova e universitaria», ou «Os usuarios das oficinas de I+B esixen ao Goberno que non desmantele os servizos» (sendo maioritariamente usuarias), «Vivamos como galegos» (de pretender realmente incluír tamén ás galegas), a interxección «Benvido» que ofrece Windows ao acendermos a computadora, ou o titular «Os adolescentes teñen dificultades para identificar as agresións machistas» (*Xornal*, 22/11/2009), en que se oculta se as adolescentes tamén están incluídas, o cal resulta sumamente relevante á hora de pór en marcha medidas correctoras⁴. A práctica do masculino con suposto valor xenérico chega a producir situacións comunicativas absurdas en que (mesmo contradicindo as regras da gramática) se utiliza un masculino cando o suxeito da acción son exclusivamente mulleres. Sirva de exemplo a infor-

⁴ Quizais a ambigüidade sexa a razón pola que esa mesma nova (asinada pola axencia EFE) se titule noutro rotativo castelán «A las jóvenes les cuesta identificar las agresiones machistas» (*Diario Información*, 23/11/2009), aínda que seguido dun corpo no que de novo se fala de «los jóvenes».

mación publicada a partir dunha nota de prensa enviada pola ONG Implicadas/os no desenvolvemento na cal se informaba dun encontro en que participarían expertas (cuxos nomes se especificaban na nota) e dúas traballadoras (anónimas)⁵. A charla recolleuse nunha sección de «Axenda» anunciando que «A onegué Implicadas no Desenvolvemento celebra esta tarde unha mesa redonda no Museo Histórico de Sargadelos sobre a explotación das mulleres no sector téxtil en Galicia e nos países do Sur. Participarán expertos e traballadoras» (*La Voz de Galicia*, edición da Mariña, 10/03/2007). De acordo coas expectativas de xénero, mentres que as tres expertas identificadas con nomes e apelidos se tornan «expertos», consérvase o feminino para as «traballadoras», malia que os seus nomes non aparecen recollidos na nota.

Dun xeito máis claro, a utilización da voz *home* para nomear unha persoa «xenérica» (como «o home prehistórico», «os dereitos do home», «o mellor amigo do home» etc.) é claramente invisibilizadora. O mesmo ollar androcéntrico é o que dá lugar a enunciados como «solicite un duplicado para a súa esposa e fillos», «abono familiar para marido e cónxuxe» ou «os membros do Parlamento e as súas esposas». Todo isto proba, canto ao xénero, como a función ideolóxica da gramática é a de manter as relacións de dominación.

Alén do xénero masculino con suposto valor xenérico, tamén a **concordancia gramatical** está marcada polo sexismo, xa que a existencia dun só elemento masculino na frase é suficiente para que rexa a concordancia. A consecuencia gramatical de aceptar o masculino como a norma é a frase «dúas mil mulleres e un rato baixaron ledos pola rúa».

O xénero gramatical feminino, que alude ás mulleres, preséntase como **derivado do masculino**, como xa se aprende desde a infancia nos libros de texto que ensinan a «formación do feminino» a partir do masculino (en lugar de mostrar a formación dos dous xéneros a partir do lexema radical da palabra). En coherencia, os dicionarios tratan o feminino cun status de dependencia do masculino ao incorporaren as definicións das palabras baixo entradas como «nenos,-a», comportamento que por outra parte torna en falaz a súa suposta orde alfabética.

O sexismo tamén se atopa nos chamados **falsos pares ou duais aparentes**, isto é, pares de palabras que reservan un diferente significado segundo figuren en masculino

⁵ Documento interno elaborado por min mesma como xornalista voluntaria nesta organización e que actualmente está inaccesíbel na rede.

ou en feminino, tendo no caso do feminino unha connotación pexorativa ou sexualizada. Mostra destes pares son *gobernanta/gobernante, home público/muller pública, frío/fría, solteirón/solteirona, fulano/fulana* etc.

No que será xa o último exemplo con que pechar esta listaxe, cómpre destacar os **baleiros lexicais** como outro tipo de sexismo lingüístico. Estes baleiros refírense ás palabras inexistentes en feminino, de xeito que se fracasa en ofrecer un vocabulario axeitado para denominar algunhas das experiencias vitais propias das mulleres, que teñen que se veren incluídas nas referencias lingüísticas androcéntricas. Un exemplo moi claro constitúe a carencia de nomes de profesión en feminino para designar as profesionais que desempeñan unha actividade tradicionalmente reservada aos homes. As reticencias sociais e lingüísticas á incorporación de vocábulos en feminino (*albanela, árbitra, xuíza, chancelleira, pilota, bedela* ou *soldada*) son destacábeis, e así orixínanse enunciados como «unha soldado natural de Lugo morre nun atentado en Shindand» (*Galicia Hoxe*, 21/02/2007)

No entanto, de aplicar a lei da inversión descóbrease que cando non hai formas masculinas para unha profesión tipicamente feminina que comeza a ser desempeñada por homes, axiña se introduce un novo termo para os englobar. Na actualidade fálase de *enfermeiros*, cando o setenta por cento das e dos profesionais son mulleres.

Dependendo do caso, cando unha profesión tipicamente feminizada comeza a ser desempeñada por homes tampouco hai reticencia en utilizar o masculino para darlle máis prestixio ao labor feito por homes. Así, fálase de *modistos*, malia que a terminación *-ista* é neutra en galego e, por tanto, podería dicirse *o modista*, igual que *o xornalista* ou *o pianista*. O *Gran Dicionario Xerais da lingua* (2001) recolle a flexión de xénero «modisto, -a» nos seguintes termos:

MODISTO, -A s. 1. Persoa que fai ou que diseña modelos orixinais de alta costura. // **s.f. 2.** Muller que se dedica a coser ou facer pezas de roupa, creando ou non os propios modelos; costureira.

Repárese na reserva dunha segunda acepción só en feminino, de tal xeito que para marcar sen lugar a dúbidas que pertencen á alta costura, acábase usando o masculino *modisto* incluso para elas.

Quizais buscando este uso, na nova edición deste dicionario (2009) variáronse as definicións e incluíronse dúas entradas diferenciadas. Fronte á primeira en feminino definida como

MODISTA [mɔ'ðistɔ] s.f. **1.** Muller que se dedica a coser; costureira. **2.** Muller que amaña pezas de roupa; costureira. **3.** Muller que diseña pezas de roupa.

a segunda entrada define «modisto -a» como

MODISTO -A [mɔ'ðistɔ -a] s. Persoa que fai ou que diseña pezas de roupa.

En todo caso, as reticencias á feminización de palabras para indicar a presenza de mulleres xustifícanse en ocasións pola confusión que crea a coincidencia da palabra en feminino cun substantivo abstracto (fronte a *o músico* home, coexisten *a música* muller e *a música* arte). Emporiso, cando á inversa son os homes os que se incorporan a un traballo tradicionalmente realizado por mulleres, e a profesión en masculino coincide cun substantivo xa existente, ese solapamento non xera confusión ningunha. Así, fronte ás *caixeiros* mulleres, *os caixeiros* homes e *os caixeiros* expendedores de cartos conviven en perfecta harmonía. Case podería chegarse á conclusión de que a única ocasión en que non se poñen trabas á feminización de palabras é cando estas van utilizarse para insultar, e de aí a infinidade de usos como *rañica*, *galiña*, *caguña*, *rabecha*, *pelanas*, *queixica*, *mixiricas*, *choromica*, *balcroca*, *medicas*, *larafuzas*... entre moitos outros.

3.3. Da evidente misoxinia intencionada ao sutil «descoido» inconsciente

En todos os casos pódese incorrer nun uso sexista da linguaxe en diferentes graos, de forma máis explícita ou máis sibilina, respondendo a unhas intencións máis claras e conscientes ou a un comportamento máis ben inintencionado e inconsciente. Ora ben, que non haxa intención ou non responda a unha actitude consciente non o fai menos pernicioso, pois con ese sexismo lingüístico estase igualmente a contribuír a unha determinada reconstrución da realidade na que se afianzan e ancoran os valores patriarcais dominantes e hexemónicos.

Tocante ao plano do discurso, o feito de que a nivel discursivo o sexismo non se poida sistematizar (por non responder a regras estábeis da linguaxe, senón ás escollas concretas de cada interacción comunicativa) pode tornalo difícil de identificar, agás naquelas situacións en que se transmiten de forma moi explícita eses contidos de xénero misóxinos. No entanto, cómpre termos presente como o avance dos feminismos nas últimas décadas tivo un impacto na natureza mesma do sexismo, que agora se ve na obriga de agocharse baixo formas máis indirectas e sutís e de manifestarse ao nivel da suposición, da ironía ou do humor.

Respecto á norma lingüística, a este nivel o sexismo lingüístico si se pode sistematizar, e iso podería facer pensar que *a priori* resultase máis doado de identificar. Porén, esta suposta facilidade tropeza con argumentos que aínda descansan na suposta obxectividade da norma lingüística, e que fracasan estrepitosamente en ver o carácter ideolóxico da gramática cando se trata de analizar a cuestión de xénero. Como teño demostrado noutros traballos respecto do comportamento lingüístico de profesionais da tradución (Castro Vázquez, 2009 e previsto 2010) e dos medios de comunicación (Castro Vázquez, 2007), prodúcese un rechamante contraste entre a importancia que se lle outorga á linguaxe para alentar unha ou outra reconstrución significativa por parte da audiencia (coa utilización de eufemismos como «redistribución de recursos humanos» ou «danos colaterais»), e a oposición férrea a erradicar a utilización dun masculino con suposto valor xenérico claramente invisibilizador da metade da humanidade. En definitiva, se xa no nivel do discurso en ocasións resulta difícil discernir o sexismo porque se ve como «normal», o feito de que no nivel da norma lingüística o sexismo estea gramaticalizado e tan afianzado e aprendido como obxectivo podería tornar aínda máis difícil a concienciación social.

4. Por que unha linguaxe non sexista?

O que todos os exemplos anteriores veñen a demostrar é que o uso lingüístico habitual que se fai do galego nin reflicte nin constrúe satisfactoriamente a realidade. Así, a linguaxe «normal» reflicte mal a realidade porque usa masculinos para se referir ás mulleres e porque mentres o mundo avanza (engorde) cara á igualdade, a través da linguaxe torpedéase ese avance afianzando os estereotipos de xénero máis tradicionais. Xustamente por iso, se a construción satisfactoria da realidade á que se desexa ir é a dun mundo en igualdade, a linguaxe «normal» é claramente un atranco que aliena as interlocutoras, as coloca nun papel secundario nas relacións humanas, as obriga a desenvolveren unha dobre identidade sexolingüística con que discernir cando un enunciado en masculino tamén se está a referir a elas, así como as fai verse a elas mesmas dun xeito estereotipado ou negativo (o cal inflúe abofé nas expectativas sociais que teñan sobre as súas vidas).

Partindo de que todo é ideoloxía e de que non existe a obxectividade (o «normal» é patriarcal), de non tomar conscientemente unha decisión a prol dunha linguaxe non sexista, estarase a favorecer unha linguaxe si sexista (quizais inconscientemente, quizais sen intención); pero que en calquera caso ten unha repercusión social polo papel que na construción da sociedade ten a linguaxe. Mais a linguaxe sexista, en canto

construción que é, pode cuestionarse abertamente como paso previo cara aos cambios conducentes a outra orde social.

Dáse así unha necesidade mutua entre as estratexias lingüísticas e sociais para o cambio global cara á igualdade. Mudar a lingua (nomear a realidade dun xeito diferente ao que se ve como «normal»), fará pensar sobre as implicacións do que se di e como se di, como un primeiro paso cara á concienciación e mudanza de actitudes sociais e a evolución das mentalidades. Ora ben, calquera cambio «lingüístico» por si só será inefectivo se non vai acompañado doutras políticas no terreo do social propiamente dito, porque só así a sociedade será receptiva aos cambios promovidos pola reforma lingüística, e só así estes cambios prosperarán para transformar os modelos de comportamento que actúan como organizadores inconscientes da acción. Mais, por outra banda, calquera cambio «social» para ser efectivo debe acompañarse de cambios lingüísticos, pois os cambios nas estruturas sociais necesitan un novo vocabulario e formas de expresión. O que a experiencia demostra é que non se pode dar por feito que un cambio social se vaia reflectir automaticamente na lingua, xa que na actualidade a sociedade está a mudar co acceso das mulleres a profesións que tradicionalmente están reservadas aos homes, mentres que a adopción de novas palabras para reflectir esta realidade só se logra –cando se logra– despois de loitas lingüísticas por parte dos movementos feministas que contan, polo xeral, coa férrea oposición das academias da lingua.

En suma, a implementación dunha linguaxe non sexista é de seu un asunto crucial para contribuír á igualdade social entre mulleres e homes. En palabras de Deborah Cameron, «a change in linguistic practice is not just a reflection of some more fundamental social change: it is, itself, a social change» (1990: 90). De aí que a necesidade dunha linguaxe non sexista fiquen recollida nos textos lexislativos aprobados a nivel europeo, estatal ou nacional. Por exemplo, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes establece no seu capítulo III, artigo 18, que «a Xunta de Galicia erradicará, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe no eido institucional, tanto fronte á cidadanía como nas comunicacións internas. Para estes efectos, informarase e formarase ao servizo das administracións públicas galegas. [...] Tamén procurará a erradicación do uso sexista da linguaxe na vida social e, para estes efectos, realizaranse campañas de sensibilización e divulgación pública».

Con todo, é xustamente por a linguaxe non sexista terse convertido nunha prioridade defendida a nivel institucional polos gobernos (cando menos, polos máis progresistas), que decote se escoitan opinións que a consideran unha moda que fica no terreo

do «politicamente correcto». Esa corrección política acabaría conducindo a unha linguaxe chea de eufemismos e regras lingüísticas esaxeradas coas que non ofender a «sensibilidade» dos colectivos minoritarios ou en situación de inferioridade social, e que se tentan impoñer até o punto de acabar coartando a liberdade de expresión de cadaquén. Cómpre, pois, insistir en que a linguaxe non sexista e a linguaxe politicamente correcta non consisten en absoluto na mesma cousa, e de feito ningún/ha feminista defendeu nunca a adopción da linguaxe non sexista por ser politicamente correcta nin para non ferir sensibilidades. Alén da inxente distancia entre a liberdade de expresión e a liberdade para discriminar contra outras persoas a través do uso de expresións sexistas, a razón de ser da linguaxe non sexista é representar e construír a realidade tendo en conta que esta é plural e está constituída por mulleres e homes.

Mais lonxe de ser a única, esta falacia do «politicamente correcto» forma parte en realidade dun contexto de hostilidade xeral contra os cambios a prol da igualdade que se adoptan a nivel da linguaxe. Estas actitudes hostís materialízanse moi especialmente en intentos de deslexitimar a funcionalidade e os obxectivos de cada unha das estratexias propostas desde a lingüística feminista, motivo polo cal as irei recollendo no momento de presentación destas estratexias na seguinte sección (véxase Castro Vázquez, 2008a, para un repaso e contraargumentación dos falsos mitos contra a linguaxe non sexista).

5. A linguaxe non sexista como instrumento de comunicación nas sociedades igualitarias: estratexias para un galego non sexista

Facer un uso non sexista da linguaxe non é unha tarefa doada, xa que supón mudar os mecanismos de representación que se achan na estrutura mesma do pensamento anquilosados no imaxinario colectivo patriarcal, e implica tamén rachar coa inercia do que se leva facendo, inconsciente e incuestionadamente, durante séculos. Isto é, obriga a desaprender o aprendido para reaprendelo.

5.1. Estratexias non sexistas no nivel do discurso

Neste primeiro nivel do discurso, en que o sexismo lingüístico está máis relacionado co comportamento ou actitude lingüística de quen fala, pór en práctica unha linguaxe non sexista implica exercer unha forte autocrítica que permita desenmascarar estes usos sexistas tan interiorizados e nos que adoito se incorre para así poder rexeitalos. Trataríase, daquela, de evitar destacar o sexual ao se referir ás mulleres, de avogar por un tratamento simétrico de apelidos e cargos, de refugar do «condescendente *a*» para

mulleres con que non hai familiaridade no trato, de rexeitar posicións androcéntricas no discurso sobre a realidade que oculten ou neguen a capacidade de acción das mulleres, de superar os roles «tradicionalmente» femininos que limitan e estereotipan a vida as mulleres cando non veñen ao caso, de se arredar de actitudes que sempre han mencionar a relación das protagonistas da acción con homes (cando esta relación é irrelevante para a acción) e diminuír, así, a contribución delas, e de evitar minorizar a capacidade profesional das mulleres, especialmente converténdolas en obxectos erotizados coa alusión accesoria e inoportuna aos seus trazos físicos ou á súa roupa.

5.2. Norma lingüística

Tocante ao nivel da norma lingüística, para superar o sexismo cómpre, primeiramente, ter moi presente como se gramaticaliza na linguaxe, para así poder esixir cambios como a orde verdadeiramente alfabética nos dicionarios, o uso realmente simétrico das formas de tratamento, a concepción tanto do xénero masculino como do feminino como xéneros gramaticais marcados que se forman a partir do lexema radical das palabras, outras regras de concordancia que non prioricen sistematicamente o masculino, a feminización de palabras alí onde se requira para superar os baleiros lexicais, ou estratexias que permitan evitar o masculino con suposto valor xenérico (reservando o uso do masculino unicamente para aqueles contextos en que o referente sexan homes).

Xa que logo, o feito de o sexismo estar gramaticalizado a nivel da norma lingüística, obriga a adoptar fórmulas máis complexas que permitan usar o masculino e o feminino de forma simétrica para nomear a/o referente sexual con precisión e sen ambigüidade. Isto é, estratexias lingüísticas alternativas ás normas dominantes que as gramáticas consideran correctas. Para asistir neste empeño, e en consonancia co importante papel que as lexislacións dos diferentes países lle outorgan á linguaxe non sexista no avance cara á igualdade de xénero, hoxe en día cóntase con guías de linguaxe non sexista en papel e tamén na rede, caso do blog *Sin Sexismos* que conta cunha sección dedicada ao galego en (<<http://sin-sexismos.blogresponsable.com/>>). Durante un tempo contouse tamén con ferramentas informáticas como a aplicación informática Exeria.net (<<http://www.exeria.net/>>), posta en marcha pola Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia a finais do ano 2008, mais que desde decembro de 2009 deixou de estar operativa.

Co propósito de axudar a ver as liñas en que poderían orientarse estas estratexias, propoño agrupalas arredor de cinco grandes grupos: a neutralización ou xeneralización, a feminización ou especificación, a creación de neoloxismos, a escolla en contrapunto e a linguaxe subversiva.

a) Neutralización ou xeneralización

A neutralización ou xeneralización consiste en substituír o termo sexista por un termo neutro ou xenérico para evitar especificar o xénero masculino de forma explícita cando o referente non só inclúe homes. Isto é, consiste en eliminar as formas e as marcas específicas de cada xénero (sobre todo en contextos en que saber o sexo do/a referente non resulta esencial), co obxectivo de que o termo xeral/abstracto acabe interpretándose como realmente neutro. Deste xeito, diríase *veciñanza* no canto de *veciños*; *mocidade* e non *mozos*; *persoal docente* contra *profesores*; *no congreso debaterase sobre* en lugar de *os deputados debaterán sobre...*; *o salario en Galiza é inferior a...* no canto de dicir *os galegos teñen un salario inferior a...*; *o persoal médico e a dirección* e non *os médicos e os directores*.

A neutralización pode levar a cambios na redacción. Tamén pode implicar substituír un substantivo masculino xenérico por un substantivo autenticamente xenérico ou epiceno (*persoa, persoal, equipo, colectivo, público, pobo, xente, crianzas...*) ou por un substantivo abstracto (*profesorado, estudantado, veciñanza, clientela, maxistratura, cidadanía, infancia, adolescencia*), ou por un substantivo metonimizado nunha actividade, profesión, ou lugar (*a dirección do centro, a redacción do xornal, as candidaturas, na Galiza actual*).

b) Feminización ou especificación

A estratexia da feminización ou especificación consiste en facer visíbeis na linguaxe os sexos mencionados mediante marcas do xénero gramatical explícitas e simétricas: se é unha muller utilízase o feminino; se é un home utilízase o masculino; se son muller e home menciónanse ambos os xéneros; e tamén ambos os xéneros de descoñecer o sexo das persoas mencionadas. Aproveitase, así, a sufixación do galego e doutras linguas con xénero gramatical para visibilizar os dous sexos de forma explícita e directa. Ora ben, para mencionar á vez masculino e feminino cómpre botar man de recursos como o uso de barras, parénteses, arrobas ou a duplicación dalgún termo da frase. Cada un destes recursos será máis ou menos adecuado dependendo do contexto.

A arroba @ ou a barra (/) permiten aforrar espazo. Exemplos actuais do seu uso son, por exemplo, o procesador de textos de software libre OpenOffice, que dá a benvida ao programa cun «Benvid@». No libro de poesía *Hai cu* (Xerais: 2007), o seu autor O Leo emprega adoito estes símbolos, caso do poema «filólog@s, saíamos do armario – pintadas no armario do baño», ou o poema titulado «Profilla un/ha filólog@», cuxos

versos din «El/a repasa as opos / ti aforras as pasantías / e ligades grazas a ‘galle’». Entre moitos outros exemplos, destaca o titular da portada «Tod@s a bordo», da publicación deportiva comarcal *A Gazeta Laranxa* (maio 2009)⁶ ou o titular «Conectad@s coa música», do portal de Culturagalega.org.⁷

Con todo, algunhas guías para linguaxe non sexista, como a recente *Breve guía para unha linguaxe non sexista da Universidade de Vigo* (2009), recomendan non usar en practicamente ningún caso esta grafía por non ter unha pronuncia asociada. Tal aseveración semella inoportuna e incoherente, pois a lingua está chea de signos sen pronuncia asociada (as parénteses, os corchetes etc.) que, malia iso, si resultan necesarios para engadir determinada información en contextos específicos. Así pois, a @ é unha nova grafía que pode servir á perfección para fornecer información de xénero.

A barra (/) está xa moi implantada na linguaxe administrativa e en formularios (*sinatura da/o titular, D/Dna, Nai/Pai/Titor(a)*), así como nos anuncios de traballo (*búscase camareiro/a, búscase cociñeiro/a*), onde moi maioritariamente se indican ambos os sexos para non deixar lugar á ambigüidade (no que constitúe, de seu, unha mostra de que cando interesa realmente que as mulleres se saiban incluídas, si se buscan fórmulas para evitar a imprecisión e o sexismo do masculino). Este uso comeza a agromar tamén nos medios de comunicación, e así por exemplo, na reportaxe «A cultura que virá» ponse en boca do editor Manuel Bragado: «Ese megaconselleiro/a que se ocupará de Educación, Cultura e Deporte con Política Lingüística dentro, iso si que é un xesto cara atrás» (*El País*, edición Galicia, 20/03/2009). Tamén na literatura máis recente, O Leo recorre ao uso de barras cando as @ non permitirían tirar sentido. Eis un exemplo do poema «Coma a un/ha irmá/n che falo»: «Es negro/a – Estou negro/a – We are black».

Como parte do contexto hostil contra a linguaxe non sexista, destas formas non sexistas dise adoito que entorpecen o texto e crean unha linguaxe antinatural. En materiais de referencia como o libro *Lingua galega. Criterios lingüísticos* afirmase tamén que «non debemos abusar dos recursos cos que conta a lingua neste sentido ou acabáramos empregando unha linguaxe antinatural e afastada da gramática» (Rodríguez e Dávila, 2003: 52). De xeito parello, a xa mencionada *Breve guía para unha linguaxe non sexista da Universidade de Vigo* (2009) deixa claro desde un comezo que o seu

⁶ Dispoñíbel en: <http://www.agazeta.org/inicio/images/stories/File/pdf%20aGaZeta/0047_agazeta.pdf>

⁷ Dispoñíbel en: <<http://www.culturagalega.org/mega/temadia.php?id=9857>>

obxectivo é «respectar as persoas sen violentar a lingua». Semella, pois, aínda moi necesario lembrar que a linguaxe non é un ente estático nin alleo ao uso e, daquela, por definición nunca pode ser natural nin ser violentada. Ao contrario, é unha construción humana, un constructo social e unha cuestión de hábito que responde ás necesidades de comunicación dunha sociedade, tempo e lugar determinado, e que, por tanto, muda.

O uso de parénteses () pode funcionar tamén como forma de especificación. É unha das estratexias decote empregadas pola rede social Facebook na súa versión galega, con mensaxes como «Observatorio da Mariña pola Igualdade confirmoute como amigo(a) en Facebook». O informe de erros de OpenOffice.org 3.0 utiliza tamén esta estratexia, comezando o cadro de diálogo coa mensaxe «Benvido(a) ao Informe de erros de OpenOffice.org 3.0».

Amais de usar símbolos como @, / ou (), un outro xeito de especificar é a duplicación de ambos os xéneros gramaticais cando se quere facer referencia a mulleres e homes. Cómpre salientar que a duplicación non consiste en repetir todas as palabras da frase con flexión de xénero concordadas con cadanseu xénero gramatical (o que desde logo sería pouco fluído). No que si consiste, porén, é en duplicar polo menos nunha ocasión as palabras para que mulleres e homes estean explicitamente mencionados de xeito que sexan visíbeis no plano cognitivo, na representación mental que facemos da realidade. Con frecuencia, adoita preferirse que se duplique o grupo nominal da frase, por ser o que máis poder evocador ten en crear unha imaxe mental determinada (*as nenas e nenos*), mais dependendo do caso pode ser apropiado duplicar o artigo (*as e os xornalistas*) ou o adxectivo (*profesionais cualificadas e cualificados*). Un exemplo fluído da aplicación desta estratexia é a canle EuFalo.tv, que aloxa un documental colaborativo sobre a lingua e recibe na súa páxina cun «Benvida, benvido a EuFalo.TV»⁸.

En moitos casos, a duplicación obriga a ter en conta dous aspectos. O primeiro é a orde de aparición dos elementos masculino e feminino. Mentres que a orde social dominante levaría a colocar sempre o masculino primeiro e o feminino despois, sería máis apropiado optar por outros criterios máis simétricos e xustos, como pode ser o alfabético. Deste xeito, diríase *nenas e nenos* ou *nenas/os*, pero *autor/a* ou *autor ou autora*. O segundo aspecto é a concordancia das estruturas léxicas e morfolóxicas que

⁸ Dispoñíbel en: <<http://eufalo.tv/>>

cómpre establecer entre o grupo nominal e as demais palabras da frase. Existe a necesidade dun criterio simétrico para estes casos e un deles (entre outros) pode ser o de proximidade co grupo nominal, pois este criterio é xa o aceptado pola norma académica e frecuentemente utilizado (cando o referente non son mulleres), como na frase *a miña casa ten teitos, paredes e portas brancas*. Así, diríase *mañá chegan as nenas e nenos indios*, pero *mañá chegan o autor e autora india*.

Contra a estratexia da duplicación posiciónase no contexto do castelán García Meseguer, cualificándoa de innecesaria, para alén de contraria á economía da linguaxe. Aínda así, o autor reconece a posíbel ambigüidade dalgúns enunciados en masculino (xenérico), e por iso recomenda que:

si se desea hacer referencia a varón sólo, sin incluir a la mujer, debe utilizarse un masculino específico, suma de un término masculino más otro que aluda a varón. Si se omite el segundo término, como ha sido norma tradicional hasta ahora, se cae en la rutina patriarcal sexista y se fomenta la ambigüedad en beneficio del varón [...] A medida que se generalice la incorporación de la mujer a la vida activa, el masculino genérico asimétrico dejará de ocultarla y la duplicación de género resultará innecesaria. (García Meseguer, 1994: 245-246)

A fin de contas, o que está a propor este autor é que se use o masculino para contextos xenéricos de mulleres e homes, o masculino específico para contextos que fagan referencia só a homes e o feminino para referirse ás mulleres. Alén da asimetría das súas propostas, e alén de seguiren a perpetuar a imaxe de que o masculino é a norma e o feminino o derivado ou secundario, a propia estratexia de converter o masculino específico (*deputado varón*) acaba sendo contraria á mesma economía da linguaxe en que se ampara para rexeitar a duplicación de masculino e feminino para contextos xenéricos.

Amais, a economía lingüística non é unha regra que estea sempre presente nas linguas porque, de feito, a linguaxe sexista é a primeira en non seguir o principio da economía da linguaxe. Así, non respecta a economía lingüística, nin é simétrico, utilizar o nome de pía diante do apelido para se referir a mulleres. Ademais, son frecuentes os enunciados como *muller soldado* ou *mulleres panameñas*, frases como *trinta inmigrantes e unha muller chegan ás costas*, ou exemplos como *mulleres arquitectas* e *mulleres executivas*. No entanto, non adoitan cuestionarse estas rupturas da suposta lei da economía lingüística, que mesmo incorren no sexismo nalgúns contextos pola insistencia innecesaria do termo muller.

Contra esta estratexia da especificación mediante a duplicación do feminino e masculino tamén ten habido reticencias que desaconsellan o seu uso por ser supostamente incoherente. Autores como Javier Marías teñen afirmado que «dicen los trabajadores y trabajadoras, pero lo cierto es que jamás siguen [coa duplicación] como estarían en la obligación de hacer» (en *EPS*, 13/07/2008). Cómpre aquí insistir en que a linguaxe non sexista busca unha representación da realidade máis simétrica en que mulleres e homes estean presentes, e dado que como xa apuntei iso pode conseguirse duplicando por exemplo o grupo nominal, non é incoherente seguir concordando todas as palabras. Resulta pois curioso que desde a oposición á linguaxe non sexista se lle atribúan a esta falsas obrigas que ningún/ha feminista reivindica, para logo cualificala de incoherente por non cumprilas.

c) Neoloxismos

A implantación dalgunha destas estratexias, e máis especificamente as alternativas contra os baleiros lexicais, poden conducir en ocasións á creación de palabras que até o momento non contaban co xenérico (*estudiantado*, *usuariado*, *funcionariado*) ou co feminino (*albanela*, *pilota*, *xuíza*, *chanceleira*, *árbitra*). Neste sentido, cómpre darlle a benvida a novos usos nos medios, como por exemplo na entrevista a María López titulada «Sufrimos as de ser árbitra máis as de ser muller» (*Vieiros*, 10/03/2009).

De novo, contra esta estratexia adoita dicirse que a linguaxe non sexista consiste en inventar palabras que soan fatal. Lonxe disto, en cada sociedade estanse a producir novas realidades para as cales se precisan novas palabras que as nomeen con precisión, como o caso de *bluetooth*, *software*, *friki*, *freelance*, *tuppersex* ou *dvd*. Nalgúns casos, mesmo se propoñen novas palabras para realidades xa existentes cando se quere engadir algún matiz moi específico, como pode ser a inclusión do termo *customizar* (do inglés *customize*) para referirse a un produto adaptado exclusiva e persoalmente a un cliente ou clienta determinada. Dáse, pois, expresión lingüística a novas formas de concibir a realidade sen ningunha reticencia. A mesma actitude sería esperábel, daquela, cando se trata de incorporar experiencias ou puntos de vista das mulleres que carecían de materialización na linguaxe por ser esta durante séculos unha construción androcéntrica. Neste sentido, falar de *albanela* ou de *árbitra* non tería, pois, que soar peor do que *customizar* ou *i-pod*.

d) Elección en contrapunto

Con este nome refirome á alternancia de xénero, pero de xeito que a escolla dun ou doutro sexa sempre resultado dunha lectura crítica previa en que se valora a pertinen-

cia de ambas as posibilidades (é dicir, que «contrapón» as dúas opcións) para así garantir que as eleccións sexan sempre equilibradas e simétricas. Dito doutro xeito, consistiría en escoller o masculino nun caso e o feminino noutro de forma que ambos os sexos estiveren equilibradamente representados (en lugar de usar sistematicamente o masculino invisibilizador das mulleres), mais sen caer na norma de reproducir este-reotipos comunmente asociados con cada un dos sexos como podería ser *os médicos e as enfermeiras*.

Elección en contrapunto é a que adoito realiza a condutora do *Diario Cultural* da Radio Galega, Ana Romaní. Por exemplo, nunha emisión recente daba a benvida ao programa dirixíndose á audiencia cun «Moi boas tardes. Se cadra son as lecturas máis imaxinativas, os lectores máis creativos, e quizais tamén as lectoras máis esixentes, por máis que a xeneralización sexa sempre imprecisa» (23/03/2009). Tamén noutros contextos se mostra funcional, como demostra Montse Pena nunha reportaxe titulada «Detrás do barco pirata». Na entrada fala de como a literatura infantil e xuvenil «procura superar as actitudes didactizantes que pexaban adoito a ficción para nenas e mozos», mentres que na páxina seguinte resalta nun destacado que «a literatura galega para nenos e mozas demostra que detrás do barco pirata hai todo un mar de significados» (*Protexa*, 6, primavera 2008)⁹.

e) Uso subversivo e chocante do feminino

Unicamente co fin de chamar a atención e cuestionar abertamente o uso «naturalizado» que se fai do masculino, en contextos determinados pode concibirse como estratexia o uso subversivo do feminino con función xenérica. Tal estratexia adóptaa por exemplo o escritor e activista Toni Lodeiro no seu libro *Consumir menos, vivir mejor* (2008) onde xa desde o prefacio advirte que adoita xeneralizar indistintamente en feminino e en masculino, para que cando alguén lea «nosoutras» non entenda que unicamente se refire ás mulleres, senón que se trata dunha xeneralización igual que cando dicimos «nosoutros» englobando homes e mulleres. Tamén destaca, con este mesmo uso xenérico, a sección «Autoras» na páxina web de Estaleiro Editora, na cal se inclúe a listaxe de autoras e autores (homes, na súa maioría) publicados¹⁰.

⁹ Dispoñíbel en: <<http://www.temposdixital.com/wp-content/uploads/2008/06/protexa06.pdf>>

¹⁰ Dispoñíbel en: <<http://www.estaleiroeditora.org/autoras.htm>>

5.3. Que estratexia escoller?

Cada contexto, tipoloxía textual, obxectivo de cada enunciado determinarán o tipo de estratexia a nivel da norma lingüística que resulta máis apropiada para cada situación comunicativa. Ademais, todas as estratexias presentadas non son mutuamente excluíntes, senón que poden perfectamente complementarse no mesmo enunciado.

O máis importante é que nesta avaliación e escolla se teña presente o obxectivo da linguaxe non sexista: que sen incorrer en sexismo lingüístico en sentido estrito, as estratexias adoptadas contribúan a que se pense no que se di e en como se di para, deste xeito, propiciar unha representación e construción mental da realidade en que tanto homes como mulleres estean presentes.

6. Por unha dobre causa común: galego+non sexista

Centrar o debate da linguaxe non sexista no caso do galego, en tanto que idioma minorizado sobre o que se desenvolven políticas lingüísticas de cara á súa normalización, obriga a ter en conta algunhas particularidades engadidas.

A primeira delas é a reticencia que (por riba de todas as outras xa abordadas) contra estas propostas de cambio amosan algún(ha)s axentes de planificación lingüística, considerándoas mesmo unha ameaza á linguaxe verdadeira e orixinal. Como apunta Baxter (2009), aseguran sentir a necesidade de avanzar con cautela garantindo a máxima «naturalidade» na terminoloxía nova para evitar a inseguridade lingüística e, en definitiva, a perda de falantes. En paralelo, escóitanse tamén argumentos que reivindicán unha defensa do idioma (a secas), máxime nos tempos que corren, como causa común e prioritaria que debería concentrar os esforzos de todas as persoas preocupadas polo futuro da lingua. Por extensión, achan contraproducente introducir nesta defensa outros debates como o do xénero e instan a que se adíe até ter avanzado na normalización (véxase Castro Vázquez 2008b).

Con todo, de ollarmos a situación desde unha mirada feminista, poderase constatar a dobre discriminación padecida por moitas falantes de galego, e que xa foi examinada por autoras como María Xosé Queizán ou Pilar García Negro (véxase Fente Parada, 2009 para un repaso). Unha das moitas materializacións desta dobre discriminación consiste en que sexa ás mulleres (e aínda máis, a aquelas máis novas) a quen con máis ousadía se lles di iso de que «a mí me hablas en castellano». Máis aínda, ante o feito constatado nos mapas sociolingüísticos de que menos galegas que galegos falan a

lingua propia, na súa campaña contra a violencia de xénero do 25 de novembro de 2008, titulada «Para, contra a violencia, recuperar a lingua»¹¹, o Servizo de Normalización da Universidade da Coruña fixo fincapé en denunciar como o discurso normalizador recolleu como preocupante este escaso emprego, implicitamente acusándoas de seren elas as culpábeis da perda interxeracional de falantes. En realidade, o menor uso do galego por parte das mulleres respondía, máis unha vez, á subordinación e opresión do sistema hexemónico patriarcal. Así sacaron á luz a violencia de as nenas seren privadas da súa lingua (non sendo criadas en galego na mesma medida que os seus irmáns, por exemplo), nun intento quizais de preparalas para cumprir mellor os papeis de xénero; e tamén a violencia de como, cando na vida adulta elas se atopan co papel secundario e desvalorizado que a sociedade lles depara, como estratexia de autodefensa contra a súa exclusión social moitas abandonan a lingua propia para se adecuaren ao modelo de prestixio (do castelán, neste caso).

Xa que logo, se se necesita fortalecer a lingua gañando falantes, a chamada a nos embarcar na causa común pola lingua necesita tamén desoutra causa (que tamén debería ser común) pola igualdade. Isto é, se as mulleres falan menos galego que os homes como consecuencia da discriminación de xénero, daquela cómpre atacar as verdadeiras raíces do problema para recuperar falantes. Por riba, dado que a realidade só existe a través da súa representación (moi especialmente) a través da linguaxe, a linguaxe sexista do galego que consideramos «normal» (por moito que decote se incorra nela de forma inconsciente e non intencionada) contribúe poderosamente a ancorar no imaxinario unha visión do mundo discriminatoria e a afianzar os valores hexemónicos da ideoloxía patriarcal. En definitiva, cun galego sexista foméntanse uns papeis de xénero discriminatorios para as falantes galegas, as cales como consecuencia desa discriminación abandonan o idioma propio para trataren de buscar acubillo no modelo de prestixio.

Darlle a volta á situación non debería resultar difícil, de contar coa necesaria vontade política. A planificación lingüística do galego pode ir perfectamente acompañada da planificación de xénero, pois ambos os tipos de planificación non son mutuamente exclusivos, senón complementarios. As políticas de planificación lingüística actualmente en marcha a prol da normalización do galego constitúen unha oportunidade inmillorábel para a implementación dunha linguaxe non sexista, pois «só» hai que incorporar a perspectiva de xénero nunha estrutura de dinamización e normalización

¹¹ Dispoñíbel en: <http://www.udc.es/snl/dinamiza_25_novembro.html>

lingüísticas que xa está creada. Así pois, o atopármonos na actualidade nun proceso de cambio é de seu un feito vantaxoso para a adopción de estratexias pro igualitarias con que non contan as linguas hexemónicas plenamente consolidadas. Del deberíamos ser capaces de sacar partido principalmente por dous motivos. Primeiramente, porque a condición de minorización do galego faría que a linguaxe non sexista teña unha importancia ideolóxica vital para o idioma (concebido agora como feito social en que se materializa a cultura dunha comunidade de falantes), xa que explorar criticamente a linguaxe sexista é un xeito de desnaturalizala, e iso invita a interrogar aqueles aspectos naturalizados de que se nutren outros mecanismos de opresión que afectan á nosa lingua, isto é, invita a examinar cuestións de dominación, de violencia simbólica, de hexemonía e de imperialismo lingüístico, explorando amais a relación entre as linguas subordinadas e as linguas dominantes respectivas. Mais en segundo lugar, porque favorecería un mundo máis igualitario que, á súa vez, melloraría a situación social das galegas que deste xeito non terían que recorrer a estratexias de autodefensa contra a súa exclusión social como o abandono da lingua propia. Aínda máis, poderen dispor do galego como lingua que as fai visíbeis e na que a súa representación é acorde a uns valores xustos, simétricos e igualitarios sería un enorme atractivo que, sen dúbida, faría decantarse a moitas galegas pola lingua propia.

A causa común pola lingua debe ser tamén a causa común pola igualdade. E é por iso que na encrucillada xénero/nación, cómpre escollermos... as dúas.

7. Bibliografía citada

Althusser, Louis (1965): *Pour Marx* (París: Maspero).

Área de Igualdade-Universidade de Vigo (2009): *Breve guía para unha linguaxe non sexista* (Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo). Dispoñíbel en: <http://extension.uvigo.es/contidos/documentos/igualdade/Breve_guia_para_unha_linguaxe_non_sexista.pdf>

Baxter, Robert Neal (2009): «A influencia das linguas dominantes no desenvolvemento de políticas de linguaxe non-sexista en linguas subordinadas: análise do caso galés» en *Revista Galega de Filoloxía*, 10: 39-58.

Bengoechea Bartolomé, Mercedes (2004): «La categorización masculina del mundo a través del lenguaje», en López Díez, Pilar (ed): *Manual de información en género*: 69-106 (Madrid: IORTV e Instituto de la Mujer).

Bourdieu, Pierre (1991): *Language and Symbolic Power* (Londres: Polity).

— (2000): *La dominación masculina* (Barcelona: Destino).

Cameron, Deborah (1990): «Demythologizing sociolinguistics: why language does not reflect society», en Joseph, John e Taylor, Taylor (eds): *Ideologies of Language*: 79-93 (Nova York: Routledge).

Carballeira, Paula (2007): *Boas noites* (Vigo: Xerais / Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais-Xunta de Galicia).

Castro Vázquez, Olga (2007): «Medios de comunicación e linguaxe non sexista: novas vías para a reforma sociolectal», en Álvarez Pousa, Luís / Puñal Rama, Ana Belén / Evans Pim, Joám (eds.): *Comunicación e Xénero. Actas do Foro Internacional celebrado en liña e en Pontevedra entre o 9 de outubro e o 25 de novembro de 2006*: 93-127 (Santiago de Compostela: Observatorio Galego dos Medios/Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia). Dispoñíbel en: <<http://www.observatoriodosmedios.org/foros/download.php?id=7>>

— (2008a): «Rebatendo o que outros din da linguaxe non sexista», *Festa da palabra silenciada*, 24 (Monográfico *O verbo patriarcal*): 39-49. Dispoñíbel versión traducida a castelán publicada en *Mujeres en Red*: <<http://mujeresenred.net/spip.php?article1734>>

— (2008b). «Galego non sexista: de necesidade utópica a posibilidade real», *Longa lingua*, 18: 20-31.

— (2009): «El género (para)traducido: pugna ideológica en la traducción y paratraducción de O curioso incidente do can a medianoite», *Quaderns Revista de Traducció*, 16: 251-264. Dispoñíbel en: <<http://ddd.uab.cat/pub/quaderns/11385790n16p251.pdf>>

— (2010): «La otra violencia en los medios de comunicación: una aproximación a la construcción discursiva de las relaciones de género», en Martín Lucas, Belén (coord.): *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal* (Barcelona: Icaria).

— (no prelo, previsto 2010). «Non-Sexist Translation and/in Social Change: Gender Issues in Translation», en Boérie, Julie / Maier, Carol (eds): *Translating/Interpreting and Social Activism* (Manchester: St. Jerome Publishing).

Fente Parada, Antom (2009): «Patriarcalismo político e lingüístico na Galiza: historia dumha dupla subordinación», *Altermundo.org*, 28/10/2009. Dispoñíbel en: <<http://www.altermundo.org/content/view/2747/402/>>

García Meseguer, Álvaro (1994): *¿Es sexista la lengua española? Una investigación sobre el género gramatical* (Barcelona: Paidós).

García Negro, María Pilar (2009): *De fala a lingua* (Bertamiráns-Ames: Laiovento).

Gramsci, Anthony (1971): *Selections from the Prison Notebooks* (Londres: Lawrence & Wishart).

Hall, Stuart (ed.) (1997): *Representation. Cultural Representations and Signifying Practices* (Londres: Sage).

Hellinger, Marlis / Bussmann, Hadumod (eds) (2001): *Gender Across Languages. The linguistic representation of women and men* (Amsterdam: J. Benjamins).

Hellinger, Marlis / Pauwels, Anne (2007): «Language and sexism» en Hellinger, Marlis / Pauwels, Anne (eds.): *Handbook of Language and Communication. Diversity and Change*: 651-684 (Berlín e Nova York: Mouton de Gruyter).

Lodeiro, Toni (2008): *Consumir menos, vivir mejor* (Bilbo: Txalaparta).

Mills, Sara (1995): *Feminist Stylistics* (Londres e Nova York: Routledge).

— (2008): *Language and sexism* (Cambridge: Cambridge University Press).

Moreno Marimón, Montserrat (1993): *Como se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela* (Barcelona: Icaria).

O Leo (2007): *Hai cu* (Vigo, Xerais).

Queizán, María Xosé (2008a): «O verbo patriarcal», *Festa da palabra silenciada*, 24 (Monográfico *O verbo patriarcal*): 3-10.

Rodríguez Rodríguez, Anair / Dávila Ventura, Montserrat (2003): *Lingua galega. Criterios lingüísticos* (Vigo: Universidade de Vigo).

Sampedro, Francisco (1997): *Ideoloxía e distorsión. Ensaio sobre o imaxinario ideolóxico* (Vigo: Xerais).

Talbot, Mary (2003): «Gender Stereotypes: Reproduction and challenge», en Holmes, Janet / Meyerhoff, Miriam (eds.): *The handbook of language and gender*: 468-486 (Oxford: Blackwell).

Un achegamento aos preconceptos contra o galego por parte das mulleres a través das súas palabras

AVIA GONZÁLEZ VEIRA

NURIA SEOANE BOUZAS

Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña

1. Obxectivo xeral do traballo*

O obxectivo xeral deste relatorio é achegármonos aos preconceptos contra o galego por parte das mulleres a través das súas palabras. Esta pequena mostra non pretende ser representativa de todas as mulleres do país, mais permítenos analizar as actitudes lingüísticas de mulleres de diferentes realidades que falan máis ou menos galego e tamén as actitudes que persoas do seu contorno teñen cara a elas por empregaren a nosa lingua.

2. Introducción

Os prexuizos lingüísticos son unha subclase de prexuizos e poden ser definidos como os xuizos de valor emitidos sobre unha lingua ou sobre os falantes dela co propósito de provocar o seu rexeitamento. Xa están rexistrados na Idade Media, cando se confrontaba o latín –lingua culta– cos romances ou linguas vulgares e no século XIX, coa aparición das defensas das linguas, coas polémicas e as disputas a respecto das bondades da lingua propia e das maldades da lingua veciña, translocen nalgúns casos

* O noso agradecemento ás persoas que forman parte do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, nomeadamente a Goretti Samartín e Marisol Ríos pola axuda que nos prestaron. Agradecemos tamén a axuda con que contamos por parte doutras persoas e, de xeito moi especial, a de Rosa Moreiras, técnica de normalización lingüística do Concello de Ames.

imperialismos lingüísticos e os prexuizos. Estes continúan a ter presenza no século XX e aínda na actualidade.

Na Galiza, os prexuizos lingüísticos fóronse conformando ao longo dos séculos, nun lento proceso de imposición e substitución lingüística que comezou hai centos de anos e dura até a actualidade, pois, como é de agardar, non é sinxelo mudar un pensamento que vén de tan antigo en pouco tempo.

Freixeiro Mato (2008) no seu artigo «Os prexuizos lingüísticos. Proposta de clasificación»¹ ordena os prexuizos arredor de seis eixos temáticos:

- Prexuizos relacionados coa suposta falta de utilidade do galego.
- Prexuizos que asocian o galego coa pobreza e co atraso.
- O uso do galego como sinal de descortesía ou mala educación.
- Prexuizos relacionados coa pretendida imposición do galego.
- A caracterización pexorativa do galego e a (in)competencia dos seus falantes.
- O galego como marca ideolóxica ou profesional.

Na nosa opinión, as mulleres que falamos galego estamos dobremente marcadas: dunha banda, por sermos mulleres e, doutra, por falarmos galego. Se existen prexuizos sobre as persoas que falamos galego, estes acentúanse cando se tratar de mulleres e, ao longo deste traballo, veremos como sobre elas actúan prexuizos lingüísticos específicos.

3. A variable de xénero

Nas situacións de contacto entre linguas, a distribución de cada unha delas en función do xénero adoita ser obxecto dunha especial consideración. Aínda que non existe consenso sobre o papel que xoga esta variable nos procesos de mantemento, recuperación e substitución lingüísticas, diferentes correntes de investigación amosan a maior propensión existente de cara a transmitirlles ás mulleres a lingua dominante. Segundo Bourdieu², a orixe desta peculiaridade sociolingüística baseada no xénero estaría na maior importancia que adquiren para as mulleres os elementos relacionados co capi-

¹ Publicado no xornal dixital da Confederación Intersindical Galega *Avantar* <<http://www.galizacig.com/avantar/opinion/3-6-2008/os-prexu%C3%ADzos-ling%C3%BC%C3%ADsticos-proposta-de-clasificaci%C3%B3n>>

² Bourdieu, P. (1982): *Ce que parler veut dire: L'économie des échanges linguistiques* (París: Fayard).

tal simbólico, e que nunha situación de contacto entre linguas se traduciría na preferencia pola dominante de cara á socialización das nenas.

4. Metodoloxía

A metodoloxía que utilizamos foi a da entrevista aberta. Escollemos esta porque ten como finalidade producir discursos dun xeito máis ou menos espontáneo e porque se lle dá a palabra á persoa entrevistada. Mentres que as técnicas da enquisa só permiten confirmar hipóteses, as de base conversacional abríronnos a posibilidade de descubriremos aspectos inesperados e non previstos cando exercemos de persoas investigadoras. Disto dedúcese que existen unhas certas previsións por parte da entrevistadora ou do entrevistador. Neste caso, nós acordamos certas preguntas para as realizarmos en todas as entrevistas mais logo individualizamos cada unha das entrevistas de acordo co perfil da muller con que iamos falar. Algunhas das ditas preguntas foron:

- a) Cal é a lingua en que aprendeu a falar?
- b) Cal é a lingua que fala habitualmente?
- c) Cando aprendeu a falar castelán e con quen?
- d) Cando aprendeu a falar galego e con quen?
- e) Con quen fala cada lingua?
- f) En que lingua le e escribe?
- g) Que lingua cre que se lles debería falar aos nenos? E ás nenas?
- h) Que lingua emprega para se dirixir á xente nova da aldea? E coa da cidade?
- i) Que lingua fala no traballo?
- j) Cal cre que é o papel do galego fóra das nosas fronteiras?
- k) Quen pensa que fala máis galego: os homes ou as mulleres?
- l) Que modelo de galego prefire?

Á entrevista aberta resérvase un papel moi específico na investigación sociolingüística, como é o de estudar os discursos de individuos arquetípicos/as, no sentido de tipo ideal ou de perfil que serve de exemplo.

5. Perfís das mulleres que entrevistamos

A. Cristina é unha moza de 30 anos que naceu nunha aldeña dun concello rural que agora está a medrar moito. Estudou formación profesional e actualmente vive nunha vila. Ten unha irmá dous anos máis nova ca ela e, canto á lingua, as dúas viviron unha

situación semellante. De pequenas, cando ían á escola á vila, falaban moito máis galego que castelán mais, para se dirixiren á maioría das profesoras, utilizaban o castelán. Porén, cos compañeiros e compañeiras, falaban practicamente sempre en galego posto que, naquela hora, a maioría do alumnado dese colexio era galegofalante.

Na casa, seus pais e avós falábanlles en galego e o que escoitaban no seu contorno era tamén galego. Hoxe en día, falan moito máis galego que castelán, sobre todo Cristina, a máis vella, quen se queixa de que no seu traballo ás veces non llo permiten falar.

Fala sempre galego menos cando hai alguén na conversa que non é galego. Nas súas interlocucións coa Administración ou co médico: «fálolles en galego porque, se non entenden, é o seu problema, non o meu. Tamén eu no traballo teño que falar como me mandan se quero cobrar a fin de mes...».

Cre que os homes falan máis galego que as mulleres: «ás veces non porque as mulleres non queiran, senón porque parece que non lles queda ben».

O modelo de galego que nos conta que lle gusta é: «o que escoito falar, non ese da tele que sona tan artificial, e moito menos o dos políticos, que ás veces parece que non o saben falar ou que non o queren saber falar, algo de todo».

B. **Manuela** é unha muller de 60 anos que naceu e vive nunha aldeíña dun concello rural. Posúe estudos básicos. É galegofalante de sempre, mais manifesta que lle custa máis ler e escribir en galego que en castelán, posto que na escola sempre lía e escribía en castelán. Ten dous fillos e unha filla e di que o galego soa bruto en boca de mulleres, pois fai que estas sexan menos finas e menos femininas se o falaren. De todos os xeitos, fala galego con todo o mundo, incluída a súa filla, xa que nos conta que non sabe falar castelán e que, cando esta naceu, toda a xente do seu contorno lles falaba galego tanto aos fillos coma ás fillas, aínda que elas parecen máis brutas.

Manuela fálanos de que as mulleres, sobre todo as nenas e as rapazas novas, lle parecen máis bonitas se se expresan en castelán; na súa opinión, incluso lles cambia a cara.

Pensa que os homes falan máis galego que as mulleres e que, en moitas ocasións, cambian de lingua para se comunicaren con elas. O modelo de galego que prefire é doce e sen palabras malsoantes. Cando se dirixe á Administración ou ao médico, faino en galego porque di que é a lingua en que se defende. De todos os xeitos, manifesta que non «sabe falar» galego.

C. Concha é unha muller de 72 anos que naceu nunha aldeíña dun concello rural mais que actualmente reside na cidade da Coruña. Ten estudos básicos. De pequena, normalmente falaba galego mais expresábase en castelán cando quería aparentar ser máis fina, segundo ela di. Estivo emigrada en Inglaterra, onde aprendeu inglés e italiano. Alí falaba en galego co grupo de persoas galegas con que coincidiu no traballo, e convivía con xente italiana, portuguesa e galega. O inglés e o italiano eran as linguas que máis a atraían, mais o portugués non lle gustaba nada e pensa que alí o galego non lle servía para moito. Cando volveu, comezou a traballar nun hospital coruñés, onde falaba castelán con case todo o cadro médico e persoal de enfermaría, aínda que utilizaba o galego para se comunicar co persoal de limpeza e cos seus veciños e veciñas que podían estar ingresados/as.

Ela le e escribe en castelán porque así llo aprenderon na escola. De todas as maneiras, cóntanos que posúe a capacidade de ler e escribir en galego, aínda que lle custa máis.

O modelo de galego que prefire é o da TVG porque «é máis bonito e non parece tan bruto coma o da aldea».

D. Pili é unha muller de 47 anos que naceu nunha aldea e que actualmente vive nunha vila. Estudou unha licenciatura. Seus pais faláronlle en castelán desde que naceu e esta foi a lingua que empregou até os 18 anos, cando comezou a falar galego. Ten un irmán sete anos maior ao cal seus pais sempre lle falaron galego. Pili e o seu home sempre se dirixiron en galego aos seus fillos e estes falárono até que se escolarizaron. Agora, o que está na adolescencia, comezou de novo a empregarlo.

Recorda que, cando era pequena e ía á escola, a maioría dos rapaces falaban galego e as rapazas todas castelán: «Cando coincidíamos no autobús da escola, tiña eu dez anos, eu creo que as rapazas falaban máis castelán sendo da mesma idade i os rapaces falaban galego».

Pensa que a xente fala unha lingua ou outra por comodidade e considera que o prexuízo que máis funciona é o de que o galego é inútil e con el non se vai a ningures.

Non cre que a xente siga pensando que o galego é bruto e considera que actualmente os homes fan máis galego do que as mulleres, en parte porque estas non están nunha situación tan cómoda coma eles.

Canto ao modelo de galego que prefire, cre que todos os idiomas teñen que ter unha normativa que non coincide con ningunha das variantes existentes.

E. **Elba** ten 48 anos e naceu nun concello estremeiro con Castela. As súas persoas achegadas cóntalle que aos tres anos falaba galego, mais abandonou esta lingua porque a súa familia foi vivir a Salamanca. A partir deste momento, debido á profesión de seu pai, mudáronse varias veces, mais sempre dentro do Estado español. Son catro irmáns: dúas mulleres, que falan castelán e que posúen estudos superiores; e dous homes, que falan galego e aprenderon oficios.

Detecta que a xente relaciona o galego coa pobreza e que a clave para a recuperación da nosa lingua é a súa asociación coa riqueza. Relaciona o rural co galego e o urbano co castelán.

Di que falando castelán, incluso no modelo culto, permítenselle máis erros que se o fixer en galego. Escribe e le ben en galego, mais non posúe tanta facilidade para o falar.

Non escolle ningún modelo de galego: entende que o da televisión é un modelo culto, que teñen que ter todos os idiomas.

F. **María** é unha muller de 35 anos que naceu nunha vila mariñeira. Viviu alí até que foi estudar á Coruña a enxeñaría en Camiños, Canais e Portos; cidade onde reside actualmente.

Traballa nunha empresa multinacional do ámbito da construción e fala galego ou castelán, dependendo de se a outra persoa for ou non galega.

Comenta que «o preconceito máis importante con respecto ao idioma que unha muller atopa no mundo da construción, quizais sexa a crenza do habitual uso de palabras malsoantes».

G. **Natalia** é unha moza de 25 anos que se criou na cidade da Coruña, mais que pasaba as fins de semana nun contorno rural. Posúe estudos superiores e considérase unha muller «fina e bilingüe harmónica», segundo ela se define mentres ri picaramente, definición que explica baseándose en que fala galego ou castelán e non ten ningún problema por falar calquera delas.

Na familia, as mulleres xeralmente adoitaban utilizar castelán para falaren con ela, mentres que os homes se dirixían a ela sempre en galego.

Cóntanos que, cando vai á Administración, normalmente é ela a que se «adapta» á lingua en que o funcionariado lle fale. En cambio, dinos que, cando vai ao médico, fala sempre galego porque «o meu médico é moi enrollado e fala *gallego*».

Canto ao maior uso do galego por parte das mulleres ou dos homes, considera que «falan máis galego os homes porque son máis brutos que nós, neso tamén influíu a vergonza. Nós somos máis inseguras que eles».

No traballo, xeralmente fala sempre castelán, a non ser que algunha clienta ou cliente se dirixa a ela en galego.

No que se refire ao modelo de galego que prefire, cóntanos que «o galego da TVG non me gusta porque as traducións e os *doblajes* das pelis son unha trapallada. Tu te cres que se pode decir –Ven, baby, arrebólate!!!! Pero onde se viu eso? A min gústame o modelo trapalleiro, o de *cosecha* propia pero que sea dulce, non brutiño». Pensa tamén que, de todos os xeitos, a xente cre que «o galego non é fino, non é *pijo* e non está de moda».

6. Ideas centrais

Todas estas mulleres achegáronnos a súa perspectiva a través das preguntas que lles fomos formulando ao longo das entrevistas. Das repostas que nos deron, extraemos as seguintes ideas:

6.1. O físico

Algunhas das mulleres a quen nós entrevistamos consideran que o aspecto físico dunha muller pode chegar a variar dependendo da lingua en que esta se exprese. Así, a beleza e a delgadeza poden até seren relacionadas co uso do castelán.

Díghoche que ela é así... fuerte, bruta. O corpo dela é un corpo bruto. Despois, de cara é ghuapa pero de corpo é bruta e fala ghallego seghido e nunca fala castellano. Saberaio falar, non digho que non, pero con nós nunca o falou. Tiña razón se o falara porque súa nai non é d'aquí [...] E un día cheghou ó traballo e díxolle [un compañeiro de traballo]: «Que vas ter frío, ti? Se xa ves d'aló do Polo Norte...!» Da montaña. Xa se vía ela así bruta decíndolle ó frío que non se acercara e o frío xa non se acercaba a ela... Pois non sei, ó mellor se a viras falando castellano, anque a viras así, bruta, pois era un pouco máis..., non sei, porque así... bruta ela e encima falando ghallego... pois era máis bruta aínda!!

Porén, as mulleres que falan galego aparecen caracterizadas como máis brutas, menos femininas ou menos guapas «e menos monas e modositas» que se falaren castelán. Unha muller das que entrevistamos incluso establece o paralelismo de que unha nena que falase castelán sería tan guapa coma se estiver maquillada, mentres que outra que falase galego sería coma se estiver sen pintar e xa non sería tan guapa.

As nenas eran máis bonitas falando castellano porque, non sei, víaas nenas así máis... femininas, quedáballes mellor. Senón [se falaren galego] parecían moito máis brutas, sobre todo a pequena. Tiña así unha cara, así..., non sei. Cambiáballes a cara. Coma a maior; cando se pintaba: era ghuapísima pintadiña, e senón... era unha nena normal e corrente. E se falaba en castellano era ghuapísima e se falaba ghallego, pois... xa non era tan ghuapa.

6.2. Galego=bruta; castelán=fina

Cómpre indicarmos que todas as mulleres que entrevistamos manifestan este prexuízo con maior ou menor rotundidade. Tal e como nos contan a maioría delas, o galego non é unha lingua acaída en boca das mulleres, xa que fai que estas parezan moito máis brutas. Unha delas até nos relata que as mesmas nenas de que nos está a falar, semellan moito máis brutas se se expresan en galego que se o fan en castelán.

Da mesma maneira, algunha das mulleres contounos que, cando ela quería gustarlle a algún home, falaba castelán, posto que iso lle parecía que a facía máis fina e que ía ter máis posibilidades de «facer amizade con el», segundo as súas propias palabras.

Chamounos a atención tamén que unha das nosas mulleres, cando lle pedimos se nos permitía que a gravásemos, o primeiro que nos preguntou foi:

Como che teño que falar, en gallego ou en castellano? Porque se a cousa é fina fáloche dunha maneira e se non o é, fáloche doutra.

De feito, ao comezarmos a entrevista, como ela sabía que o que estabamos a gravar alí era «para un traballo universitario», automaticamente xa o asociou con finura e falounos unha boa parte do tempo en castelán. Nós dixémoslle que aquilo non era algo fino e que falase como quixese e a súa resposta foi:

Dáme máis ghracia decirche así porque quero que vaia fina a cousa.

No entanto, estas mulleres manifestan que encontran diferenzas no que se refire á «finura» das rapazas de antes e de agora. Dinno que:

Antes as rapazas tiñan que falar castellano se querían ser un pouco finas, agora xa son máis finas de por si.

As rapazas d'ahora non teñen tanta tontería pa falar o castellano, tiñan máis tontería antes, porque agora xa son elas máis finas. Nós antes non o éramos e daquela tiñamos que aparentar máis. Na miña edá si porque, pobriñas!, íbamos da aldea e se non tiñamos un pouco de estilo e de salero, éramos montañesas. Daquela tiñamos que facer algo. [...] Mamá peinábame, poñíame chichos, dicíame que me rira [...] tiñamos que ir ghuapas.

6.3. Exabruptos

En relación co prexuízo anterior está a utilización de exabruptos por parte das mulleres. As palabras groseiras nas nenas non quedan ben: esta é unha das citas que recompilamos que tería cabida aquí. Así mesmo, nesta epígrafe comprobamos que as mulleres fan dúas distincións: unha delas sería a de que non está ben visto que as mozas falen galego e, moito menos, que empreguen palabróns; e a outra sería que, ás mulleres, aínda que foren galegofalantes, nunca se lles aceptaría utilizaren palabras malsoantes, o que si que lles permitiría aos homes. De todas as maneiras, non é para nada o noso obxectivo reivindicarmos a utilización dunha lingua galega en que teñan que estar presentes os ditos palabróns.

A primeira distinción de que falabamos encontrámola nas seguintes citas:

Se un chico fala gallego, pásaselle, pero se a chica fala gallego i si aínda por riba solta un taco, daquela: da montaña pa riba polo menos! Pero eso no fondo eu creo que é machismo.

Meu abuelo sempre falou ghallego coma min pero se ti o querías cabrear o peor que lle podía pasar era que el oíra alghunha muller decir palabrotas. A un home era ighual, que el tamén xuraba. Pero se oía unha muller, enfadábase sempre, decía que era unha maleducada. E dun home non decía nada, que el tamén xuraba sempre. El decía: «Esa rapaza é máis maleducada..., si soupera que ben lle queda...!!».

Dentro desta alínea, cremos que é importante comentamos tamén os contidos da cita en que unha muller, que traballa nunha profesión masculinizada relacionada coa construción, manifesta a estrañeza que produciu entre os seus compañeiros o feito de unha muller falar «nun ton baixo» e «con ausencia de exabruptos»:

En canto á experiencia coa lingua no exercicio da profesión en que o contexto está moi masculinizado, desde que comecei ata agora, comentarche que si é certo que ao principio parecía que o ton baixo de voz, e a ausencia de exabruptos estrañaba un pouco, pero co paso do tempo, a situación normalizouse, e no equipo no que estaba integrada, soubemos adaptarnos todos ás novas formas de traballo. Ao principio quizais foi algo desconcertante, pero pronto se normalizaron as «novas formas» de facer as cousas.

É inescusable para rematarmos con esta epígrafe e ligarmos coa seguinte, incluír a seguinte cita en que a interlocutora nos conta que, para que súa nai se «atrevese» a dicir algunha palabra «fea», como ela di, diante de seu avó tiña que estar «moooooi enfadada de Dios», posto que este, como xa comentamos, non permitía a utilización de palabróns por parte das mulleres por consideralos o síntoma máis evidente da mala educación.

Miña abuela falaba baixiño pero nunca na vida lle escoitei ningunha palabra fea. A miña nai alghunha ves si pero pa que dixera alghunha diante de meu abuelo tiña que tar moooooi enfadada de Dios!

6.4. Mala educación

Chamou a nosa atención o feito de que nesta cita se cualifique explicitamente unha muller como maleducada por dicir palabróns; sobre todo porque quen cualifica é un home que «xuraba sempre».

Meu abuelo sempre falou ghallegho coma min pero se ti o querías cabrear o peor que lle podía pasar era que el oíra alghunha muller dicir palabrotas. A un home era ighual, que el tamén xuraba. Pero se oía unha muller, enfadábase sempre, decía que era unha maleducada. E dun home non decía nada, que el tamén xuraba sempre. El decía: «Esa rapaza é máis maleducada..., si soupera que ben lle queda...!!».

6.5. Galego ≠ bruto → doce, ton baixiño, educado e correcto; muller ≠ bruta → doce, ton baixiño, educado e correcto

Nas palabras das mulleres que entrevistamos, detectamos un outro prexuízo: o galego nas mulleres non as fai pareceren brutas se este é falado docemente, nun ton baixo e se a muller actuar educadamente e sen utilizar exabruptos:

Aquela rapaza fala sempre en gallego pero é que ten un gallego moi dulce i vela linda, i vela guapa hasta falando gallego, i a todo o mundo lle encanta esa nena. Pero é que ten un gallego moi bonito: ela ten gheada e ten todo pero como fala moi baixiño i é moi educada i moi correcta, gústache.

Agora xa non se trata só de que a muller deixe de ser bruta, senón que, se falar desta maneira, pasaría incluso a se converter en linda. Isto pode darnos pé a crermos máis unha vez que a calidade da lingua é moi importante, xa que nos axudaría moito á que máis mulleres desen o paso de falaren galego.

6.6. Rural/urbano

O galego como lingua rural é un prexuízo que vén relacionando o uso do galego como lingua rural, símbolo do atraso fronte ao progreso e á modernidade do urbano, onde maioritariamente se emprega o castelán. Encádrase nos vellos prexuízos que asocian o galego coa pobreza e o atraso, e ten a ver con aqueles que versan sobre a suposta falta de utilidade do galego: se unha lingua é vista como atrasada ou propia da xente con menos recursos, tamén será considerada como un idioma pouco útil.

Unha muller cóntanos que no seu ámbito laboral a filla do xefe só lle permite expresarse en galego cando se dirixe á xente que vive no rural. Porén, está obrigada a falar castelán se a clientela procede de zonas urbanas ou periurbanas:

E ca xente que chega á tenda... se vén xente da zona que fala galego, pois permítenme que llo fale, sobre todo se é xente vella [...] pero se vén xente xa máis da zona de C... ou matrimonios de mediana edá, se ta o jefe, podo falar como queira pero como tea a filla... que non se me ocurra: ta obrigado falar castellano e non queda outra.

Unha das mulleres entrevistada contounos a historia doutra muller que se criou nun ámbito urbano e que cando casou foi vivir para o rural. Alí tivo un fillo e unha filla que actualmente teñen ente 20 e 25 anos, ela educou os dous en castelán mais hoxe en día o rapaz fala sempre galego e a rapaza fala moito máis castelán que galego. Cando esta muller entrevistada nos relatou esta historia, díxonos que vía normal que o mozo falase sempre galego porque vivía no rural mais que as mulleres deberían disimular iso. É así como xustifica o emprego do castelán por parte da moza:

O neno fala case sempre ghallegho porque aquí tas rodeada de todo o mundo falando ghallegho pero ela é máis modosita, máis..., préstase máis que fale castellano porque senón xa di que é da aldea, algho si.

Máis outra cita que nos chamou a atención é

A mi hermana mayor, que me lleva a mí siete años, tiene ahora 55, como en el pueblo no había muchas opciones, la mandaron a Pontevedra para que, literalmente, aprendiese castellano.

Nela incídese en que na aldea a lingua utilizada maioritariamente era o galego e en que na cidade existía a posibilidade de aprender o castelán. De todos os xeitos, cumpriría tamén analizarmos o feito de que se crea que se conserva o galego no rural por ser rural, mais quizais puiden deberse a que nel viven maioritariamente persoas maiores. Isto podemos enlazalo con outro prexuízo xeral asociado co galego, que é o da idade.

6.7. Idade

A maioría das nosas mulleres cren que o galego non é unha lingua válida para as rapazas novas ou para as mulleres de mediana idade por se considerar prexuízosamente lingua de xente vella.

Algunha das entrevistadas comentounos que no seu traballo non «quedaba ben» que unha rapaza nova se dirixise a parte da súa clientela en galego.

Teño envidia deles [traballadores]; xa me gustaría poder falar sempre o que quero pero a min non me deixan. Eles son todos homes pero disque no meu caso non queda ben que, cando entra a xente á tenda, unha rapaza nova vaia falar con esta xente en galego.

Se esa clientela for xente maior, permitiríasele empregalo mais, se se tratar de persoas de mediana idade, xa non sería acaído:

E ca xente que chega á tenda... se vén xente da zona que fala galego, pois permítenme que llo fale, sobre todo se é xente vella [...] pero se vén xente xa máis da zona de C... ou matrimonios de mediana edá, se ta o jefe, podo falar como queira pero como tea a filla... que non se me ocurra: ta obrigado falar castellano e non queda outra.

6.8. Castelán = posibilidades; galego ≠ posibilidades

Unha das mulleres que entrevistamos manifestounos que seu pai pretendía que ela e a súa irmá falasen castelán porque cría que o galego era unha lingua coa que as súas fillas non ían poder progresar. Esta muller díxonos que ela pensaba o mesmo, posto que as persoas que falaban castelán eran as que posuían máis recursos:

Mi padre decía: «Vamos a ayudar a que las niñas hablen más castellano para que tengan más posibilidades». Porque yo creo que era una cuestión de posibilidades reales porque, de hecho, el gallego no te abría más posibilidades que el castellano. Los ricos y a los que les llamaban de «don» hablaban castellano.

El profesor de literatura, que era cura, de estos curas progres, me decía: «¿Cómo la van a suspender a usted, señorita, si usted es una castellana perfecta?»

Polas palabras que nos reproduce unha das mulleres entrevistadas, podemos pensar que o cura cría que o dominio perfecto do castelán por parte dunha muller xa implicaba poder chegar a ter posibilidades.

6.9. Ámbito laboral

Resultounos moi rechamante a entrevista que lle fixemos a unha muller nova porque o primeiro que nos dixo foi:

Teño moitos problemas por falar galego, sobre todo se ta diante a filla do xefe.

No contexto laboral desta moza, os homes posúen a liberdade de se poderen expresar en galego mentres que ás mulleres se lles esixe falaren castelán. Esta rapaza até nos manifesta que ten envexa deles:

Teño envidia deles [traballadores]; xa me gustaría poder falar sempre o que quero pero a min non me deixan. Eles son todos homes pero disque no meu caso non queda ben que, cando entra a xente á tenda, unha rapaza nova vaia falar con esta xente en galego.

Dinos tamén que o castelán nas mulleres é considerado máis un requisito para poderen exercer ese traballo:

Hai personas alí, mellor dito, hai unha persona alí, que me exige falar castelán coma un requisito máis pa tar traballando alí, igual que ir ben vestida, por exemplo.

Para rematar con este ámbito, ímosvos ler unha cita que pensamos que se explica por si propia:

Se me chama algún dos meus amigos eu fálolles en galego e despois ó mellor teño que falar con alguén d'alí ou chaman por teléfono e non cambio o chip e sigo falando

galego, e se ta o xefe non ten por que pasar nada pero como tea a filla... Ás veces non me di nada pero non fai falta, ca cara que me pon, xa me chega. Mira pa min e parece que me fulmina ca mirada e que me ta decindo: ti que, non sabes onde tas? Non sabes como tes que falar?

6.10. Presión por parte das mulleres sobre as propias mulleres

Logo desta cita que acabamos de escoitar e de moitas outras que poderíamos extraer de todas as entrevistas que realizamos, detectamos tamén que moitas veces son as mulleres as que exercen presión sobre as propias mulleres para que estas non utilicen o galego.

Percibimos que, con mulleres que exercen «profesións feminizadas», como a de profesora, parece obrigado ter que se expresar en castelán:

Xa me chegou con falar castellano cas profes na escola pero agora non me apetece.

A empresa, en que traballa a autora da cita con que queremos pór cabo, está dirixida por un home e unha muller e é a muller quen exerce presión sobre as propias mulleres para que non falen galego, presión que, pola contra, non é exercida sobre os homes:

Fastídiame moito que unha muller me diga como teño que falar... Ademais, por que non lles di nada ós [traballadores]? Que pasa, que lles ten que ter outro respecto porque son homes e poden falar como queiran? Pois a min non me parece xusto, que somos todos de Dios. Así non é.

7. Conclusións

Para concluírmolos, gustaríanos facer constar que este noso traballo debe ser considerado como a primeira parte dun que está aínda por completar porque cumpriría estudarmos unha mostra máis ampla e representativa destes preconceptos que vimos de comentar, xunto con outros que quedarían aínda por analizar.

Xa para rematarmos, a modo de conclusión, desexamos engadir que:

- Somos medianamente bonitas. Agora incluso estamos maquilladas.
- Somos, cando menos, aparentemente finas.

- Non dixemos ningunha palabra malsoante.
- Non fomos maleducadas durante a nosa intervención.
- Non utilizamos un ton baixiño mais si unha lingua coidada, de calidade e que, aínda así, cremos que podía soar doce.
- Unha de nós procede do ámbito rural e outra do urbano.
- Somos as dúas rapazas novas, unha máis vella que a outra mais, aínda así, novas as dúas.
- **Falamos galego!!!** e convidámosvos a que o faledes a aquelas e aqueles de vós que non o utilizades e a que o sigades falando ás e aos que xa o facedes.

Dúas subordinacións en paralelo: mulleres e lingua galega

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Universidade da Coruña

O estudo das semellanzas e coincidencias entre dous procesos de dominación e discriminación, como son as das mulleres, na súa específica inferiorización social, e a lingua galega, na súa subordinación ao español, constitúe un fértil campo de análise, que deita luz sobre claves comúns de como se producen e a que serven aqueles procesos, por que se manteñen –tendo un percurso de longa duración– e a que e por que son funcionais. Adiantemos que de todo o catálogo de analoxías posíbel hai dúas que nos semellan incontestábeis: unha, a carga represiva sobre elas (mulleres e lingua galega) non é unicamente unha rémora do pasado, senón que segue a ser útil e produtiva para o mantemento e reprodución do elemento dominante; unha outra pasa por recordarmos que é moito máis abundante a literatura producida desde este, desde o elemento hexemónico, sobre o elemento dominado, do que viceversa. Isto é, existen toneladas de representacións e de escrita sobre as mulleres, feitas por homes, ao igual que millenta caracterizacións da lingua galega feitas desde España e as súas axencias ideolóxico-culturais, abafantemente superiores en número aos depoimentos das mulleres sobre os varóns ou de galegos sobre España, os españois ou a súa lingua. Aos que teiman en xustificaren a desigualdade, neste aspecto habería que lles conceder a razón: os homes falaron, pontificaron e escriberon das/sobre/contra/por/para/ás... mulleres infinitamente máis do que elas sobre os homes, que, nesta materia, son sempre xuíz e parte, como sentenciou Simone de Beauvoir e, moito antes, o padre Feixoo, cando observa que os homes son os que encheron de vicios e negatividade o retrato das mulleres e que unha outra apreciación habería se fosen elas as autoras de libros sobre elas mesmas ou sobre os homes. O mesmo diríamos de toda a literatura española xenófoba para coa Galiza, os galegos e o galego.

Tal constatación non fai máis que evidenciar unha verdade histórica coñecida, mais convénnos lembrala porque non se insiste de abondo en como a análise deses procesos represivos debe fender unha e outra vez o muro da falsa naturalidade en virtude da cal a inferioridade sería un fenómeno espontáneo e non inducido, abonado a lóxicas inmutábeis e, por tanto, inmodificábeis. Nesta ideoloxía, as mulleres serían *per se* diferentes, por inferiores, aos homes, e o español estenderíase por todos os territorios e sociedades do Estado pola súa conxénita superioridade ou ben porque acadou, de forma natural, a supremacía sobre as outras linguas, por unha potencia ínsita a ela mesma. Queremos indicar con isto que o primeiro cometido dunha análise como a que propomos ha de ser desvendar as razóns daquela falsa naturalidade e desmontar o dispositivo da lóxica discriminatoria.

Esta é a liña que inaugurou, no tratamento sociolingüístico, Rafael Lluís Ninyoles, xa na obra pioneira de 1971 *Idioma i prejudici*, máis coñecida entre nós a partir da publicación de *Idioma y poder social* (1972) e que conta con tradución ao galego desde 2005. Neste volume, absolutamente fundador da sociolingüística moderna e de grande utilidade para a análise do caso galego, o sociólogo valenciano desmonta o mito da nobreza superior da muller, mito que funciona ao servizo dunha idealización compensatoria, que deixa intacto o esquema de poder. Paga a pena recordarmos algunhas pasaxes significativas:

Tal e como é comunmente sabido, apenas unha pequena proporción da natureza humana está diferenciada polo sexo. Existen características innegábeis, pero a meirande parte dos trazos físicos, fisiolóxicos e psicolóxicos –en especial estes últimos– non están vinculados a unha auténtica diferenciación xenética. Con todo, na inmensa maioría das culturas humanas a posición da muller está esaxeradamente diferenciada da do home; é, por dicelo na nosa terminoloxía, unha **posición diglósica** [subl. noso] [...]. Esta posición diferente é debida, non hai dúbida, á súa ‘natureza’ diferente, pois, como ensinaba Séneca, «aínda que un e outro sexo concorran paralelamente á vida social, un naceu para obedecer e o outro para mandar» [...]. Desta maneira, á pauta de poder superporemos outra pauta compensatoria e idealizadora, xa que ambas son inseparábeis. Falaremos, en consecuencia, da beleza, tenrura, suavidade, dozura, intuición, sensibilidade, etc. superiores da muller (= idealización), face ás cualidades que caracterizan o home: forza ou violencia, enerxía, agresividade, fealdade... cualidades, en todo caso, menos espirituais e entrañábeis que as da muller (= condena hipócrita). Claro está que aquí tamén hai unha notábel diferenza de énfase, porque non se trata tanto de denigrarmos o home canto de consolarmos e ‘elevarmos’ a muller¹.

¹ Ninyoles, R. Ll. (2005): *Idioma e poder social*: 82-83 (Bertamiráns-Ames: Laiovento).

En 1976, María Xosé Queizán ocupouse monograficamente da analoxía que provoca esta exposición, no estudo titulado «A lingua galega e a muller. Análise estrutural de dous métodos represivos», incluído no seu libro *A muller en Galicia*, publicado un ano despois², onde aplica ao par mulleres/lingua galega o método proposto por Ninyoles, identificando as raíces e as consecuencias do desequilibrio obxectivo en que ambas viven. A actitude denigratoria e a idealizadora serían as faces da mesma moeda e a súa finalidade última, idéntica: perpetuar o sistema xerárquico, causante da inxusta dualidade. Eu mesma teño abordado algunha vez este tema³ e María Pilar Freitas inclúe así mesmo un capítulo titulado «A muller e a lingua galega: dúas represións similares», no seu libro *A represión lingüística en Galiza no século XX*, en que resume as achegas anteriores⁴. A variábel sexo, na definición do uso da lingua, ten sido incluída así mesmo en valoracións demoscópicas, que parecen apuntar a unha maior vulnerabilidade das mulleres no proceso de substitución lingüística ou de asimilación ao español.

Como xa indicamos, a nosa análise tentará iluminar a analoxía de dúas subordinacións non casuais, mantidas na sociedade actual, en beneficio dunha xerarquía antidemocrática que cómpre desenmascarar. Farémolo enunciándoa a través do seguinte decálogo:

1. Un dos tópicos máis repetidos na cuestión dos dereitos das mulleres pasa por establecer que xa existe a igualdade legal, e que resta por conquistar a igualdade material. Nesta tese, o desfasamento produciríase entre a letra da lei e a súa aplicación, retardada ou impedida, non se aclara moi ben por que, non sendo co apelo á sempiterna continuidade do prexuízo. Igual disociación entre a superestrutura e a estrutura practícase na cuestión da lingua galega. Ela desfrutaría de igualdade legal a respecto da oficial do Estado, mais estaría aínda lonxe da igualación material, tamén por continuidade dun retraso histórico ou por recidiva de vellos preconceitos. Nun e noutro caso, a tan pregoada igualdade convértese nunha permanente declamación teó-

² Queizán, M.^a X. (1977): *A Muller en Galicia* (Sada: Ediciós do Castro).

³ «Analoxía de dous procesos represivos: das mulleres e das linguas», en García Negro, M.^a P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*: 135-140 (Vigo: Edicións do Cumio); «As mulleres e os idiomas non normalizados, dúas realidades submetidas a mistificación», en *Sempre en galego* (1999²): 75-82 (Bertamiráns-Ames: Laiovento); «Mulleres e idioma galego: analoxía de dúas subordinacións»: en *Terra e Tempo*, 6/7: 38-40 e mais tamén en *Dereitos lingüísticos e control político* (2000): 88-93 (Bertamiráns-Ames: Laiovento).

⁴ Freitas Juvino, M.^a P. (2008): *A represión lingüística en Galiza no século XX*: 483-498 (Vigo: Xerais).

rica ou nominalista, que acaba sendo coartada do mantemento do *statu quo* desequilibrado entre os dous elementos do binomio. É a falta de igualdade material (en salarios, en oportunidades laborais, en consecución do primeiro emprego, en posibilidades de ascenso profesional, en cargas doméstico-familiares...) a que compromete a validade da letra da lei. Similarmente, se as leis iuslingüísticas que teoricamente recoñecen a igualdade de dereitos para o galego fosen realmente prescritivas, non camparía a impunidade ou a desidia reinante, que converten en excepcional o cumprimento e en normal, no sentido de habitual, o incumprimento.

Nun e noutro caso, a lei acaba tendo unha realidade virtual, unha existencia de papel, que todo demócrata que se gabe di respectar coa mesma tranquilidade con que se despreza a súa aplicación. Viran en leis desiderativas, en fórmulas vacuas ou nunha especie de muro de lamentacións xeremíacas cando se revela a súa desmesurada infracción.

Infracción sempre recordada nos 8 de marzo ou nos 25 de novembro, como nos 17 de maio, o que acaba sendo unha denuncia implícita da obsolescencia desas leis e unha proclamación, igualmente implícita, da imperiosa necesidade da súa reforma. Neste punto segue existindo un tema tabú: se a superestrutura xurídico-política pode incumprirse con tal facilidade, será mesmamente porque serve ao mantemento da estrutura: é nela, no funcionamento económico, material, social, onde reside o problema: se ela, se o estrutural non muda, a superestrutura en por si non dá nin dará fabricado baremos de igualdade por arte de maxia, isto é, por arte da letra legal.

2. Xa que logo, capitalismo-globalización e españolismo precisan para sobreviviren e prosperaren, da subordinación das mulleres e da proscripción do galego. No primeiro caso, porque sen explotación e procura do lucro a custa do elemento traballador, non existiría, e é aquí onde entra a variábel feminina como máis explotada, sexa como forza de traballo nativa, sexa como traballadoras inmigrantes. No segundo caso, porque a autoproclamada superioridade do español necesita exercerse sobre a inferioridade do galego. En ambas as situacións imponse o tratamento de escala: miles de compatriotas galegas fixeron na Alemaña, en Suíza ou no Reino Unido traballos que agora poden realizar aquí ecuatorianas ou brasileiras: dentro do mesmo cadro de explotación, o lugar máis baixo vai estar ocupado por mulleres. Na estratexia de imposición españolista, as tácticas negacionistas ou totalitarias de antano van dar paso á regulación restritiva: galego, en poucas cantidades, doses controladas e aplicacións tóxicas.

3. Vai de seu que as dúas realidades de que estamos a falar operan como o elemento marcado: exteriorizan a excepcionalidade, porque son obrigadas a se definiren a res-

pecto dunha norma que se dá como natural e incontrovertíbel, tanto na imposición do paradigma masculino e masculinista como supostamente universal canto na imposición do español como único idioma con capacidade e posibilidade de ser ubicuo e omnipresente. O noticioso ou noticiábel non é a **ausencia** xeneralizada de mulleres en determinados lugares públicos e institucións ou a **exclusión** totalitaria da lingua galega nos mesmos postos de visibilidade social e prestixio, senón a esporádica ou episódica presenza de ambas. «Misa en gallego»: anuncio incluído dentro da listaxe de misas «normais», isto é, en español. «Unha muller ocupa a presidencia de...». Se a igualdade existir –e así se nos reitera, por imperativo legal–, ensaiemos a reversibilidade: «Misa en español»; «Un home ocupa a presidencia de...». Un home, claro está, non vai ser un simio... Velaí a proba do nove da norma e da excepción marcada.

4. *Auctoritas, potestas, imperium*: a tríade de poderes superiores, no moral, no político, no militar, declínanse en masculino e en español. Advertimos decontado que non estamos a marcar fronteiras de sexo biolóxico, senón que estamos a delimitar aparatos de poder e mais os mecanismos da súa reprodución e perpetuación. Unha xuíz, unha ministra, unha conselleira delegada dunha multinacional... non son elementos neutros ao servizo de non se sabe que poderes, senón que serven a unha estrutura dada de poder económico e político favorábel ou non á emancipación, por baixo da presenza excepcional, do conxunto das mulleres. Igualmente, no imperio do español na Galiza vai resultar de vital importancia o concurso e participación directa de toda a poboación galega implicada nesta hexemonía, para que o conflito lingüístico dea a aparencia de ser un confronto inter-galegos e non inoculado desde a rede de poderes españois e por eles alimentada.

5. Tal acontece após un longuíssimo e contundente dominio que naturalizará a síndrome de Estocolmo e o autoodio, como resultantes máis dramáticas do dominio mesmo, na súa apoteose. Estamos a falar de secuestro da vontade, de adhesión ao raptor, tanto no caso de moitas mulleres verbo dos homes que as dominan como no caso dos galegofalantes «abducidos», hipnotizados polo español. Mais, nun e noutro caso, non estamos a falar de psicopatoloxías, senón de adaptacións á forza a uns patróns sociais impostos. A ocultación do que un é, a disimulación daqueles trazos que pertencen a unha identidade que cómpre ocultar, o intento de agradar ao amo... levan a este exercicio de alienación máxima, signo, o máis agudo, da profundidade do dominio. O autoodio representa o gran triunfo da explotación e da discriminación. Converte o dominado en colaborador, en cómplice directo da súa opresión. De aí nacerá a vulgar afirmación de que as nais son as principais transmisoras de pautas machistas ou de que os galegos renegados son os axentes primeiros da prostración do galego. Confúndese así causalidade con colaboración; causas con consecuencias

que, é certo, van funcionar despois, en círculo vicioso, como concausas da explotación mesma.

Existe unha sorte de perverso «Manual da Boa Muller», como tamén do «Bon Galego», ditados ambos desde arriba e desde fóra, claro está, das propias mulleres e da lingua galega. O test do *cui prodest*? ofrece resultados transparentes: estes «manuais» benefician directamente os propósitos estabilizadores, conservadores, dun modelo social onde convén garantir a subalternidade das mulleres e da lingua galega. Neste imaxinario –mais non por iso irreal– «Manual da Boa Muller» figuran como mandamentos de obrigado cumprimento todo o catálogo de labores, destrezas e aptitudes que se consideran adheridas indisociabelmente á condición feminina, isto é, todos os traballos relacionados coa dedicación familiar-doméstica: produción e reprodución de bens que garanten a correcta socialización do individuo. Se, a maiores, existe traballo asalariado e, por tanto, achega de ingresos, tanto mellor para a economía do conxunto familiar, o cal non supón automatismo ningún na repartición das cargas doméstico-familiares, senón unha lenta recomposición da balanza, no número de horas traballadas ou depositadas na casa, na responsabilidade de atención de crianzas, vellos e doentes e nun longo etcétera. No «Manual do Bon Galego» figura, como non, a obriga de ser galego/a só a tempo parcial, nunca a tempo completo. Imponse o escisionismo, tanto identitario como lingüístico, a través dunha constante oración subordinada: o galego pódese falar *sempre que* non moleste; *cando* non interrompa a hexemonía do español; *onde* resulte familiar e natural... Somos galegos, mais tamén españois, europeos... e suponse que inclusive bípedes humanos. As razóns materiais, históricas, obxectivábeis... en virtude das cales estamos, en todos os indicadores, por baixo da media dos altos clubs aos que se nos di que pertencemos é misterio que ninguén dos patrocinadores desta pseudoverdade ten interese en aclarar. Ben poderíamos parafrasear, con humor sarcástico, aquela magnífica *boutade* de Groucho Marx: «non se me ocorrería nunca pertencer a un clube que me admitise como socio»!

6. Lévanos da man esta ortodoxia excluínte de mulleres e de lingua galega (ou inclusiva sempre baixo o rótulo «Reservado o dereito de admisión») á gran dicotomía central, definidora dunha e doutra subordinación. Ela é, claro está, a que se establece entre o mundo do **privado** e o mundo do **público**. Noutroora, a fronteira era rixidamente inexpugnábel. Hoxe, aparentemente, converteuse en lábil, mais está por estudar o porqué sociolóxico e económico de haber moitas máis mulleres «masculinizadas» do que homes «feminizados», isto é, en forma de pregunta: mantense o mesmo paradigma, con incorporación cuantitativamente relevante de mulleres ou mudou algo significativo do punto de vista cualitativo? As aspas, naturalmente, queren marcar a referencia a unha osmose que xulgamos necesaria, non a aspectos indumentarios ou

estilísticos que, por suposto, tamén son sintomáticos. Canto á lingua galega, a crise de confinamento e de redución que a persegue non está conxurada, nin moito menos. Sabe ben a contra do galego onde pode abrir a man e onde cómpre cerrar a billa de emisión do galego inmisericordemente: os usos primarios, tradicionais, a oralidade familiar-coloquial vai a menos, empuxada por un proceso de asimilación ao español ao que non se opuxo a política normalizadora adecuada. Recordaremos de novo a importancia nunha estratexia normalizadora de asociar a lingua galega non á redundancia, senón á innovación, por tanto, aos espazos públicos e prestixiantes con efecto multiplicador e con efecto contrarrestante do autoodio, xustamente os espazos ocupados secularmente pola lingua oficial do Estado, non en nome dunha benévola cohabitación, senón dunha violación domiciliaria. Non por casualidade, de por parte, os redutos profesionais máis conservadores, máis retardatarios, máis refractarios a calquera mudanza ou emenda... van ser os máis herméticos á penetración de mulleres e lingua galega. Curiosa e sintomaticamente, «marcan territorio» con vestimentas, rituais e linguaxes específicas e alleas ao resto da poboación: militares; Igrexa; xudicatura. E..., lamentabelmente, tamén, a institución universitaria. En todos estes campos redóbrase o carácter excepcional ou limitado, cando non nulo, da presenza feminina de alto *standing*, ao igual que a presenza tan pequena aínda da lingua galega. Non descubriremos nada novo se asociarmos unha mudanza profunda merecente de tal nome a un cambio na titularidade da soberanía, quer do pobo galego, quer das mulleres como grupo social. O español é moito máis «privado» do que o era antano, sen que o galego sexa máis «público» en termos proporcionais...

7. É xustamente o desenvolvemento dun itinerario autodeterminante, tanto na rebelión do galego como lingua submisa ao español a perpetuidade canto no percurso das mulleres por exercerem a súa libre capacidade de decisión, é xustamente este proceso de libre determinación o que provocou o cambio de tácticas na estratexia sexista-racista. Da exclusión totalitaria (a que nega ás mulleres a condición de humanos e a que nega ao galego a condición de lingua) pásase á admisión restrita, tolerada só até onde non se ameace a continuidade da hexemonía do elemento dominante. Particularmente útil a este propósito será a idealización do elemento dominado, os cánticos á súa suposta sublimidade. «Desta maneira, a *idealización compensatoria* de B, feita por A, non obsta para a adhesión ‘real’ de A aos valores do seu propio grupo, nen tampouco para o prexuízo negativo que ‘na práctica’ seguirá mantendo a respecto dos valores de B»⁵. Acabamos de expresalo valéndonos das sempre clarividentes palabras

⁵ Ninyoles, R. Ll.: *Op. cit.*, páx. 82.

de Ninyoles: A representa a medida do poder da lingua e do sexo dominantes; B, a medida do poder da lingua e do sexo dominados.

Toda a literatura e a ideoloxía fabricadas ao servizo desta manobra compensatoria, que se quere que funcione eficazmente como consolador e relaxador do elemento dominado, conta con miles de páxinas, nun e noutro campo, sempre coa finalidade non declarada de estabilizar, no dominio, na xerarquía inamovíbel, a situación diglósica, aplicándonos agora este adxectivo –tal e como o sociólogo mencionado apunta e recordamos ao comezo desta exposición– tanto á lingua galega canto ás mulleres en canto tales. Nesta filosofía, as mulleres non só serían iguais, senón abertamente superiores aos homes, por posuidoras intrínsecas de calidades excelsas que nunca se aclara como é que tiveron que pasar miles de anos para seren recoñecidas. Igualmente, a distintividade do galego non o faría inferior ao español, senón especialmente apto para a expresión dos sentimentos, a música, certa lírica, cancións corais, expresividade pícaro, fraseoloxía satírica etc. Isto é, para salpimentar a «comida» de verdade, que, naturalmente, ten de incluír «proteínas» que só a lingua oficial do Estado pode garantir.

8. Unhas e outra aseméllanse tamén pola necesidade de re-lexitimación que precisan, sinal evidente da permanencia dun dominio tantas veces nomeado. Se o sintagma «ser humano», como quería José Martí, leva implícito, como un epíteto, o exercicio de todos os dereitos (premisma maior) e se a muller é conceptualizada como tal (premisma menor), a conclusión non debera ser outra que a posesión integral, e non pelexábel nin cuestionábel, de todos os dereitos recoñecidos nunha sociedade dada. De novo, imponse a escala: por baixo do máis mísero e explotado dos homes de toda a desolada Humanidade dos nosos tempos, por baixo del haberá, cunha altísima porcentaxe de probabilidades, aínda un ser máis explotado: a súa muller. «Súa» significa aquí a nai, a esposa, a irmá, a filla, a cunhada, a sobriña, a amiga ou a maltratada como compensación brutal do maltrato que a el lle inflíxen. O tamaño do esforzo que tantas mulleres deben realizar para seren alguén é directamente proporcional ao mérito concedido á presenza normal da lingua galega, que nin sequera se ve reflectida na porción de usos e funcións en que demostra a súa normalidade.

9. O grao de normalización acadado pola lingua galega e o grao de emancipación conseguido polas mulleres mídense hoxe en igualitarismo lexislativo, en aumento da presenza social e pública dunha e doutras, en inclusión temática na axenda política. Todo isto como resultado dunha loita –como xa se dixo– de moitos anos, de longo percurso. A táctica neocousificadora do capitalismo actual pasa por utilizar estes avances como meta final, como teito insuperábel de aspiracións e, xa que logo, como razón do fin de calquera loita liberadora. O feminismo e o activismo pro-galego se-

rían así arcaicos resaibos dun pasado xa superado. Reiteraremos, para contradicirmos semellante aserto, que busca sen máis a claudicación, a fin da historia, unha metáfora arquitectónica que xa usamos nalgures: retellar e limpar a fachada non aseguran en absoluto a habitabilidade do edificio. Estas operacións cosméticas locen á vista e dan unha aparencia de visibilidade perfecta, mais se o interior da casa se mantén igual, o igualitarismo pregoado fai augas por toda a parte. Referímonos a leis como a da paridade ou a presenzas rituais da lingua galega. En boa lóxica (ou en boa intención política), unha lei da paridade tería que comezar ou tería que levar inevitabelmente á igualdade salarial, á inclusión das asistentas no réxime xeral da seguranza social, ao recoñecemento de doenzas profesionais en profesións feminizadas, como mariscadoras ou coidadoras de anciáns, a unha moito maior protección económica e asistencial da maternidade, á intransferibilidade do permiso de paternidade, ampliado na súa duración, a unha sociopedagogía, en definitiva, de novo cuño. Se todo isto non existe —ou existe a duras penas—, por algo será. Igualmente, a liturxización da lingua galega, a súa ritualización reduccionista, non deixan de ser manobras de empequenecemento forzoso, de xibarización. Por este camiño, o galego acabaría sendo un catálogo de xaculatorias, aptas para determinadas ocasións de relevo estilístico. Hai moito **criptosexismo**, en definitiva, como hai moito **criptonegacionismo** da lingua galega. Ou dito en termo sintético, válido para un e outro: **criptorracismo**.

10. O acompañamento desta estratexia, nunha sociedade como a nosa, vai ser a posta en práctica do que denominamos **políticas-placebo**: non resolven nada a fondo, mais poden axudar a consolar ou suxestionar o paciente. A solución ou terapia real non se aborda e, daquela, enrédase co excipiente. Vivimos un auténtico *revival* do paternalismo, que, nun e noutro caso, procura teimudamente a desproblematización e vaciado do conflito real. Nin hai, dise nesta mentira programada, conflito lingüístico, nin hai conflito de xénero. Obviamente, se non hai problema, sobra calquera proposta de solución ou de superación. Mais a realidade obstínase, cal mancha que reaparece unha e outra vez, en mostrar a evidencia: nin as mulleres acadaron a igualdade a respecto dos varóns, nin o galego os atributos de normalidade do español.

* * *

Ao longo desta exposición, dedicámonos só a iluminar algunhas das contradicións das políticas actuais verbo da cuestión feminina e da cuestión lingüística, reputándoas novas tácticas fillas do hexemonismo, que visten traxes anovados para seguir a manter o mesmo *statu quo*. Continuamos a vivir un hiperrecoñecemento do masculino e do español, correlato da dificultade tantas veces mantida do poder outorgado, do poder por delegación, a mulleres e lingua galega. É a política concesiva, que nega, no fondo,

autonomía real aos elementos B. A política que, desde a súa autoridade como elemento A, condescende a recoñecer algunha parcela de liberdade ao elemento B, tamén como recurso de autolexitimación.

Por enésima vez, mais non por capricho nin por obsesión, recordaremos como hai un lugar de encontro, na nosa historia contemporánea, das dúas contestacións: a xenérica e a lingüística. Este lugar chámase Rosalía de Castro, adaíl do combate contra a xenofobia e contra a xínofobia, que rompeu decididamente os corsés asfixiantes do seu xénero e as cadeas de encerro da lingua galega. Ela transgrediu, para ben de todos nós, os mandamentos racistas para coas mulleres e para co galego. Uniu insuperabelmente a loita contra unha e outra proscripcións e demostrou como unha muller, que non se ocultou tras ningunha pseudonimia masculina, era quen de ampliar o abano repertorial da lingua galega, de modo que toda a súa potencia materializouse en acto literario, en instrumento público, ao servizo das mulleres, das escritoras e escritores futuros e de todos os seus descendentes.

Facéndonos uso do humor que decorou a súa obra en tantos momentos, concluiremos recordando unha viñeta recente do humorista Xosé Lois. Nun mesmo banco, sentan un home, de costas, que está a ler o xornal, e unha muller, que olla para nós. Le o home: «A sociedade ten coas mulleres unha débeda **impagábel**». Retruca ela: «Ou sexa, que **non pensan pagárnola!**» O mesmo diríamos da lingua: a política española ten coa Galiza –e, dentro dela, co galego– unha débeda impagábel. Intentaremos que a pague... Resumo perfecto do que quixemos (de)mostrar nesta exposición: do disfemismo de antano ao eufemismo actual, hai un camiño transitábel: a modificación das condicións de vida das mulleres e a saúde da lingua galega. Sen enganos de ningún tipo: un e outro obxectivos comportarán a reubicación forzosa do elemento dominante.

Lingua e sexismo en dicionarios de galego

CARME HERMIDA GULÍAS

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Dende a década dos 90 do século pasado, os traballos realizados por Eulàlia Lledó (1992, 1995 e 1996) para o ámbito catalán; o grupo NOMBRA (1998), para o hispánico; e Aurora Marco (1996, 2003 e 2006), para o galego, deixaron perfectamente asentado que os dicionarios existentes en calquera das linguas analizadas eran androcéntricos¹ e sexistas² e contiñan no seu interior un tratamento desigual para a muller que, nalgúns casos, chegaba a ser denigratorio.

O impacto social destas investigacións e o establecemento dunha corrente na sociedade que se inclina, ás veces con moita dificultade, á eliminación dos comportamentos anteditos, supuxeron que nos dicionarios redactados con posterioridade a estes estudos se intentase evitar o sexismo e o androcentrismo, aínda que non sempre con moito éxito.

1. Mínimos para evitar o sexismo e o androcentrismo

Segundo puiden concluír despois de percorrer con moita atención os traballos das estudosas que observan, analizan e critican os dicionarios dende unha perspectiva feminista, a eliminación de comportamentos discriminatorios para a muller nestes

¹ O termo androcentrismo empregámolo na extensión dada por Lledó (1992: 12) «es la consideración que lo que han hecho los hombres es lo que ha hecho la humanidad (o que todo lo que ha realizado el género humano lo han realizado sólo los hombres), es pensar que lo que es bueno para el hombre es bueno para la humanidad, es considerar que el hombre es el centro del mundo y el patrón para medir cualquier persona».

² Por sexismo entendemos «una actitud caracterizada por el menosprecio y desvalorización de lo que somos o hacemos las mujeres» (Lledó, 1992: 12).

manuais implica a intervención consciente do seu equipo de redacción en tres dos apartados que constitúen o artigo lexicográfico: a entrada, a definición e os exemplos, elementos que forman a parte fundamental da unidade de tratamento lexicográfico (Iriarte, 2001: 293).

1.1. A entrada

Nas entradas ou lemas a eliminación do androcentrismo debe comezar coa extensión do xénero dual a tódolos adxectivos e substantivos referidos a persoas que, pola súa forma, o admitan³.

Esta máxima coloca sobre a mesa varios problemas de carácter metodolóxico que hai que resolver antes de iniciar o traballo de redacción da obra.

Primeiro. Como comportarse verbo dos lemas que se refiren a cargos e profesións en que non hai presenza feminina, ou esta é moi escasa, e sobre os cales a sociedade aínda non está a utilizar tentativas de flexión xenérica. Ese sería o caso, por exemplo, dos substantivos e adxectivos relativos á profesión militar como *alférez*, *tenente*, *xeneral*, *soldado*. ¿Cal debe ser o comportamento do equipo redactor? ¿Adiantarse á sociedade e propoñer unha solución dual do tipo *alférez*, *brigadiera*, *tenenta*, *xenerala*, *soldada*?

A proposta de dualidade xenérica está no sistema lingüístico (que presenta solucións similares nas parellas *rapaz-rapaza*, *asistente-asistenta*, *español-española*, *avogado-avogada*) e sería axeitada dende unha perspectiva gramatical. Mais, antes de tomar esta decisión, convén ter presente que neste momento o mecanismo flexional aínda non forma parte da fala e os dicionarios –convén non esquecerlo– son, sobre todo e ante todo, a recompilación de usos propios da fala, de solucións lingüísticas efectivamente empregadas pola comunidade falante. Esa razón xustificaría convincentemente que nesas entradas non aparecese a flexión xenérica para os femininos.

Xa que logo, a ausencia da flexión xenérica en palabras que non a teñen na fala non debe ser automaticamente cualificada de androcentrismo ou sexismo. O que, sen dúbida, si tería esta consideración é presentar no apartado reservado á categoría gramatical estas formas só como substantivos masculinos. Efectivamente, unha muller que ingresa no exército aínda non é unha *soldada*, pero seguro que é *unha soldado* e

³ Está é a proposta de Lledó (2002), especialmente nas páxinas 47-57, e Marco (2003): 24-25.

non *un soldado*⁴, por iso esta entrada irá acompañada só da indicación de que é substantivo e, en consecuencia, de que os determinantes e modificadores que a acompañen poden ser femininos ou masculinos, segundo o seu referente real.

Segundo. Como tratar as entradas referidas ós cargos e profesións de clara adscrición feminina como *azafata*, *comadroa*, *costureira*, *matrona*... ¿Débese propoñer unha forma masculina do tipo *azafato*, *comadrón*, *parteiro*, *costureiro*, *matrono*? Estamos no mesmo caso anterior: no sistema é posible crear ese masculino, pero non está na fala. Ademais, non son designacións aplicadas a homes, pois cando estes comezan a desenvolver a actividade adoitan modificar a denominación: *auxiliares de cabina e modista/modisto*. De calquera xeito, tampouco aquí estaríamos ante a precisión urxente de marcar a dualidade xenérica. Do mesmo xeito que *atleta*, *anestesista* e *taxista* son nomes que se aplican a homes e mulleres, tamén se pode facer o mesmo con *azafata*, *comadroa*, *costureira*, *matrona*...; abonda con categorizalos só como substantivos sen ningunha adscrición de xénero.

Terceiro. Como recoller no dicionario os femininos propios da lingua popular —ás veces circunstanciais e cunha extensión semántica moi concreta—, pero non recoñecidos no modelo estándar e culto⁵.

A dualidade xenérica é unha conquista da sociedade. Lembremos que as damas medievais son tratadas en toda a nosa literatura trobadoresca de *señor*, unha solución que feminizamos totalmente en *señora*.

A tendencia da sociedade, consonte coa propia da lingua, a expresar de xeito redundante o xénero, cos determinantes e coa desinencia, fai que na fala se usen moitas máis formas femininas das que se recollen nos dicionarios e nas obras académicas de referencia: *oficiala*, *axudanta*, *cantanta*, *estudanta*, *parenta*...

Neste caso, o equipo de redacción do dicionario pode optar por obviar estes femininos e considerar só os indicados polas autoridades académicas ou por trasladar ó dicionario

⁴ Neste sentido é posible considerar esaxerado, como fai Marco (2007: 133), que as formas *brigadier*, *cacique*, *capataz*, *comandante*, *coronel*, *intendente*, *mariscal*, *maioral*, *mordomo*, *oficial*, *rexente*, *sarxento*, *tenente* aparezan no *Dicionario Xerais da lingua* (2006) só en masculino. É verdade que *brigadier*, *cacique* e *comandante* son presentadas só como *s.m.*, pero *capataz*, *maioral*, *oficial*, *rexente*, *sarxento* e *tenente* categorízanse como *s.* polo que poden ser masculinas ou femininas.

⁵ Este punto non é tratado en ningún dos estudos manexados.

estas posibilidades. No caso de optar por esta solución aínda caben dúas alternativas: dar este feminino como único posible (*axudante*, *-ta*)⁶ ou recoller esta formación de xeito que non se entre en confrontación coas indicacións académicas, facéndoo, por exemplo, nunha observación marxinal dentro do propio artigo lexicográfico. Na edición do 2000 do *Gran dicionario Xerais da lingua* é posible ver varias destas posibilidades:

cantanta *adx. e s.f.* Feminino popular de cantante.

CANTANTE *adx.* 1. Que canta. // *adx. e s.* 2. Persoa que ten por oficio interpretar cancións. 3. *fig.* Persoa pouco formal e pouco seria; trapalleiro.

parenta *s.f. fam.* Esposa.

PARENTE *s.* Persoa que pertence á mesma familia ca outra, ben por relación de consanguinidade ou de ben de afinidade. **OBS.** Popularmente tende a formarse un feminino *parenta*.

Cuarto. Unha cuestión que se criticou é o comportamento que seguen os dicionarios cos «falsos pares, aqueles substantivos e adxectivos definidos de distinta forma, segundo se apliquen a mulleres ou homes» (Marco, 2007: 134). Neste punto son tres os aspectos merecentes de comentario e reflexión: presentar entradas distintas para o masculino e o feminino, non definir igual cada xénero e recoller na forma feminina acepcións impostas polo usos sociais que non son favorables á muller⁷.

Tal e como están estruturados hoxe os dicionarios, alfabetizados pola forma masculina, non temos ningunha posibilidade nos duais de atopar unha entrada buscándoa en feminino. Dende que na escola se comeza a traballar con estes manuais dísenos que temos que buscar as palabras pola súa forma masculina e sinálasenos o procedemento básico da alternancia xenérica (*-o*, *-a*), mais ¿que acontece se temos un feminino cunha formación pouco común con respecto ó masculino? ¿Como buscamos *xudía* ou *baronesa*, por só citar dous exemplos?

⁶ Esta é a solución adoptada no *Dicionario de galego* (2008). Para a redacción deste traballo tomamos como punto de referencia básico este último dicionario, na súa versión para internet do dicionario en papel publicado pola editorial Ir Indo catro anos antes, o *Dicionario Xerais da lingua* (2006) e o *Gran dicionario Xerais da lingua* (2009), que nalgúns momentos contrastaremos coa súa primeira edición do ano 2000.

⁷ Marco (2007: 134) critica que *fulana*, ademais, sexa descrita como ‘lurpia, puta, muller que se dedica á prostitución’ e que a voz *almiranta* non sexa definida igual ca *almirante*. Neste último caso tamén mostra a súa estrañeza porque apareza separada de *almirante*.

Aínda máis, hai substantivos duais que teñen no feminino acepcións específicas, ¿como se colocan? ¿É admisible ideoloxicamente que unha palabra que só ten ese significado cando é feminina haxa que buscala nun artigo en masculino? Para min non, aínda que ese masculino teña á beira a variación xenérica feminina.

FULANO -A [fu'lanɔ -a] s. **1.** Tratamento vago e indeterminado atribuído a aquel cuxo nome se descoñece ou non se quere nomear; individuo. **2.** Persoa indeterminada ou imaxinaria. // s.f. **3. fig.** Lurpia, puta, muller que se dedica á prostitución. **Fulano de t. loc.s.**, designación dunha persoa, en lugar do seu nome propio [en particular cando este se descoñece ou non interesa especificalo]. **ETIM** ár. *fulan* 'alguén'.

Ante o exemplo anterior, tomado do *Gran diccionario Xerais da lingua* (2009), a miña proposta é presentar unha entrada independente para a forma feminina, mesmo asumindo o risco de que entre os dous lemas haxa mínimas diferenzas e de que as acepcións propiamente de mulleres revelen unha historia escura e unha consideración social negativa:

FULANA [fu'lanɔ] s.f. **1.** Tratamento vago e indeterminado atribuído a unha muller cuxo nome se descoñece ou non se quere nomear. **2.** Muller indeterminada ou imaxinaria. **3. fig.** Lurpia, puta, muller que se dedica á prostitución. **Fulana de t. loc.s.**, designación dunha muller, en lugar do seu nome propio [en particular cando este se descoñece ou non interesa especificalo]. **ETIM** ár. *fulan* 'alguén'.

FULANO -A [fu'lanɔ -a] s. **1.** Tratamento vago e indeterminado atribuído a aquel cuxo nome se descoñece ou non se quere nomear; individuo. **2.** Persoa indeterminada ou imaxinaria. **Fulano de t. loc.s.**, designación dunha persoa, en lugar do seu nome propio [en particular cando este se descoñece ou non interesa especificalo]. **ETIM** ár. *fulan* 'alguén'.

Mentres as entradas femininas non teñan presenza propia á marxe do masculino, proponho que a entrada en feminino consiga a súa individualidade en dúas circunstancias: cando os mecanismos de alternancia xenérica non sexan os máis comúns (*actriz, duquesa, alcaldesa, xudía* etc.) e/ou cando a forma feminina teña algún significado específico. Esta última razón é a que xustifica unha entrada independente para *boneca* ou para *bruxa*.

Esta norma de comportamento garántenos que os substantivos con variación xenérica se acharán con maior facilidade e que os conceptos femininos non se situarán baixo o masculino. Agora ben, para non acentuar o sexismo e o androcentrismo as definicións dos dous termos deben ser paralelas nos significados comúns. Por esta razón nos exemplos presentados máis abaixo son correctas as dúas primeiras parellas de entra-

das, pero non a terceira nin a cuarta, que resulta especialmente aldraxante por non darlle entidade á forma feminina e remitir ó masculino:

Gran diccionario Xerais da lingua (2009)

1.

ACTOR -ORA [ak'tor -ora] s. **1.** Persoa xurídica que outorga un documento. **2.** Persoa que inicia un proceso xudicial. // s.m. **3.** Persoa que interpreta un papel nunha serie televisiva, no cinema ou nunha obra de teatro. **4. fig.** Persoa que actúa simuladamente con intención de enganar. **OBS.** Nas acepcións 1 e 2 o feminino é *actora*; na 3 e 4, *actriz*. **ETIM** lat. *actore(m)* 'axente'.

ACTRIZ [ak'triθ] s.f. **1.** Muller que representa un papel nunha serie televisiva, no cinema ou no teatro. **2. fig.** Muller que actúa simuladamente con intención de enganar. **ETIM** lat. *actrice(m)* 'a que presenta demanda'.

2.

COLEXIAL [kole'ʃjal] *adx.* **1.** Relativo ou pertencente a un colexio. // s.m. **2.** Alumno dun colexio. **3.** Home que ten praza ou bolsa de estudos nun colexio. **ETIM** lat. *collegiale(m)*, id.

COLEXIALA [kole'ʃjalə] s.f. **1.** Alumna dun colexio. **2.** Muller que ten praza ou bolsa de estudos nun colexio. **ETIM** de *colexial*.

3.

ASISTENTA [asis'tenta] [asis'tenta] s.f. Criada segurar que serve en conventos de relixiosas. **ETIM** de *asistente*.

ASISTENTE -A [asis'tente -a] [asis'tente -a] *adx.* **1.** Que asiste, que está presente // *adx.* e s. **2.** Persoa que asiste ou axuda; auxiliar, axudante. // s. **3.** Home ou muller que axuda nos labores domésticos dunha casa. // s.m. **4.** Soldado que serve de criado a un superior. **A. social** *loc.s.*, profesional cualificado que traballa na busca de solucións para diversos problemas sociais da comunidade. **ETIM** lat. *assistente(m)*, part. de *assistere* 'estar ó lado de'.

Diccionario de galego (2008)

heroe

1 s MIT Ser semidivino ao que se lle atribúen xestas prodixiosas a favor do grupo que o recoñece como tal.

2 s Persoa que se distingue pola súa coraxe, valor e fortaleza no sufrimento nunha situación determinada.

3 s Personaxe principal dunha obra literaria ou cinematográfica.

1heroína

s f ⇒ *heroe*.

1.2. A definición

O comportamento básico do equipo redactor dun dicionario que queira fuxir do sexismo e do androcentrismo pasa por asumir, en primeiro lugar, a máxima de que hai que eliminar das definicións calquera asomo de redacción discriminatoria para a muller. O outro aspecto que cómpre tratar é a eliminación do xenérico masculino das definicións pois, como ben indica Marco (2007: 131), este feito trae consigo «a invisibilidade do feminino».

Eulàlia Lledó (1992: 28) afirma que:

uno de los fenómenos más graves de discriminación lingüística radica en un aspecto gramatical que articula tanto el castellano como otras muchas lenguas y que consiste en el uso del género masculino como neutro. Es decir, utilizándolo como si abarcara masculino y femenino. Esta regla, que como el resto de las reglas gramaticales que se han dictado, no es de orden natural, eterna e inmutable, sino un claro reflejo de la visión androcéntrica del mundo y de la lengua; normalmente se transmite en los textos escolares y se trata en clase de lengua sin ninguna reflexión ni comentario, dando así carta de naturaleza a uno de los ejes vertebradores del androcentrismo más claros, constantes y habituales en la lengua: el que refuerza la presencia del género/sexo masculino y causa la desaparición del género/sexo femenino.

A pesar do tempo pasado dende que se escribiron estas palabras, as obras de referencia na descrición gramatical do galego limítanse a describir este feito sen ningunha consideración máis ó respecto⁸.

Dende a miña óptica, a consideración do xénero masculino como xenérico esixe unhas reflexións que se poden resumir nos seguintes puntos:

⁸ Freixeiro (2001: 83): «do ponto de vista semántico, o masculino é unha forma xeral, non marcada, e o feminino indica unha especialización». Álvarez / Xove (2002: 394): «O termo fem. da oposición, o intensivo ou marcado, significa constantemente 'sexo feminino'; o termo masc., o extensivo, significa o 'sexo masculino' oposto, ou a indiferencia á oposición, na realidade 'sexo masculino e / sexo feminino'. Nesta obra especificase, ademais, que «hai casos en que xa é de norma usa-lo masc. e o fem. en plural para referirse a individuos dos dous sexos, como os discursos que van encabezados con «Señoras e señores», «Miñas donas, meus señores», na actualidade está é unha tendencia social en expansión, que deixa de emprega-lo membro extensivo en contextos referidos a persoas dos dous sexos» (Álvarez / Xove, 2002: 395).

- a) Nada hai na lingua que indique que o uso extensivo ou non marcado –entendido como englobador da referencia ó masculino e ó feminino– só poida ser desenvolvido polo masculino. De feito, hai exemplos en que o extensivo é feminino: *besta, ovella, vaca, cabra, galiña*⁹...
- b) Os casos en que o extensivo ou non marcado é feminino demostranos que este uso é produto dunha concepción cultural en que o nome global para os dous sexos é o que representa a especie que se considera máis útil e produtiva.
- c) Consecuente e paralelamente, a concesión do uso extensivo ou do carácter non marcado ó masculino nos nomes referentes ós seres humanos procede dunha consideración social en que a muller é tida por menos útil e produtiva có home.

Xa que logo, para eliminar sexismo e androcentrismo dun dicionario é preciso eliminar o uso do xénero masculino como extensivo, non marcado ou xenérico; é dicir, para abranguer un colectivo en que existen homes e mulleres, nenos e nenas empregáranse os dous xéneros, ou palabras que comprenden os dous xéneros (*persoa, ser, xente...*) ou nomes colectivos (*veciñanza, cidadanía, alumnado*).

Nas entradas aplicadas a persoas pode darse a circunstancia de atopar unha acepción que supón unha visión negativa da muller ou que provén dunha discriminación social histórica. Coido que, ante este feito, o equipo redactor, e tamén calquera persoa que use o manual, debe ter presente que o dicionario é unha manifestación da fala, do uso efectivo que se fai da lingua. Sendo así, a única alternativa posible que ten o equipo redactor da obra ante as acepcións negativas para a muller é recoller estes usos e significados. Mais si é posible que a redacción do texto en que se explican estes significados se faga de xeito que non se traslade á definición o sexismo social que permitiu a aparición destes significados.

Entre as dúas definicións propostas nos dicionarios analizados para a palabra *cabalón* eu opto pola segunda, porque ademais de recoller fielmente o uso da fala, explica a súa xénese.

Diccionario de galego (2008):

cabalón

2 s m Muller con aspecto e modais de home.

⁹ Este feito é mencionado sen ningún outro tipo de comentario por Álvarez / Xove (2002: 395)

Gran dicionario Xerais da Lingua (2009)

CABALÓN [kaβaˈlon] *s.m.* **1.** Cabalo grande. **2. fig.** Persoa corpulenta, ruda e de modais pouco refinados. **3.** [Despectivamente] muller con modos considerados socialmente propios de home; machorro, marimacho. **ETIM** de *cabalo*.

1.3. Os exemplos

Nos exemplos, enunciados que o equipo redactor do dicionario constrúe para clarificar as distintas acepcións dunha entrada, hai que evitar, como primeira norma, a construción de sintagmas que sexan sexistas ou supoñan unha discriminación para a muller. Ademais, débese buscar a igualdade numérica na presenza de mulleres e homes como elementos protagonistas deses enunciados e coidar que os dous sexos se presenten en circunstancias de vida e de actuación semellantes.

Eulàlia Lledó (1992: 15 e ss.), despois de examinar as primeiras 50 páxinas do dicionario Fabra de catalán, comprobaba que «las mujeres constamos en 25 ejemplos, los hombres están representados en 258 ejemplos. Es decir, hay un 8,9 de ejemplos con mujeres por un 91,1 de ejemplos con hombres. La proporción es aleccionadora». Na cala que esta estudosa fixo no dicionario da Real Academia Española e no María Moliner atopou datos semellantes.

Para comprobar que acontece cos exemplos nos dicionarios actuais da lingua galega examinei a letra *B*, que ocupa 50 páxinas, do *Dicionario Xerais da lingua* (2006). Resumidamente, o resultado desa análise é a seguinte:

- a) A maior parte dos exemplos incluídos nesta letra corresponden a enunciados en que non se mencionan seres humanos.
- b) Nos exemplos en que aparecen persoas estas están caracterizadas maioritariamente co xénero masculino. A proporción é de un exemplo en feminino por cada dez en masculino¹⁰, o que equivale a que os homes ocupan o 90,90% dos exemplos, fronte ó 9,09% que lle corresponde ás mulleres.

¹⁰ Para esta análise tivéronse en conta só os exemplos en que a persoa é nomeada expresamente e non por medios pronominais, como acontece por exemplo en *bateu nel tanto que case o mata, botárono da casa, pasei un bochorno espantoso cando os vin alí, ía vestido de branco* etc. Tampouco se contabilizaron as unidades léxicas complexas como *banco de carpinteiro* ou *bata de médico*.

Mesmo se nos colocamos na perspectiva de que os enunciados en que a referencia á persoa se fai en masculino plural abranguen tamén as mulleres, a proporción segue a ser escandalosa: por cada seis exemplos e medio que nomean un home, hai un cunha muller. Nese caso teñen protagonista feminina o 13,64% dos enunciados, fronte ó 86,36% que están protagonizados por homes.

A braceira do capitán do equipo
 A ese cantante danlle moito bombo
 A morte do pai abriu unha brecha na familia
 Alí Xosé bota que el fora mariscar
 Baballa cada vez que escoita o seu fillo
 Bateron todo o monte en busca do neno perdido
 Berrou co veciño por culpa da auga
 Boicotearon o discurso do reitor
 Cando te poñas bo, xa traballarás
 É un baboso e non di máis ca parvadas
 É un xefe moi brando
 Este neno é de moi mala boca
 Foi bater co seu pai á saída do teatro despois de tanto tempo sen velo
 Houbo un boicot ó discurso do deputado
 Moi barateiro es ti
 Non sexas basto e come coa boca pechada
 O alcalde publicou un novo bando
 O comprador beireaba o becerro
 O condutor non me deu billete
 O dono da casa pronunciou un brindé
 O neno aínda non botou os dentes
 O pai deulle a bendición ó seu fillo menor
 O patriarca bendiciu o fillo maior
 Organizaron unha batida para buscar o neno desaparecido
 Pedíronlle un bis ó guitarrista
 Pintor bohemio
 Seu pai berroulle por chegar tarde
 Un alumno brillante
 Un bravo compañeiro
 Un xuíz benigno
 Arrimouse ó neno e baballouno todo
 Bicou o neno con alegría

É un bailanacriba
 Era dono dunha boa biblioteca
 Guerrilleiros mal armados bateron o inimigo
 Non se lle pode dar tanto bado ó rapaz
 Tardaron en bautizar o neno
 Un profesor brando

- c) Os exemplos en que aparecen mulleres son tan poucos que non é posible facer unha confrontación entre a visión que se dá delas e a que se fornece dos homes.
- d) Nos escasos exemplos protagonizados por mulleres non detectamos, a maiores da súa presenza ínfima, ningún comportamento claramente sexista.

A basílica de Fátima
 Berrou pola filla para xantar
 É unha boa muller
 Os cativos xa bautizaron a nova mestra
 Subscribiuse ó boletín das mulleres sindicalistas
 Unha boa vendedora

En conclusión, se a medida da visibilidade e da importancia dos seres humanos é a porcentaxe que estes conseguen nos exemplos empregados nos dicionarios, as mulleres seguimos vestidas coa capa da invisibilidade e relegadas a un segundo plano no relativo á nosa prevalencia social.

2. Trazas de sexismo en dicionarios galegos

Unha vez presentados os mínimos para evitar o sexismo e o androcentrismo nun dicionario pasaremos a comprobar como se cumpren as directrices relativas ás entradas e ás definicións en tres dicionarios actuais de uso: o *Dicionario Xerais da lingua galega* na súa edición do 2006, o *Dicionario de galego* (2008), versión para internet do dicionario en papel da editorial Ir Indo; e o *Gran dicionario Xerais da lingua*, na súa edición do 2009.

A letra que miramos con máis detemento foi o *B*, pero tamén fixemos un percorrido moito máis superficial e concreto por outras letras.

2.1. A presenza da forma feminina nos substantivos duais

En xeral, é posible comprobar que os dicionarios toman como norma a indicación do feminino naqueles substantivos que así o admiten. Hai, con todo, algunhas palabras, as menos, que poderían levar alternancia e non a presentan¹¹.

Dicionario de galego (2008):

banderilleiro

m Membro dunha cuadrilla taurina encargado de cravar banderillas;

bagaceiro

m Persoa que se encarga de sacar o bagazo do lagar e carrexalo dun lugar a outro.

becerreiro

Persoa que compra e vende becerros.

besteiro

1 *m* Soldado armado cunha bésta.

2 *m* Persoa que se dedicaba a fabricar béstas ou a vendelas.

Gran dicionario Xerais da lingua (2009)

BARRELEIRO [bareˈlejɾɔ] *s.m.* **1.** Cesto que se emprega na vendima para transportar as uvas; carreteiro, coleiro¹. **2.** [Na vendima] home que transporta as uvas. **ETIM** de *barrela*.

Persoalmente, como xa sinalei, considero que non incluír tódolos duais que a lingua permite, senón só aqueles que estean referendados polo uso, non está a manifestar unha actitude androcéntrica do equipo redactor do dicionario. Cousa moi distinta é que eses substantivos se presenten como masculinos, cando tamén poden ser propios de mulleres, que si é unha manifestación de sexismo:

Dicionario de galego (2008):

brigadier

1 *m* **BÉL** Xeneral de brigada en moitos exércitos.

bebé

1 *m* Neno menor de dous anos.

¹¹ Nalgúns casos mesmo parece que a extensión da alternancia xenérica se fixo de xeito automático sen valorar o significado das palabras. No *Dicionario de galego* (2008) presentan a alternancia xenérica *botelleiro* –ra, que é un moble; e *cullereiro* –ra, definido como ‘moble para as culleres’ e como un tipo de paxaro.

Gran dicionario Xerais da lingua (2009)

BACHAREL [batʃaˈɾɛl] *s.m.* **1.** [No sistema de estudos da Idade Media e Moderna] persoa que recibía o primeiro grao dos estudos universitarios. **2.** Persoa que acadou o título de bacharelato por rematar os estudos secundarios. **ETIM** fr. ant. *bachelor* ‘mozo que aspira a ser cabaleiro’.

CACIQUE [kaˈθikɛ] *s.m.* **1.** [Nalgunhas tribos indias de América Central e do Sur] xefe. **2.** Persoa que exerce unha autoridade abusiva sobre unha colectividade valéndose do seu poder económico ou da súa posición social. **ETIM** taíno *cacique*, id.

COMANDANTE [komanˈdantɛ] *s.m.* **1.** Xefe militar superior na escala ó capitán e inferior ó tenente coronel. **2.** Militar que exerce o mando nun posto ou praza. **3.** Oficial que comanda [especialmente no exército e na armada]. **4.** Piloto que ten ó seu mando unha aeronave.

A xeneralización da alternancia xenérica nos nomes con referencias persoais non sempre aparece ben resolta nos dicionarios analizados, como se pode comprobar nas voces *cabaleiro*, *cabrón* e *colexial*.

Verbo da entrada *cabaleiro*, cómpre sinalar que no *VOLGa* existen dúas entradas diferentes, *cabaleiro*¹ m. e *cabaleiro*²-a adx. O *Dicionario de galego* (2008) e o *Gran dicionario Xerais da lingua* (2009) recollen tamén dúas entradas pero, dende a miña óptica, adscribindolles mal os significados, porque hai femininos que non son posible nos casos que se indica.

Dicionario de galego (2008):

¹cabaleiro

1 *s m* Home que vai a cabalo.

2 *s m* Home que se comporta con educación e cortesía.

3 *s m* Termo de cortesía que equivale a señor.

4 HIST

1 *s m* Membro dun grupo social que se caracterizaba pola participación en combates a cabalo.

2 *s m* Membro dunha orde militar.

3 *s m* Membro dunha orde civil.

5 *s m* **PAT** Dor dos músculos do pescozo que impide xirar a cabeza.

²cabaleiro -ra

1 *adx* Que é educado e cortés no seu comportamento.

2 *adx* Que é nobre e distinguido na súa forma de ser.

Gran diccionario Xerais da lingua (2009)

CABALEIRO¹ [kaβa'lejɾo] *s.m.* Dor dos músculos do pescozo que obriga a telo torto e impide xirar a cabeza; cabalo. **ETIM** de *cabalo*.

CABALEIRO² -A [kaβa'lejɾo -a] *adx.* **1.** Que cabalga, anda ou pasea a cabalo. **2.** Propio dunha persoa distinguida e de boa educación; cabaleiroso. // *s.m.* **3.** Persoa que vai a cabalo. **4.** Combatente a cabalo. **5.** Individuo da clase social á que pertencían os combatentes a cabalo. **6.** Membro dunha orde de cabalaría. **7.** Persoa distinguida e de boa educación. **8.** Tratamento de cortesía; señor (*donas e cabaleiros*). **9.** Persoa pertencente á nobreza; aristócrata. **10.** Home fiel á súa palabra. **C. andante** *loc.s.*, [na baixa Idade Media] fidalgo ou nobre que anda polo mundo en busca de ocasións de lucir o seu valor e a súa destreza coas armas. **De cabaleiros** *loc.adx.*, baseado no honor sen necesidade dun compromiso escrito. **Entre cabaleiros** *loc.adv.*, entre persoas serias e de palabra. **ETIM** lat. tard. *caballariu(m)* 'palafrenero'.

A correcta distribución dos significados das dúas entradas é a seguinte:

CABALEIRO¹ [kaβa'lejɾo -a] *s.m.* **1.** Home que vai a cabalo. **2.** Combatente a cabalo. **3.** Individuo da clase social á que pertencían os combatentes a cabalo. **4.** Membro dunha orde de cabalaría. **5.** Home distinguido e de boa educación. **6.** Tratamento de cortesía; señor (*donas e cabaleiros*). **7.** Home pertencente á nobreza; aristócrata. **8.** Home fiel á súa palabra. **9.** Dor dos músculos do pescozo que obriga a telo torto e impide xirar a cabeza; cabalo. **C. andante** *loc.s.*, [na baixa Idade Media] fidalgo ou nobre que anda polo mundo en busca de ocasións de lucir o seu valor e a súa destreza coas armas. **De cabaleiros** *loc.adx.*, baseado no honor sen necesidade dun compromiso escrito. **Entre cabaleiros** *loc.adv.*, entre persoas serias e de palabra.

CABALEIRO² -A [kaβa'lejɾo -a] *adx.* **1.** Que cabalga, anda ou pasea a cabalo. **2.** Propio dunha persoa distinguida e de boa educación; cabaleiroso.

No lema *cabrón* tampouco se resolven axeitadamente os problemas derivados dunha correcta adscripción dos significados coa categoría correspondente¹²:

Gran diccionario Xerais da lingua (2009)

CABRÓN [ka'βɾoŋ] *s.m.* **1.** Macho da cabra apto para a procreación; bode, castrón, chibo. // *adx.* e *s.* **2. fig. e fam.** Home que consente o adulterio do outro cónxuxe; castrón. // *s.* **3.** Persoa maliciosa ou malintencionada. **Facer de c. [algo]** *loc.v.*, facelo con malicia. **ETIM** lat. hisp. **caprone(m)*, id.

¹² No *VOLGA* só presenta a forma masculina.

Dicionario de galego (2008):

cabrón -na

- 1 s m Macho da cabra.
- 2 s Persoa que obra con mala intención. Tm adx.
- 3 s m Home que consente o adulterio. Tm adx.

A fórmula de presentación que nos parece correcta e respectuosa cos usos que existen na fala é a seguinte¹³:

CABRÓN¹ s.m. 1. Macho da cabra apto para a procreación; bode, castrón, chibo. // adx. e s.m.
2. fig. e fam. Home que consente o adulterio do outro cónxuxe; castrón.

CABRÓN² -NA s. Persoa maliciosa ou malintencionada. **Facer de c. [algo]** loc.v., facelo con malicia.

Verbo da entrada *colexial*, que o *VOLGa* presenta con alternancia xenérica e coas categorías de adxectivo e substantivo, non resulta correcto cualificar a forma con alternancia como adxectivo porque nesta categoría é invariable. A variabilidade xenérica só se manifesta cando funciona como substantivo. Non é correcto pois a entrada presentada no *Dicionario de galego* (2008):

colexial -la

- 1 adx Relativo ou pertencente ao colexio.
- 2 s Persoa que estuda nun colexio.

Neste caso o pertinente é presentar dúas entradas, cada unha delas correspondente a unha categoría ou optar, como o fai o *Gran dicionario Xerais da lingua* (2009), por separar a forma masculina por un lado e a feminina polo outro:

COLEXIAL [kole'ʃjal] adx. 1. Relativo ou pertencente a un colexio. // s.m. 2. Alumno dun colexio. 3. Home que ten praza ou bolsa de estudos nun colexio. ETIM lat. *collegiale(m)*, id.

COLEXIALA [kole'ʃjalə] s.f. 1. Alumna dun colexio. 2. Muller que ten praza ou bolsa de estudos nun colexio. ETIM de *colexial*.

¹³ Son consciente de que os superíndices se adoitan empregar só para presentar palabras homónimas, pero neste caso estarían xustificadas pola necesidade clarificar debidamente as definicións.

Ou

COLEXIAL¹ *adx.* Relativo ou pertencente a un colexio.

COLEXIAL² *-A s.* **1.** Persoa que é alumna dun colexio. **2.** Persoa que ten praza ou bolsa de estudos nun colexio.

2.2. A presenza de redaccións sexistas no corpo das definicións

Na letra que miramos polo miúdo non achamos ningunha definición claramente sexista, aínda que hai algunhas que poderían ser sospeitosas de conteren esa actitude polo que sería de interese —e moi doado— corrixilas:

Diccionario de galego (2008):

boa

2 f INDUM Abrigo en forma de serpe que as mulleres levan arredor do pescozo.

boaventura

1 f Boa sorte, en xeral acompañada de felicidade.

2 f Adiviñación supersticiosa da sorte ou do futuro das persoas, que fan as xitanas lendo as raías das mans.

Os avances que se produciron cos anos na redacción do artigo lexicográfico vense perfectamente comparando as definicións actuais de *cazoleiro* e *cullereiro* coas que recollían nas súas páxinas os dicionarios de Eladio Rodríguez e Franco Grande¹⁴:

Diccionario enciclopédico gallego-castellano de Eladio Rodríguez (1961):

CAZOLEIRO *adj. y s.m.* Cazuelero, cominero, el hombre que tiene la costumbre o el vicio de ir a la cocina a destapar las CAZOLAS, pucheros y POTAS para ver o probar lo que se guisa. Dícese también del que se entremete en menudencias caseras impropias de su sexo...

CULLEREIRO *s.m.* El hombre que se ocupa en los menesteres femeninos de la cocina...

¹⁴ Citados a partir do *Diccionario de dicionarios* de Antón Santamarina (2003)

Diccionario galego-castelán de J. L. Franco Grande (1972):

cazoleiro *adj.* y *s.m.* Cazuelero, cominero. Dícese también del que se entremete en menudencias caseras impropias de su sexo...

cullereiro *s.m.* El hombre que se ocupa en los menesteres femeninos de la cocina...

Gran diccionario Xerais da lingua (2009)

CAZOLEIRO -A [kaθɔˈlejɾɔ -a] *adx.* e *s.* **1.** Oleiro que fabrica cazolas de barro. **2.** Persoa que adoita andar pola cociña mirando e catando o contido das cazolas. **3.** *fig.* Home que se mete en asuntos domésticos considerados tradicionalmente propios de mulleres; cazolas. **ETIM** de *cazola*.

CULLEREIRO [kuɫɛˈrejɾɔ] *s.m.* **1.** Recipiente para colocar as culleres. **2.** Ave zancuda ciconiforme (*Platalea leucorodia*), co corpo branco e co peteiro longo, ancho e rematado en forma de culler [que vive en zonas pantanosas con canavais]. // *adx.* e *s. m.* **3.** Home amigo dos labores domésticos [especialmente da cociña]. **ETIM** de *culler*.

2.3. A presenza do xenérico feminino nas definicións

Unha simple ollada ós dicionarios actuais permítenos concluír que neste punto é onde máis se avanzou na corrección do sexismo e do androcentrismo, pois onde antes aparecía a palabra *home* hoxe temos *persoa* ou *ser humano*:

Diccionario Xerais da lingua (2006)

baba (lat. vg. **baba(m)*, onom.) *s.f.* **1.** Líquido viscoso que flúe espontaneamente da boca das persoas e dalgúns animais; baballa.

baballón -ona (de *baballar*) *adx.* e *s.* **1.** Dise da persoa que adoita falar en exceso e con pouco ou ningún contido; badueiro, baralleiro, baralocas, bardallas, bardalleiro, gralleiro.

baballosa -a (de *baballar*) *adx.* **2.** *fig.* Dise da persoa que ten inclinación a falar con pouco comedimento e discreción; baboso.

babeco -a (creación expresiva) *adx.* e *s.* Persoa que nos seus actos e palabras demostra pouca lucidez e menos discreción; babilo, boubexo, boubó, necio, paneco, parvo.

bacallaeiro -a (de *bacallao*) *adx.* **2.** Dise da persoa á que lle gusta moito o bacallao. // *s.* **3.** Persoa que comercia co bacallao.

bacallao (prob. do fr. *cabillaud*, id.) *s.m.* **3.** *fig.* Persoa dunha delgadeza extrema.

badanas (de *badana*) s. **1.** Individuo simple, de pouca personalidade e con criterio cambiante. **2.** Persoa que descoida o seu aseo e vestido; baldreo, baldrogas, bandallo, bandalleiro, fargallón, pastrán, zalapastrán, zampallán, zampallón. **3.** Persoa pouco amiga do traballo; folgazán, gandulo, lacazán, nugallán, preguiceiro, vago.

Diccionario de galego (2008):

bailanacriba

Persoa inconstante e que non é seria no que fai ou no que di.

barqueiro -ra

Persoa que conduce ou goberna unha barca pequena de transporte.

bilocación

f Presenza simultánea dunha persoa en máis dun lugar.

bovarismo

m **PSIC** Estado de insatisfacción no campo afectivo e social debido ao desequilibrio entre as aspiracións dunha persoa e as súas condicións sociais, ambientais, psicolóxicas e intelectuais.

brear

v t Dar golpes unha persoa a outra.

burremia

f Acción propia dunha persoa que carece de intelixencia.

Malia esta afirmación, cómpre deixar constancia de que aínda hai casos moi recha-mantes en que a palabra *home* se emprega para referirse ó conxunto dos seres huma-nos, homes e mulleres.

Diccionario de galego (2008):

babuvismo

m **HIST/POLÍT** Doutrina de François Noël Babeuf que proclamaba a igualdade política, so-cial e económica de todos os homes, sintetizado no *Manifesto dos Iguais* (s XVIII).

babuña

1 f Cuspe que expele o home e outros mamíferos pola boca.

Diccionario Xerais da lingua (2006):

besta [e] (lat. *bestia(m)*, id.) s.f. **3.** Mamífero solípede femia (*Equus caballus*) de crina e rabo longos, que se domestica facilmente e resulta moi útil para o home; egua.

bestial (lat. *bestiale(m)*, id.) *adx.* **1.** Propio dunha besta e non do home; brutal (*instinto bestial*).

Gran diccionario Xerais da lingua (2009)

BRAZA [ˈbraθa] *s.f.* **1.** Medida de lonxitude equivalente a 1,6718 metros, usada hoxe principalmente para medir as profundidades mariñas [equivale á extensión dos dous brazos dun home abertos en cruz]. **2.** Estilo de natación no que todo o corpo queda baixo a auga a non ser a cabeza, e o nadador avanza boca abaixo dando brazadas e movendo as pernas. **ETIM** lat. *brachia*, pl. de *brachium* 'brazo', por ir a medida de punta a punta dos dous brazos estendidos.

Estes usos permítennos afirmar que os equipos redactores dos dicionarios traballaron arreo este aspecto realizando correccións constantes. Isto pódese observar nos distintos dicionarios de Edicións Xerais

Gran diccionario Xerais da lingua (2000)

BARRIGA *s.f.* **1.** Cavidade do tronco do home e dos animais onde están as tripas; bandullo, ventre.

Diccionario Xerais da lingua (2006)

barriga (de *barrica*) *s.f.* **1.** Cavidade do tronco das persoas e dos animais onde están as tripas; bandullo, ventre.

Gran diccionario Xerais da lingua (2009)

BARRIGA [baˈriɣa] *s.f.* **1.** Cavidade do tronco das persoas e dos animais onde están as tripas.

Gran diccionario Xerais da lingua (2000)

BACTERIOIDE *adx.* **1.** Dise do que se asemella a unha bacteria; bacteriforme, bacterioide. // *s.m.* **2.** Nome que reciben as bacterias que viven nos nódulos das raíces das papilionáceas. **3.** Xénero de bacterias da familia das bacterioidáceas que forman parte da flora intestinal do home e dos mamíferos.

Gran diccionario Xerais da lingua (2009)

BACTERIOIDE [bakteˈrɔjðe] *adx.* **1.** En forma de bacteria ou semellante a ela; bacteriforme, bacterioide. // *s.m.* **2.** Bacteria que vive nos nódulos das raíces das papilionáceas. **3.** Bacteria que forma parte da flora intestinal das persoas e dos mamíferos. **ETIM** de *bacter(i)*- + *oide*.

Gran dicionario Xerais da lingua (2000)

BICO *s.m.* **8.** Punto e remate da mandíbula inferior do home e doutros animais; queixelo. **9.** *p.ext.* Parte da cara do home e doutros animais composta polo queixelo, pola boca e mais polo nariz; fociño.

Dicionario Xerais da lingua (2006)

bico (prob. célt. *beccus*, id.) *s.m.* **8.** Punto e remate da mandíbula inferior do home e doutros animais; queixelo. **9.** *p.ext.* Parte da cara do home e doutros animais composta polo queixelo, pola boca e mais polo nariz; fociño.

Gran dicionario Xerais da lingua (2009)

BICO [ˈbikɔ] *s.m.* **8.** Punto e remate da mandíbula inferior das persoas e doutros animais. **9.** *p.ext.* Parte da cara das persoas e dalgúns animais composta polo queixelo, pola boca e mais polo nariz.

Gran dicionario Xerais da lingua (2000)

BIOÉTICA *s.f.* Conxunto de principios encamiñados a promove-lo ben común mediante o estudo da natureza biolóxica do home e da súa relación co resto da biosfera.

Gran dicionario Xerais da lingua (2009)

BIOÉTICA [bioeˈtika] *s.f.* Conxunto de principios encamiñados a promover o ben común mediante o estudo da natureza biolóxica do ser humano e da súa relación co resto da biosfera.
ETIM de *bio*¹- + *ética*.

A toma de conciencia de que a palabra *home* xa non é aceptada unanimemente como xenérica dá lugar nalgúns dicionarios a unha exclusión automática que non vai acompañada da modificación xenérica que necesitan outros elementos lingüísticos que concorren coa palabra:

Dicionario de galego (2008):

benvida

f Recibimento de bo grao que se lle fai a unha persoa para acollelo cando chega a algún lugar.

Unha nova consecuencia non desexada desta aposta polo uso de substantivos marcados dáse nalgúns definicións en que un substantivo masculino é definido como ‘persoa que...’:

Gran dicionario Xerais da lingua (2009)

ACTOR -ORA [ak'tor -ora] s. **1.** Persoa xurídica que outorga un documento. **2.** Persoa que inicia un proceso xudicial. // s.m. **3.** Persoa que interpreta un papel nunha serie televisiva, no cinema ou nunha obra de teatro. **4. fig.** Persoa que actúa simuladamente con intención de enganar. **OBS.** Nas acepcións 1 e 2 o feminino é *actora*; na 3 e 4, *actriz*. ETIM lat. *actore(m)* 'axente'.

A eliminación da palabra *home* para designar o conxunto dos seres humanos non é, como se pode imaxinar, intervención abonda para conseguir que o sexismo e o androcentrismo desaparezan das definicións dos dicionarios. De feito, no corpo do artigo lexicográfico hai moitas referencias ás persoas que están feitas case todas en masculino¹⁵:

Dicionario de galego (2008):

bailarín, -na

2 Bailador profesional ou afeccionado.

balbucido

2 m PSIC Forma imperfecta e vacilante de falar propia dos nenos.

balbucir

2 v t Falar ou pronunciar dunha forma imperfecta ou vacilante, especialmente o meniño cando aprende a falar.

balote

2 m XOGO Bóla feita de estopa ou papel coa que enredan os rapaces, disparándoa por un canto de cana ou polo oco dunha póla de sabugueiro.

¹⁵ No *Dicionario de galego* (2008) achamos dous exemplos en que a redacción tende claramente ó uso non sexista:

bisavó, bisavoa

1 Pai ou nai do seu avó ou da súa avoa, respecto dunha persoa.

2 m Parella de bisavó e bisavoa.

bisneto -ta

Fillo ou filla do seu neto ou neta, respecto dunha persoa.

Nestas mesma entradas os dicionarios de Xerais analizados empregan o masculino xenérico. Na entrada *bisneto, -a* pasouse do «fillo dun neto» do 2000 a un «fillo dun neto ou dunha neta» no 2009, que segue sen corrixir plenamente o androcentrismo.

Dicionario Xerais da lingua (2006)

babeiro (de *baba*) *s.m.* Peza de tea ou lenzo que se lles coloca ós nenos sobre o peito suxeita ó pescozo por una cinta para evitar que se ensucien ó comer ou ó babarse; babadeiro.

baloncesto (de *balón* + *cesto*) *s.m.* Deporte de equipo no que se enfrontan dous conxuntos de cinco xogadores tratando de introduci-lo balón coa man na canastra contraria.

banca (de *banco*) *s.f.* **3. p.ext.** O conxunto dos banqueiros (*os intereses da banca*). **4.** Diñeiro apostado en certos xogos de salón que está sobre a mesa e que manipula o responsable do xogo para pagar ós xogadores (*hai corenta mil pesetas de banca*).

Nalgún caso dentro dunha mesma entrada pode coincidir o uso androncéntrico con outro que non o é:

Dicionario de galego (2008):

²balseiro -ra

1 Persoa que conduce unha balsa.

2 Cidadán cubano que abandona a illa caribeña en embarcacións rudimentarias.

brazo

ANAT

1 Cada unha das dúas extremidades torácicas do ser humano.

2 Parte comprendida entre o ombreiro e a man.

3 Parte de cada extremidade torácica do home comprendida entre o cóbado e o ombreiro (en oposición ao antebrazo).

Dicionario Xerais da lingua (2006)

bancada (de *banco*) *s.f.* **1.** Nas embarcacións pequenas, táboa que serve de asento ós remeiros colocados de couso a arca; banco. **3. p.ext.** Xente que nun momento dado ocupa un banco.

bimbastro (de *guindastre*) *s.m.* **2.** Asento suspendido no aire por medio de dúas cordas, cadeas ou barras ríxidas penduradas dunha barra horizontal ou dunha póla, que se emprega como diversión polos nenos e rapaces facéndoo mover de diante cara a atrás; arrandeeira, bambán, carriola, randeeira. **4. fig.** Persoa alta e delgada.

Cómpre tamén sinalar que este procedemento entra en moitos casos en contradición coa xeneralización da alternancia de xénero nas entradas que o permiten:

Dicionario de galego (2008):

braceiro -ra

- 1 Traballador que realiza labores agrícolas a xornal.
- 2 Persoa que ofrece o brazo a alguén para servirle de apoio.

Gran dicionario Xerais da lingua (2009)

BODEGUEIRO -A [boðeˈɣejɾo -a] *adx.* e *s.* **1.** Persoa que posúe unha bodega ou que está ó cargo dela; adegueiro. **2.** Caseteiro, labrego que habita nun bodego e non posúe terras nin gando de seu. **ETIM** de *bodega*.

3. Conclusións

Dos aspectos comentados nesta intervención pódense tirar as seguintes conclusións:

- a) Hai unha clara tendencia dos equipos redactores dos dicionarios para darlle visibilidade ás mulleres coa expresión da dualidade xenérica nos nomes que o permiten.
- b) As palabras que non teñen variación xenérica adoitan caracterizarse como substantivos sen adscripción, mais aínda hai moitos casos en que se categorizan como formas masculinas aquelas que tamén se poden aplicar ás mulleres.
- c) A tendencia da fala a feminizar nomes non é recollida convenientemente polos dicionarios.
- d) Cando a forma feminina dun nome dual se individualiza como lema non sempre se define do mesmo xeito có seu par masculino.
- e) O uso do xenérico masculino, especialmente o de *home* para abranguer tamén á muller, está en decadencia, pero segue sen modificarse a tendencia noutras palabras.
- f) Os exemplos incluídos nas obras examinadas seguen a ter nunha esmagadora maioría protagonista masculina e potencian a invisibilidade feminina.

Eulàlia Lledó no ano 1996 (Lledó, 1996: 151) concluía así un artigo titulado «Reflexiones sobre el sexismo y el androcentrismo»:

Al principio de este artículo proponía hacer un alto en el camino y mirar atrás, espero que se haya podido ver con claridad parte del trecho andado, espero que se haya puesto de manifiesto que la lengua, espejo de la realidad, fiel herramienta de comunicación, refleja el sexismo producto de la mente de la o del hablante. Espero también haber mostrado cómo el androcentrismo tiñe la lengua y conforma unos determinados usos lingüísticos, concretamente y básicamente a partir de los dos usos lingüísticos que he descrito en este artículo, usos, como hemos visto, modificables. Finalmente, espero que esta mirada retrospectiva, haya mostrado algunos pasos, a veces pequeños pasos, en el constante avance del día a día, en ocasiones cansado pero siempre cambiante y productivo; también que esta larga andadura nos permita atisbar algunos senderos y atajos del futuro, caminos y atajos que nos permitirán transitar hacia un habla más justa, menos discriminatoria y más libre de prejuicios.

Á vista do expresado aquí, coido que, efectivamente, se leva moito camiño andado, sobre todo no relativo ó posicionamento contrario ó sexismo e ó androcentrismo dos equipos redactores do dicionarios. Unha mágoa que este convencemento non se amose dun xeito máis claro no resultado final do seu labor. Estou convencida de que continuando nesta liña de traballo non tardaremos en atopar dicionarios libres de redaccións discriminatorias para a muller.

4. Coda

Cando o Servizo de Normalización da Universidade da Coruña me convidou a participar nas VI Xornadas sobre Lingua e Usos co lema «Lingua e Xénero» aceptei con entusiasmo. Considereino unha magnífica oportunidade de comprobar como se pasara da teoría á práctica en obras, os dicionarios de Edicións Xerais, dos que son coautora. Unha vez comezada a investigación o entusiasmo virose desacougo e, finalmente, desilusión. Por iso, se o título da conferencia tivese que recoller o meu estado de ánimo, este non sería o que aparece no cabezal, senón estoutro: «Tribulacións dunha dicionarista feminista que forma parte dun equipo redactor de dicionarios que, aínda sendo paritario e tomar como unha das súas ideas-guieiro a eliminación do sexismo, ve como a tradición, a herdanza e a ideoloxía dominante se impuxo inexorablemente sobre o resultado final do seu traballo».

5. Bibliografía

Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Dicionario de galego (2008): www.digalego.com.

Dicionario Xerais da lingua (2006⁴) = Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2006): *Dicionario Xerais da lingua* (Vigo: Xerais).

Fariña Busto, M. J. *et al.* (coord.) (2007): *O reto da igualdade. Feminismo, xénero, universidade* (Vigo: Universidade de Vigo).

Freixeiro Mato, X. R. (2001): *Manual de gramática galega* (Vigo: A Nosa Terra).

Gran dicionario Xerais da lingua (2000) = Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2000): *Gran dicionario Xerais da lingua* (Vigo: Xerais).

Gran dicionario Xerais da lingua (2009) = Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua* (Vigo: Xerais).

Grupo NOMBRA (1998): *Lo femenino y lo masculino en el Diccionario de la Lengua de la Real Academia Española* (Madrid: Instituto da Muller).

Iriarte Sanromán, A. (2001): *A unidade lexicográfica. Palavras, colocações, frasesmas, pragmatemas* (Braga: Centro de Estudos Humanísticos. Universidade do Minho).

Lledó, E. (1992): *El sexismo y el androcentrismo en la lengua: análisis y propuestas de cambio* (Barcelona: Instituto de Ciencias da Educación-Universidade Autònoma de Barcelona).

— (1996): «Reflexiones sobre el sexismo y el androcentrismo. Sus repercusiones en la lengua», en Marco (1996a:137-151).

Marco López, A. (ed.) (1996a): *Estudios sobre mujer, lengua y literatura* (Las Palmas/Santiago de Compostela: Universidad de Las Palmas de Gran Canaria/Universidade de Santiago de Compostela).

— (1996b): «Esteretipos de género en el Diccionario de la Lengua Española», en Marco López, A. (ed.) (1996a):187-211.

— (2003): «Lenguaje, sexismo y educación», en Sancho, M. I. *et al.* (ed.) (2003): *Lengua, literatura y mujer*: 11-29 (Xaén: Universidade).

— (2007): «Por un uso non discriminatorio da linguaxe», en Fariña Busto, M. J. (2007) *op. cit.*: 123-140.

Santamarina Fernández, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios. Versión 3* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Sancho, M. I. *et al.* (ed.) (2003): *Lengua, literatura y mujer* (Xaén: Universidade).

VOLGa (2004) = González, M. / Santamarina, A. (coord.): *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (A Coruña: Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega).

Tradución e androcentrismo: Quen traduce que(n) e como na Galiza

ROBERT NEAL BAXTER

Universidade de Vigo

Inévitablement, la main traduisante fera passer
ses valeurs, ses intentions, ses positions
idéologiques, dans le texte qu'elle réécrit en
langue cible (Lotbinière-Harwood 1991: 18)

Introdución

Hai quen proclama, xa desde a metade dos anos oitenta do século pasado co artigo publicado en 1982 por Susan Bolotin no *New York Times Magazine* co título «Voices of the Post-Feminist Generation», que vivimos nun mundo «posfeminista», un mundo onde o feminismo estaría superado e, por tanto, obsoleto:

Some say that they are post-feminists because they believe the concept of feminism is irrelevant in society where gender inequality isn't a modern-day problem. And, by proxy, they are also saying that feminism has achieved its goals and now it is time to distance themselves from the movement. (Nedeau, 2008)

Forma parte desta mesma visión a ridiculización da que foron –e seguen a ser– vítima as tentativas de reformas destinadas a evitar usos lingüísticos discriminatorios a respecto de grupos socialmente vulnerábeis (e vulnerados nos seus dereitos e na súa dignidade desde tempos inmemoriais), nomeadamente todos aqueles grupos que non forman parte do grupo dominante composto por varóns brancos heterosexuais. Non hai mellor xeito de combater unha ideoloxía e evitar que callar na sociedade do que proclamala innecesaria e superada ao mesmo tempo que tornala obxecto de mofa. Así foi como se ridiculizou e transformou o concepto de «politicamente correcto» (Cameron, 1995: 123-130), chegando hoxe a ser de moda, tanto de esquerdas como de dereitas, dar en chamarse «politicamente incorrecta».

Agora ben, lonxe de ser superada, a necesidade de reformas lingüísticas destinadas a asentar e fomentar usos non discriminatorios se releva ser tan vixente hoxe como nunca, nunha sociedade que segue a tratar as mulleres como inferiores, marxinais ou invisíbeis e que segue a reflectir este tratamento desigual e denigrante nos patróns dominantes de usos lingüísticos androcéntricos. E, como non pode ser doutra maneira, este fenómeno vese reflectido e perpetuado na tradución a todos os niveis onde, máis unha vez, as prácticas antiandrocéntricas están tachadas de «absurdas» e as tradutoras que as aplican de «tolas» (Reimóndez, 2009: 81). Do que se trata, en resumo, é de menosprezar e minorar as reivindicacións lexítimas do feminismo de a muller chegar a vivir en pé de igualdade cos seus conxéneres varóns.

O posfeminismo, esta especie de «feminismo sen mulleres», e o seu corolario, a ridiculización da linguaxe non sexista, non son máis do que unha outra tentativa máis para neutralizar o feminismo (Modleski, 1991), entendido como a loita para a consecución da plena igualdade dos homes e das mulleres na sociedade a todos os niveis, incluída a súa representación simbólica, que non carece de plena vixencia nunha sociedade onde os datos máis básicos indican que, por moito que mudasen as cousas nas sociedades occidentais nas últimas décadas, este obxectivo está moi lonxe de ser conseguido, ao nivel global.

Por se couber calquera dúbida ao respecto da sobrevivencia da desigualdade por motivo de xénero, vallan estes datos ilustrativas do ámbito laboral (CIG, 2008: 4-5; 10-11): a temporalidade no emprego é moito maior que entre os homes; a taxa de desemprego feminino é superior ao masculino; o traballo temporal é moito maior entre as mulleres para poderen conciliar a economía familiar e laboral; son menores as súas cotizacións sociais, polo que poden atopar serias dificultades para acceder ás prestacións; os seus salarios son, de media, un 25% inferiores.

O androcentrismo non é un fenómeno casual, senón que está estruturalmente integrado no sistema imperante:

[...] resulta fundamental realizar propostas para mudar e evitar o sexismo no uso lingüístico, porque este é revelador [...] de determinacións provenientes da ideoloxía dominante, nun funcionamento social dado, duns intereses económicos particulares e, digámolo xa, da pervivencia non inocente dunha visión androcéntrica e masculinista que non só é atavismo senón elemento funcional ao mantemento dun *statu quo* en que as mulleres *deben* seguir discriminadas a fin de o sistema rodar en condicións favorábeis para el propio. (García Negro, 2009: 169)

Todo apunta que, lonxe de vivirmos nun mundo posfeminista, seguimos a vivir nun mundo patriarcal e androcéntrico. O primeiro paso de cara á procura de solucións consiste na identificación das eivas existentes para entender cales son as causas profundas que levan aos desequilibrios reais para logo poder aplicar as medidas correctoras axeitadas. Este proceso e a necesidade de medidas correctoras para remediar o nesgo androcéntrico imperante e socialmente transversal son aplicábeis ao fenómeno da tradución do mesmo xeito que se aplican medidas positivas para fomentar a igualdade entre homes e mulleres tanto nos feitos reais como nas representacións simbólicas noutros ámbitos.

Neste artigo vese como a tradución non fica allea a este fenómeno a varios niveis: a práctica da tradución segue a obedecer aos imperativos da norma androcéntrica dominante, polo que calquera tentativa de rectificación ou corrección que o contradixer se torna un obxecto de burla co fin de neutralizalo. Deféndese a vixencia dos postulados do feminismo e a necesidade continuada da súa aplicación ao terreo da tradución.

Son dúas as razóns principais que motivan na escolla da tradución como ámbito privilegiado de investigación no que se refire á preponderancia do discurso androcéntrico. Por unha banda, debido a que a tradución está estreitamente ligada aos usos lingüísticos (Flotow, 1991: 72) é máis que probábel que, ao seren marcados estes usos polo sexismo androcéntrico, a tradución tamén o estará. Noutras palabras, partindo da existencia do androcentrismo como un dos alicerces da sociedade na que están inseridas, nin a linguaxe nin a tradución poden ser neutrais nun contexto que non o é (Cameron, 1995).

A tradución resulta ser (Baxter, 2005) unha ferramenta moi interesante por e para tornar patente visións ideoloxicamente preconcebidas latentes, sobre todo, por exemplo, ao obrigar as/os tradutoras/es a escolleren entre formas gramaticalmente marcadas na lingua de chegada en que houber un contexto determinante partindo de formas epicenas no orixinal como acontece no caso de traducir os termos *doctor*, *nurse* e *child* do inglés para o galego (*doutor/a*, *enfermeira/o* e *nena/o*). As escollas que se fan delatan concepcións particulares acerca da repartición dos papeis sociais e a súa correlación co xénero dos individuos que os desempeñen.

Pola outra, a tradución desempeña un papel moi especial dentro dos sistemas con linguas non normalizadas como a nosa (véxase Zabaleta, 2002; e García González, 2002), ao ter un impacto moi directo nos procesos de normalización e incluso de normativización:

[...], las personas que ejercen la mediación lingüística actúan como agentes codificadores de la lengua (Díaz Fouces, 2005: 4)

En termos máis xerais, o capital simbólico das obras publicadas, como canón literario, desempeña un papel importante na configuración da identidade nacional, e nos sistemas literarios débiles como o galego onde a tradución ten un peso importante (por exemplo, 15,2% de todas as obras publicadas en galego entre 1990 e 1993; Millán-Varela 2000: 271), a tradución, á súa vez, tamén xoga un papel de igual importancia na construción da identidade natural (Arias, 1995 *inter alia*).

Por todas estas razóns, resulta ser de grande interese procurar esclarecer quen traduce que e como ao galego, ao teren os seus produtos traducidos un impacto potencial moi importante na (re)transmisión dos valores que serven como base para conformaren a construción da identidade colectiva.

Obxectivos

O que aquí se propón é levar a cabo unha breve análise da tradución cara á lingua galega desde a perspectiva do xénero, partindo das seguintes tres preguntas básicas ás que se tenta responder e propondo, asemade, explicacións para os resultados achados:

1. Que se traduce (o obxecto)?
2. Quen traduce (o suxeito)?
3. Como se traduce (estratexias)?

Estas interrogativas de partida corresponden a dous niveis de análise diferentes máis relacionados entre si: os dous primeiros puntos áchanse no campo das macroanálises do fenómeno da tradución no seu conxunto ao trataren ambas as cuestións en termos cuantitativos para poder contrastar os resultados relativos dos variábeis do binomio masculino-feminino en cada caso; o terceiro punto, pola contra, é xa da orde das microanálises ao tratar de dilucidar as estratexias concretas empregadas en determinados casos ou instancias tradutivas.

Macroanálises

QUE SE TRADUCE

Inspirada notabelmente na teoría dos polisistemas e a súa formulación de sistemas literarios «débiles» ou «marxinais» (Even-Zohar, 1990; e Toury, 1990) existe unha tendencia por parte da investigación no campo do papel da tradución no caso da lingua galega de se centraren os estudos na cuestión dos fluxos e intercambios desiguais

entre as linguas/culturas («sistemas») de partida e as de chegada (*cfr.* Cruces Colado, 1993; Fernández Fernández, 1995; Luna Alonso, 2005; e Millán-Varela 2000 *inter alia*). Existe, por outra banda, outro ámbito importante no campo da investigación da tradución en galego que se centra na tradución de literatura infantil, debido sobre todo ao seu peso relativo en galego, tanto cuantitativa (volume) como cualitativamente (potencial de influír nas lectoras e nos lectores). Destacou, até moi pouco, porén, a falta de interese por analizar o papel da tradución desde unha perspectiva de xénero, e aínda hoxe son notábeis as excepcións como Castro Vázquez ou Reimóndez que seguen a ser marxinais (por non dicir marxinas).

Para poder proceder a un primeiro achegamento empírico de estudo e análise do nivel de representatividade da muller como obxecto de tradución en galego –iso é a proporción das autoras traducidas fronte á dos autores traducidos– escolléronse catro fontes de datos principais: dúas do mundo editorial xeral, unha editora dedicada exclusivamente ás traducións e a cuarta unha fonte virtual cunhas características específicas.


En primeiro lugar, optouse por Edicións Xerais, por ser esta unha das editoriais máis importantes en lingua galega e con máis peso no mercado. En segundo lugar, Laiovento, por incluír no seu catálogo unha porcentaxe de traducións relativamente importantes. A terceira editorial obxecto do estudo, Rinoceronte, trátase dunha editora que se dedica exclusivamente á publicación de traducións cara ao (e, e moito menor medida, desde o) galego. Finalmente, inclúese unha análise das traducións publicadas virtualmente en formato dixital mediante unha depuración da listaxe dos títulos das obras dispoñíbeis na Biblioteca Virtual (Bivir). Aínda que este proxecto dirixido desde a Asociación de Tradutores Galegos (sic.) está radicado no Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, interesa particularmente aquí opor que, alén de ofrecer unha variedade importante de obras traducidas, tamén está relacionado co Departamento de Tradución e Lingüística da mesma Universidade, coa implicación directa de moitas/os das/os estudantes desta carreira. Para alén da primeira análise cuantitativa das obras e autores/as traducidas/os, máis adiante analízase a proporción de tradutoras recoñecidas como tal onde é interesante contrastar co facto de a enorme maioría das persoas matriculadas na licenciatura de Tradución ser mulleres.

Eis os cálculos que saíron dunha depuración moi rápida dos seus respectivos catálogos, excluindo obras de referencia, escolares etc. Nalgúns casos as cifras varían lixeiramente segundo se contabiliza o número total de obras traducidas ou o número total de autores, pois pode haber traducidas varias obras do/a mesmo/a autor/a. En todo caso, estas variacións, incluídas entre parénteses, non inflúen significativamente nos datos xerais.

- Edicións Xerais: 16 autoras traducidas dun total de 48; 33,33% (ou 31,37% das obras traducidas)
- Rinoceronte Editora: 3 autoras de 26; 11,54% (sen autoras/es repetidas/os)
- Edicións Laiovento: 6 autoras traducidas dun total de 59; 10,17% (sen autoras/es repetidas/os)
- Bivir: 8 autoras de 86; 9,3% (ou 15 de 132; 11,36% das obras traducidas)
- **Media das autoras:** 16,6% (sen contarmos autoras/es repetidas/os)


Os datos de Xerais son *a priori* máis alentadores cando se compara cos niveis acadados polas outras fontes examinadas, cunha porcentaxe de mulleres 16,7% puntos superior á media (máis do duplo). A chave para comprender esta diferenza enorme radica na existencia dunha colección especial de traducións composta exclusivamente de escritoras mulleres chamada «Literatas». Agora ben, na práctica real, lonxe de fomentar a integración das mulleres dentro do catálogo xeral dun xeito normal (*mainstreaming*), o que efectivamente fai é pechar as mulleres nun gueto e dificultar, de feito, o seu acceso ás restantes esferas maioritarias, pois no resto do catálogo de Xerais de obras traducidas no seu conxunto, só se rexistran dúas autoras, iso é tan só 4,17% do total (ou 3,92% do volume total das obras traducidas).

Cómpre tamén analizar máis polo miúdo os datos máis positivos que en termos absolutos acada a editorial Xerais. Pois, malia que mantén a colección «Literatas» ao longo do tempo desde 1999 (a obra de 1997 é anterior, así como unha das obras de 2007), a súa evolución é cando menos errática, con varios anos sen unha soa muller traducida¹:



¹ Non se publicou ningunha tradución nos anos 1992, 1994, 1996, 2002 e 2006.

A media interanual de 1990-2009 (sen traducións publicadas en 1994, 2002 e 2006) é de 31,26%, cos seguintes variacións no decorrer dos anos: 100% para os anos 2003 e 2005 (cun total de dous libros traducidos en cada caso), 75% en 2007 (3 de 4 títulos traducidos), 66% en 2001 (4 de 6), 33,33% en 1997 (1 de 3), 28,57% no ano 2000 (2 de 7), 20% en 1999 (1 de 5), 14,29% en 2008 (1 de 7) e 0% en 1990, 1991, 1993, 1995, 1998, 2004 e 2009 (dun total de 13 obras traducidas).



En definitiva, dedicar unha especial atención á muller en todos os seus aspectos é de por si un empeño dos máis loábeis, mais sempre hai que pór o máximo coidado para que a creación de espazos especificamente femininos nunca se converter nunha segregación que lembra o ideario de «separate development» («desenvolvemento separado»), alicerce do sistema de apartheid (lit. «apartación»), empecendo e impedindo o acceso e plena integración das mulleres nos espazos maioritarios que seguen a ser as esferas onde se concentra o poder dominadas polos homes. Nunha palabra: non hai que confundir a lexítima demanda de espazos propios para garantir a autonomía e a autoorganización coa segregación excluín-te.

O que se debe reivindicar, para alén da creación de espazos propios –por antonomasia situados na anormalidade– é asemade a integración da muller en todos os planos na normalidade e no habitual, non como elementos insólitos que cómpre marxinar.

Os resultados para Editora Rinoceronte entran xa dentro da media das tres fontes restantes (11,02%, excluindo Xerais). Isto é: demostra unha clara decantación para publicar traducións de autores varóns (88,98%). Resulta evidente, pois, que a declara-

ción de intención que consiste nun compromiso de «facer as cousas doutro xeito»² non se aplica cando se trata de rachar co nesgo androcéntrico en canto á autoría das traducións literarias publicadas en galego.

Finalmente, destaca a editorial Laiovento polo seu marcado nesgo androcéntrico con só 36 autoras traducidas dun total de 175 (20,57%). É máis, estas cifras só dan conta dun/ha autor/a principal no caso de obras colectivas: de se inclúen os nomes de todos os seus autores, o resultado sería aínda peor. O que é claro é que o autoproclamado «progresismo», «pluralidade» e «inconformismo» dos que fai gala a editorial no seu sitio web³ non se fan extensíbeis a máis da metade da poboación: as mulleres.

Cal é a razón pola que se traducen tan poucas autoras mulleres fronte a unha enorme maioría de autores homes? Será por que as mulleres non escriben? Será por que a calidade das súas obras é inferior á dos homes? Tampouco é que non exista unha oferta suficiente. Para alén das editoriais xerais máis coñecidas, existen varias editoriais consolidadas onde escoller, como por exemplo a británica Virago Press. Tentaremos aclarar aquí cales poden ser as auténticas causas desta flagrante infrarrepresentación das mulleres autoras nas listaxes das obras traducidas para o galego.

O que non suxerimos aquí é a existencia dalgún tipo de complot maquiavélico por parte da industria editorial galega que procura a exclusión deliberada das escritoras no momento de proceder á traducir obras literaria. Todo o contrario. De feito, son varias/os as/os autoras/es que teñen analizado e comentado a falta de planificación no sector editorial en galego en canto á selección das obras traducidas:

Tenemos pues, obras traducidas que responden a criterios muy poco definidos y muy variados [...] las editoras siguen manteniendo una cierta anarquía en la selección de obras [traducidas] (Luna Alonso, 2006: 7; 9)

No parece, en ningún caso que pueda hablarse de una política explícita para favorecer una determinada lengua/cultura origen [...], sino que la selección dependería, aparentemente, de los gustos y las prioridades de los editores. (Díaz Fouces, 2005:7)

² Presentación da editora no seu sitio web <<http://rinoceronte.es/quensomos.htm>>

³ As maiúsculas son do orixinal: «[n]unha empresa que ten como único obxectivo o de contribuír desde unha óptica plural, aberta e progresista, á construción nacional da Galiza. [...] optamos, plenamente conscientes dos seus riscos, por emprendermos os anchos e luminosos vieiros da LIBERDADE e do INCONFORMISMO» <<http://www.laiovento.com/index2.htm#>>

Aínda que estas observacións se cinxen *a priori* ás linguas traducidas, as nosas pesquisas tenden a corroborar esta «planificación no planificada» (Díaz Fouces, 2005: 8) no ámbito da tradución literaria publicada en galego en canto ao variábel da proporción de autores e autoras traducidas/os.

As consecuencias desta falta de planificación son, na realidade, perniciosas, porque ao non se aplicaren medidas correctivas unha actitude de *laissez faire* en calquera ámbito que se inscribe dentro dun marco xa de por si desequilibrado vai ser tamén desequilibrado do mesmo xeito á súa vez. Noutras palabras, desde o momento en que existe unha desigualdade entre homes e mulleres nos ámbitos prestixiados socialmente que leva á infrarrepresentación e á invisibilidade das mulleres activas neste ámbito, calquera fenómeno (neste caso a tradución) que operar dentro deste sistema vai reflectir e reproducir estas mesmas eivas.

O que resulta necesario, pois, é a aplicación de medidas correctivas dentro dunha política editorial coherente que englobar a tradución para que as mulleres foren representadas de xeito equilibrado e normal (iso é, non exclusivamente dentro de seccións específicas reservadas). Estas medidas responden evidentemente a unha axenda con claros obxectivos ideolóxicos, que cómpre colocar en contraposición non á neutralidade do *statu quo*, senón á axenda ideolóxica dominante que xira ao redor do androcenrismo.

QUEN TRADUCE

Reimóndez (2009: 73) concorda con Flotow (1991: 81) ao afirmar que as tradutoras como colectivo están tratadas como «servas» (*handmaidens*) traballando ao servizo dos autores varóns, como fiel reflexo do papel tradicional de submisión e secundarización que se adscribe á muller ao respecto do home na sociedade patriarcal.

Porén, no momento de analizar os datos numéricos, contrastando a proporción de tradutores varóns fronte á das tradutoras mulleres, as cifras parecen desmentir esta afirmación, xa que indican unha clara preponderancia masculina no exercicio da tradución, onde as mulleres son claramente en minoría:

- Xerais: 25 tradutoras dun total de 93: 26,88%
- Rinoceronte: 6 tradutoras dun total de 17: 35,29%

Máis, cómpre contrastar estes datos do mundo prestixioso e prestixiado da tradución literaria, por un lado, onde aparece a maioría das veces o recoñecemento público escrito do nome do/a tradutor/a ao carón do/a autor/a, regra no caso de Rinoceronte, co mundo da tradución profesional máis amplo, polo outro.

Non deixa de sorprenden á luz destes datos a enorme maioría das persoas matriculadas na licenciatura de tradución e interpretación da Universidade de Vigo desde a súa creación –hai máis dunha década– son e sempre foron mulleres. Sen poder dar unha cifra exacta, a miña experiencia persoal permíteme estimar que non menos de 80% das matriculadas/os son mulleres (por exemplo, no grupo que participou no experimento recollido en Baxter 2005, a proporción era de 10,5 mulleres por cada home, case o 90,5%). É dicir, ao menos que todas elas sexan moito menos preparadas que os seus colegas varóns (e outra vez a miña experiencia persoal non tendería a corroborar esta hipótese), o mercado non carece, en absoluto, de mulleres academicamente preparadas para exercer de tradutoras, aínda contando que non todas as persoas que chegan a completar os seus estudos universitarios han necesariamente traballar no campo profesional equivalente.

Se contrastamos, pois, as cifras anteriores cos datos da Biblioteca Virtual (Bivir), ligada coa única universidade galega que ofrece unha formación de Tradución e Interpretación⁴, a de Vigo, a proporción de mulleres tradutoras aumenta significativamente, até alcanzar case a metade: 35 tradutoras dun total de 76 (o 46,05%) e son, ademais, as mulleres as que máis obras traducen polo xeral.

Esta diferenza é de esperar, dado que a esmagadora maioría da xente matriculada na licenciatura de tradución está composta por mulleres. Mais, aínda así, fica moi lonxe de reflectir a proporción real de mulleres matriculadas, que supera sobexamente o cincuenta por cento.

Fica, pois, por elucidar esta lagoa: onde están todas estas mulleres formadas como tradutoras que non parecen exercer como tales? Non aparecen reflectidas na súa xusta proporción na obras traducidas dentro da propia universidade onde estudan, nin tampouco, e en moito menor medida, nas traducións publicadas en formato papel por editoriais como Xerais ou Rinoceronte, aínda recoñecendo, insisto, que non todas as licenciadas despois exerzan de tradutor/a e/ou intérprete, as cifras non cadran.

A chave que permite responder esta interrogante áchase nun estudo comparativo dos xéneros traducidos. Pois, aínda que están infrarrepresentadas as mulleres no ámbito

⁴ A Biblioteca Virtual (Bivir) lévaa o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, sede da Asociación de Tradutores Galegos, mais a maioría dos/as responsábeis das traducións publicadas son estudantes do Departamento de Tradución e Lingüística que forma parte da mesma Facultade de Filoloxía e Tradución.

prestixioso da tradución literaria, a presenza feminina volve imporse como maioritaria no ámbito estritamente profesional da tradución e/ou da interpretación de tipo xeral/técnico, isto é o ámbito menos prestixiado da tradución non literario. Segundo os «Datos do Directorio de Socios e Socias» da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI), hai un total de 63 mulleres dun total de 79 membros, iso é 79,75%.

En definitiva, as mulleres si traballan como tradutoras, profesionais ou non, e no seu conxunto son masivamente maioritarias. Ao comparar, porén o campo máis prestixiado da tradución literaria, as mulleres que traducen e cuxos nomes figuran ao lado do nome do/a autor/a da obra son minoría ao non chegar nin sequera á metade, mentres representan as catro quintas partes do total. No contexto global da sociedade en que se dan estas cifras, resulta difícil crer que este desequilibrio sexa froito do azar, por moito que puiden non ser deliberado ou premeditado.

A aseveración que fai Reimóndez (*op. cit.*) con que equipara as tradutoras con «servas» non é de todo acorde coa realidade. A situación real é aínda peor: as tradutoras si exercen de *bonnes à tout faire* no ámbito infravalorado da tradución non literaria, mentres que, segundo unha repartición de papeis dos máis habituais, o ámbito prestixiado da tradución literaria fica maioritariamente en mans de tradutores varóns. Non é casualidade, coido, que a asociación de non profesionais que se dedica á tradución literaria optou por unha denominación masculinizante –Asociación de Tradutores Galegos–, mentres que a asociación de profesionais preferiu unha apelación neutral que permite englobar todo o mundo sen excluír nin os homes nin as mulleres: Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación.

Noutras palabras, mentres hai unha elite de varóns tradutores literarios prestixiados, existe un batallón enorme de mulleres tradutoras anónimas que levan a cabo os labores máis rutineiros e desagradecidos da tradución xeral e técnica, onde a invisibilidade é un dos requirimentos tradicionais (*cfr.* Venuti, 1994; Flotow, 1991: 69), o que corresponde coa invisibilidade tradicional do traballo feminino:

If translators are only handmaidens to authors, then of course there is no need to pay them a real wage for their –laborious, highly intellectual and time-consuming– work. There is no need to acknowledge their authorship [...] (Reimóndez, 2009: 73)

A explicación que se esconde detrás desta situación é moi sinxela, ao acharse fundamentada máis unha vez nas relacións de poder que imperan na sociedade: escribir e chegar a ver publicada a súa obra é de por si un acto de poder, ao permitir facer chegar

a súa voz e expresar as súas opinións alén dos lindes dos círculos persoais máis inmediatos e chegar, así, potencialmente a unha comunidade enteira.

E se a escritura é poder, éo aínda máis a tradución, ao se tornar a ferramenta *sine qua non* para o/a autor/a facer chegar a súa voz para alén das fronteiras da comunidade da lingua en que se expresa. E a maioría das veces o/a autor/o debe confiar cegamente na tradución final ao non ter a capacidade lingüística suficiente como para comprobala. É, pois, un azar que deste coto de poder fican excluídas as mulleres tradutoras polas editoriais, na súa maioría dirixidas por homes?

Microanálise

COMO SE TRADUCE

Nesta epígrafe analízanse estratexias tradutivas feminizantes, en contraposición ás estratexias do discurso androcéntrico (pre)dominante implícito entendido –erroneamente– como «neutral».

Do que se trata, pois, tal e como se ilustra a continuación, non é unha tentativa de manipular ideoloxicamente un texto orixe mediante estratexias ou procedementos (sen distinguirmos aquí estes dous conceptos) feminizantes en contraposición a unha especie de neutralidade exenta de matizacións ideoloxistas, senón dunha loita entre concepcións ideolóxicas diferentes.

Cómpre esclarecer, ante todo, que, contrariamente ao que se podería pretender ou inclusive desexar, a tradución non é unha actividade de transferencias mecánicas entre un sistema lingüístico e un outro levada a cabo asepticamente nunha especie de baleiro hermético, illado dos valores sociais do contexto real en que se realiza. Iso é, o/a tradutor/a elabora a súa tradución partindo do que se denominan na literatura «estratexia», ou, dito de xeito máis sinxelo, escollas persoais, que dependerán non só dos condicionantes explícitos do texto e do seu contexto, senón tamén dos valores implícitos de cada tradutor/a no momento de interpretar o texto. A tradución leva sempre implícita unha manipulación ou transformación do texto orixe que se concreta na estratexia adoptada polo/a tradutor/a en función da súa visión particular do mundo. Destacados/as teóricos/as da tradución concordan en cualificar a(s) estratexia(s) tradutivas aplicadas en cada caso como operacións «conscientes» (feitas a consciencia) por parte do/a tradutor/a. Repárense nas seguintes definicións da estratexia tradutiva:

translator's potentially conscious plans for solving concrete translation problems in the framework of a concrete translation task. (Krings, 1986: 18)

a potentially conscious procedure for solving a problem faced in translating a text, or any segment of it. (Loescher, 1991: 8)

the element of consciousness is what distinguishes strategies from these processes that are not strategic. (Cohen, 1998: 4)

Ao seren a tradución e a interpretación actividades realizadas por humanos e estreitamente ligadas ao funcionamento real dos códigos lingüísticos desenvolvidos desde as sociedades humanas con todas as súas eivas –dentro das cales destaca o androcentrismo que transversalmente afecta todos os fenómenos de interacción social– sería polo menos inxenuo, por non dicir de má fe, pretender que a tradución como fenómeno humano puidese ser libre destes condicionantes:

Traduire n'est jamais neutre. C'est l'acte d'une subjectivité à l'oeuvre dans un contexte socio-politique précis. Le je qui traduit inscrit son savoir dans le texte qui se réécrit. (Lotbinière-Harwood, 1991: 27)

De feito, existen estudos baseados en experimentos empíricos especificamente deseñados (Baxter, 2005) que poñen ao descuberto o claro nesgo androcéntrico por parte de tradutoras/es (neste caso estudantes), onde as escollas tradutivas responden a unha xerarquización dos papeis sociais en función do xénero, coas mulleres relegadas ás esferas menos prestixiadas en contraposicións aos homes. Algúns exemplos: na visión do mundo expresada nas súas traducións, só hai *médicos*, nunca *médicas*, mais, pola contra, non hai *enfermeiros*, só *enfermeiras*; se hai que traducir *general-secretary* (*secretaria/o xeral*) sempre será en masculino xuntos cos *presidentes* e os *primeiros ministros*, mentres que a tendencia de traducir *secretary* por *secretaria*, no canto de *secretario*, é moito maior. Nunha palabra, e como é de esperar, a práctica tradutiva non fai máis do que reproducir un fiel reflexo da repartición desigual dos papeis sociais entre homes e mulleres na sociedade en que están inseridas/os as/os tradutoras/es.

Este tipo de (re)interpretacións nesgadas que parten dunha concepción androcéntrica do mundo non son simples erros propios de estudantes que aínda non adquiriron todas as ferramentas necesarias para completaren a súa formación, senón que son síntomas dunha práctica xeneralizada onde o papel da muller foi manipulado ao longo da historia da tradución –consciente ou inconscientemente– para se conformar aos padróns e expectativas falocéntricas dominantes:

En traduction, l'emploi machinal du masculin grammatical dans la réécriture d'un texte en langue d'arrivée peut non seulement changer le sens d'origine, mais également défigurer la réalité et porter atteinte à l'existence et à l'expérience des femmes (Lotbinière-Harwood, 1991: 19)

Exemplos históricos destas prácticas témolos nas traducións da Biblia (Lotbinière-Harwood), do *Segundo Sexo* de Simone de Beauvoir (Flotow, 2000; Castro Vázquez, 2008) e na poesía heterosexualizada de Sappho (Baxter, 2006) entre outros.

Por fortuna (ou por desgraza) o galego ofrécenos un exemplo moi coñecido da pugna entre estratexias tradutivas ideoloxicamente opostas no notorio caso da tradución do libro *O curioso incidente do can á media noite* (Haddon, 2003) que permite deitar luz sobre o conflito ideolóxico, sen entrarmos en xuízos de valor a respecto dos dereitos e deberes das partes implicadas no proceso legal aínda aberto.

Sen entrar nos pormenores do caso e procurando ser o máis obxectivo posíbel⁵, cómpre saber que a editorial Rinoceronte asinou un contrato coa tradutora María Reimón-dez para publicar unha tradución realizada por ela do libro *The Curious Incident of the Dog in the Night-time* (publicado en galego so o título *O curioso incidente do can á media noite*) en que a tradutora optou por unha tradución que non acataba os ditames implícitos da tradución androcéntrica, polo que a editorial anulou o contrato. Máis adiante saíu unha versión galega da mesma obra da man do responsábel da editorial, Moisés Barcia, en que se optaba por unha estratexia tradutiva máis canónica. Nela é máis que flagrante o uso –case– indiscriminado do (pseudo)xenérico masculino para traducir epíctenos do inglés, como *educadores* (páx. 51 da tradución) por *members of staff* (páx. 39 do orixinal) e *editores* por *the publishers* (na sección dos «Agradecementos»). No primeiro caso poderíase preterir a escolla da solución máis «natural» na lingua de chegada (fronte a *membros do cadro de persoal*); no segundo, porén, existía a alternativa *editorial*, proposta por Reimón-dez, máis que foi rexeitada (Reimón-dez, 2009: 76).

Repárese, sobre todo, na excepción que confirma a regra: cando a tradutora propuxera na súa versión anterior a tradución masculina *mentireiro* (páx. 242 da tradución) para traducir *liar* (páx. 230 do orixinal), o que en principio se conformaría ao uso do

⁵ Seguimos aquí a versión dos feitos tal e como están relatados en Reimón-dez (2009) sen que iso implique que o autor se pronuncie a respecto da súa exactitude.

pseudoxenérico masculino, esta opción foi rexeitada polo editor e responsábel da versión publicada que preferiu a feminización do substantivo *mentireira* sen contexto particular que o xustificase (Reimóndez, 2009: 76-77). É interesante notar que un dos elementos que máis destacou na reacción da prensa internacional (Govan, 2008) no seu afán de facer pasar a tradutora, que non se conformara con aplicar o *statu quo* das estratexias tradutivas androcéntricas por «aloucada», foi a suposta tentativa de «cambiar de sexo» o animal de compañía do protagonista da historia, unha rata chamada Toby (nome masculino en inglés), sen valorar o facto de en galego ser o feminino *rata* a forma non marcada. Cómpre recalcar que neste particular a proposta de tradución feminista de Reimóndez non difire da tradución androcéntrica de Barcia polas razóns gramaticais propias ao galego mencionadas, descartando as únicas opcións para a masculinización explícita deste animal evitar a súa emasculación literaria mediante un torpe *rata macho* ou un cambio de especie, facendo da *rata* un *rato*.

En suma, o que desvelan estes exemplos é a «imposición» na tradución (independentemente de que estea ou non presente no texto orixe) dunha cosmovisión onde toda a humanidade está reducida e asimilada ao xénero masculino, sempre e cando non existiren trazos especificamente identificados como femininos e/ou negativos, casos estes últimos en que se recorre á feminización para evitar manchar o masculino cos taras propias do feminino, do mesmo xeito que *nurses* (páx. 230 do orixinal) se traduce por *enfermeiras* (páx. 242 da tradución). Fica por saber se de figuraren *doctors* no texto tamén serían *médicas*, ou máis ben *médicos*.

Así, pois, lonxe de se tratar dunha calquera práctica neutral, as escollas deste tipo responden a unha estratexia tradutiva ideoloxicamente marcada, neste caso polo androcentrismo:

recent work [...] on metaphors of translation has shown that the most traditional and misogynist conceptions of gender roles and attributes have coloured much of the discussion on translation, [...] traditional tropes used for translation have reflected the power relations between the sexes, [...] (Flotow, 1991: 81-82)

O quid da cuestión non é se é lexítimo manipular o texto dunha determinada maneira partindo dunha axenda ideolóxica concreta fronte a unha hipotética alternativa neutral, senón de recoñecer que a tradución implica sempre manipulación e o que fica por determinar é como se manipula e por quen. Neste caso, a escolla estratéxica sitúase entre unha manipulación androcéntrica ou unha manipulación xinocéntrica, mais nunca vai ser neutral:

The 'I' translating is not neutral. It has never been neutral [...], translators can pose a threat to the established order so, historically, translation has often crossed *swords* with power. Translation as a feminist practice does so by definition (Lotbinière-Harwood, 1991: 98)

Trátase, pois, dun continuo conflito ideolóxico entre a ideoloxía dominante, o androcenismo obxectivamente demostrábel que se esconde detrás da máscara da «normalidade» do habitual, e outras ideoloxías contestatarias e refractarias que se negan a calar ante a inxustiza do *statu quo*, neste caso o feminismo que pretende tornar visíbel a muller en pé de igualdade co home:

[...] translation can never happen 'outside' ideology. [...] All translations are marked by the ideology of whoever produces them: manipulation is no longer a curse, but the very nature of the activity, [...]. Of course, ideological intervention in translation can also take place in a more conscious and purposeful way, and this is indeed the case with those who work against mainstream values. Conversely, those who strive to deny or camouflage this intervention are consciously or unconsciously endorsing mainstream ideology [...] (Reimóndez, 2009: 72)

Hoxe por hoxe, existe, desde xa hai algún tempo, todo un elenco de innovadores paradigmas que permiten comprender doutro xeito e mellor os procesos tradutivos. O denominador común das maiorías destas (non tan) novas focaxes reside na aceptación da «manipulación» ou «transformación» en termos de desconstrución (Derrida, 1987) como unha parte inherente e integral da tradución. Os datos analizados neste pequeno esbozo apuntan todos na mesma dirección: existe un patrón de estratexias tradutivas dominantes que se fan pasar como «neutrais» ao corresponderen aos patróns da sociedade dentro da cal se desenvolven cunha marcada tendencia androcéntrica. Fronte a estas estratexias claramente ideolóxicas existe a réplica das estratexias baseadas nos postulados ideolóxicos do feminismo. Como sempre, para alén de consideracións de xenuína lexitimidade, todo o que vaia en contra da corrente do discurso maioritario dominante tense que xustificar fronte a ataques constantes, a burla e o menosprezo.

Conclusiones

Os resultados das análises confirman as hipóteses de partida: a tradución, como a maioría das actividades humanas inseridas dentro do marco do sistema patriarcal e androcéntrico, é, á súa vez, fiel reflexo e canle de reprodución dos valores nos que se sustentan a desigualdade entre homes e mulleres a todos os niveis.

Nos dous niveis estudados, a práctica da tradución cara ao galego revela unha clara asimetría entre o número de autoras traducidas por unha parte, e unha desigual repartición de tradutoras segundo o prestixio do campo no que exercen pola outra. É dicir, en termos xerais a muller está infrarrepresentada como obxecto da tradución e relegada aos ámbitos menos prestixiados da profesión cando é suxeito da tradución.

Así mesmo, o estudo demostra que, ao nivel das estratexias tradutivas, o androcentrismo segue a se impor non só como discurso maioritario e dominante, senón que se fai pasar por «neutral» ao coincidir co *statu quo* social xeral, o que lle permite descualificar alternativas que tentan rachar con este nesgo ideolóxico como ideoloxizantes e atoladas. A este respecto, o estudo permite concluír que o ámbito da tradución, como non pode ser doutra maneira, padece a mesma situación que os usos sexistas da linguaxe en xeral:

It is always worth asking why, and from whose point of view, one way of using language seems obvious, natural and neutral, while another seems ludicrous, loaded and perverse.
(Cameron, 1995: 159)

A cuestión que se coloca, pois, non é un conflito entre unha suposta neutralidade e unha imposición ideolóxica (neste caso, feminista), senón unha pugna entre a imposición de dúas ideoloxías opostas. Non se trata de impor ou de non impor, senón de definir quen impón e que se impón.

Ao ficar claro a supervivencia do androcentrismo a todos os niveis, resulta imprescindible a aplicación dunha series de medidas correctoras concretas para remediar as eivas causadas por el. En definitiva, existe a necesidade de recuperar e revitalizar o concepto de «corrección», vítima de manipulacións intencionadas e obxecto de ridiculización para neutralizala, entendido neste caso como unha necesaria feminización (Flotow, 1991: 79).

Ao nivel máis práctico, cómpre (re)pensar e (re)orientar a política editorial no seu conxunto, incluíndo o sector das traducións, para, por un lado, integrar as autoras traducidas dentro do catálogo xeral, facendo un esforzo para lograr a paridade de xénero (*mainstreaming*) e, por outro, para incorporar máis tradutoras de xeito máis visíbel ao ámbito máis prestixiado da tradución literaria, recoñecendo de xeito explícito a achega esencial das mulleres profesionais no sector da tradución non literaria.

Finalmente, cómpre ter maior espírito crítico para coas estratexias androcéntricas ao tempo que se logra unha maior permisividade con estratexias non androcéntricas co-

rectoras. Para logramos este obxectivo, áchase esencial a incorporación da cuestión de xénero nos estudos de tradución co obxectivo de formar profesionais cada vez máis críticos e capaces de tomaren decisións estratéxicas libres da influencia do discurso dominante.

Como colofón, cómpre tamén destacar que, malia este estudo se realizar dentro do contexto específico dunha escolma de fontes de traducións vertidas cara ao galego, debido a que as razóns profundas que motivan as eivas detectadas son comúns a todas as sociedades patriarcais, non hai razón de supor que non se reproduciría a mesma situación *mutatis mutandis* noutros contextos similares.

Bibliografía

Arias, Valentín (1995): «A traducción no proceso cara á normalización cultural en Galicia», en *Actas do Primeiro Simposio Galego de Traducción*: 99-107 (Vigo: Xerais).

Asociación de Tradutores Galegos. «Obras por título», Biblioteca Virtual (Bivir) <http://www.bivir.com/_LIST/IND_LIST_tit.htm> [Última consulta: 18.09.09]

Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI). s.d. «Directorio de Socios e Socias» <http://www.agpti.org/galego/asoc_gal.php> [Última consulta: 19.09.09]

Baxter, Robert Neal (2005): «On the need for non-sexist language in translation», *Language, Society and Culture*, 15 (Tasmania: University of Tasmania). Dispoñíbel en <<http://www.educ.utas.edu.au/users/tle/journal/ARTICLES/2005/15-1.htm>> [Última consulta: 04.10.90]

— (2006): «Falocentrismo e heteronormatividade na tradución: de como varren as mulleres e as lesbianas da historia cun golpe de penæ», *Revista Galega de Filoloxía*, 7: 11-28.

Cameron, Deborah (1995): *Verbal hygiene* (Londres: Routledge).

Castro Vázquez, Olga (2008): «(Para)Translated Ideologies in Simone de Beauvoir's *Le deuxième sexe*: The (Para)Translator's Role», en Seruya, Teresa / Lin Moniz, Maria (eds.): *Translation and Censorship in Different Times and Landscapes*: 130-146 (Newcastle: Cambridge Scholar Publishing).

CIG-Gabinete técnico confederal (2008): *Muller, 2008. Por un modelo socioeconómico novo, xusto e solidario* (Santiago de Compostela: Confederación Intersindical Galega). Dispoñíbel en: <<http://www.cig-ensino.com/descargas/02161.pdf>> [Última consulta: 27.09.09]

Cohen, A. D. (1984): «On taking tests: what the students report», *Language testing*, 11 (1): 70-81.

Cruces Colado, Susana (1993): «A posición da literatura traducida no sistema literario galego», *Boletín Galego de Literatura*, 10: 59-65.

Derrida, Jacques (1997): *Psyché, Inventions de l'autre* (París: Galilée).

Díaz Fouces, Óscar (2005): «Políticas de traducción en Cataluña y Galicia», en *Cinquième Colloque sur la traduction, la terminologie et l'interprétation à Cuba et au Canada* (Ottawa, Ontario: Conseil des Traducteurs, Terminologues et Interprètes). Dispoñíbel en: <http://www.cttic.org/ACTI/2004/papers/Oscar_Diaz_Fouces_Políticas_en_Cataluna_y_Galicia.pdf>, [Última consulta: 23.09.09].

Even-Zohar, Itamar (1990): «Polysystem Studies», *Poetics Today*, 11:1. Dispoñíbel en: <<http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/books/ez-pss1990.pdf>> [Última consulta: 29.09.09]

Fernández Fernández, Áurea (1995): «O papel da traducción no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego», *Grial*, 128: 541-554.

Flotow, Luise von (1991): «Feminist Translation: Contexts, Practices and Theories», *TTR (Traduction, Terminologie, Rédaction)*, volume IV, 2: 69-83.

— (2000): «Translation Effects. How Beauvoir Talks Sex in English», en Hawthorne, Melanie C., *Contingent Loves: Simone de Beauvoir and Sexuality*: 13-33 (Charlottesville: Universidade de Virginia Press)

García González, Marta (2002): «El paper de la traducció en la normalizació de la llengua gallega» en Díaz Fouces, Óscar / Costa, J. (eds.): *Traducció i dinàmica sociolingüística*: 55-84 (Barcelona: Llibres de l'Índex)

García Negro, M.^a Pilar (2009): *De fala a lingua: un proceso inacabado*, (Bertamiráns-Ames: Laiovento).

Govan, Fiona (2008): «Curious case of the sex changes», *The Daily Telegraph*, 05/04/2008. Dispoñíbel en <<http://www.telegraph.co.uk/news/worldnews/1584020/Curious-case-of-the-sex-changes.html>> [Última consulta 29.09.09]

Haddon, Mark (2004): *The Curious Incident of the Dog in the Night-time* (Londres: Vintage). Traducido ao galego por Barcia, M. (2008): *O curioso incidente do can á media noite* (Cangas: Rinoceronte Editora).

Krings, H. P. (1986): «Translation problems and translation strategies of advanced German learners of French», en House, J. / Blum-Kulka, S. (eds.) *Interlingual and intercultural communication*: 263-75 (Tubinga: Gunter Narr).

Loescher, W. (1991): *Translation performance, translation process and translation strategies* (Tubinga: Guten Narr).

Lotbinière-Harwood, Susanne de (1991): *Re-belle et infidèle. La traduction comme pratique de réécriture au féminin / The Body Bilingual. Translation as rewriting in the feminine* (Ontario & Quebec: Woman's Press / Éditions du remue-ménage).

Millán-Varela, Carmen (2000): «Translation, Normalisation and Identity in Galicia(n)», *Target: International Journal of Translation Studies*, 12, 2: 267-282.

Nedeau, Jen (2008): «Is Feminism Dead? An Overview of Post-Feminism» [en liña]: <http://womensrights.change.org/blog/view/is_feminism_dead_an_overview_of_post-feminism> [Última consulta 26.09.09]

Reimóndez, María (2009): «The Curious Incident of Feminist Translation in Galicia: Courtcases, Lies and Gendern@tions», *Galicia21 Journal of Contemporary Galician Studies*: 68-89.

Luna Alonso, A. (2005): «Un intercambio desigual», *Grial*, 167: 32-46.

— (2006): «Hizkuntza gutxituetako itzulpena. Galiziera» [‘La traducción de las culturas minorizadas. El caso del gallego/’], *Senez*, 30: 151-165.

Modleski, Tania (1991): *Feminism without Women: Culture and Criticism in a Postfeminist Age* (Londres e Nova York: Routledge).

Toury, Gideon (1990): «The Position of Translated Literature within the Literary Polysystem», *Poetics Today*, 11, 1: 9-85. Tradución para o galego a cargo de Gómez, X. M.^a / Noia, C. / Sola Bravo, M. (1996): «A posición da traducción literaria dentro do polisistema literario», *Viceversa*, 2: 59-65. Dispoñíbel en: <<http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/posicion-da-traduccion.pdf>> [Última consulta: 29.09.09])

Venuti, Lawrence (1994): *The Translator Invisibility: A History of Translation* (Londres/Nova York: Routledge).

Xerais (2009): *Catálogo Xerais 2009* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

Zabaleta, Jesús M. (2002): «Traduction et normalisation linguistique», *Senez*, 24: 181-191.

O emprego da(s) lingua(s) na publicidade dirixida ás mulleres. O caso da Televisión de Galicia

ROI VIDAL

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo deste traballo* é, fundamentalmente, facer unha análise sincrónica do emprego da lingua galega e da lingua castelá nos espazos publicitarios emitidos na Televisión de Galicia. Para a súa realización partíase, inicialmente, de comprobar canto había de certo nesa crenza, socialmente estendida, que sostén que a maioría dos anuncios na TVG son en castelán e que só recentemente –durante a época do goberno bipartito– esta tendencia se inverteu, mais decontado esta primeira hipótese de traballo axiña derivou nunha outra de igual interese e que constitúe a cerna deste relatorio: comprobar as variacións de lingua en función do xénero do público diana ou obxectivo ao que se dirixen os anuncios publicitarios.

Para levar a cabo tal empresa, a metodoloxía empregada consistiu en ver a televisión en todas as súas franxas diúrnas, en concreto nas catro franxas horarias que adoito se empregan no mundo da televisión: mañá, mediodía ou sobremesa, tarde e a franxa de maior audiencia (*prime time*). Teñamos en conta que cada franxa horaria dispón dunha audiencia determinada tanto polo que fai ao número de telespectadores, como ao seu perfil ou público obxectivo (*target*). Os datos que se tiveron en conta foi, claro está, a lingua de emisión¹ e cada anuncio foi considerado de xeito individual, isto é, computáronse todas e cada unha das veces que se emitían (é un xeito de reparar no tempo de emisión nunha e noutra lingua).

*O aquí exposto é só unha parte do traballo final do Mestrado de Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega. Achégase a modo de cala ou pequena incursión susceptible dun maior afondamento.

¹ A súa locución de fondo (voz *en off*), mais non así os seus rótulos que, por norma, adoitan non ser traducidos.

Outra variable que tamén se tivo en conta foi a da idade do público obxectivo ou diana, o cal está relacionado inevitablemente coa franxa horaria en que nos centremos. O obxectivo era comprobarmos se hai algún tipo de relación co código lingüístico que se emprega na publicidade. Lembremos que a empresa anunciante é a que escolle a lingua dos anuncios, de modo que, para alén da análise sincrónica que mencionabamos antes, ao atendermos esta cuestión, en certa medida, estamos obtendo un «medidor» da imaxe que ten a sociedade sobre o uso da lingua galega.

Antes de entrarmos a debullar os datos obtidos, reparemos en tres cuestións:

1. A Televisión de Galicia naceu no ano 1985 e desde as súas orixes ten unha dobre vía de ingresos, de tal xeito que como canle pública que é recibe fondos públicos, mais tamén ingresa fondos vía publicidade de empresas privadas. A este respecto cabe mencionar a existencia dunhas *Normas reguladoras da emisión de mensaxes publicitarias e de televenda a través dos medios de comunicación dependentes da Compañía da Radio-Televisión de Galicia*² en cuxo artigo 5 se establece o seguinte:

Rexeitaranse as mensaxes publicitarias e de televenda que atenten ao debido respecto á dignidade das persoas ou as súas conviccións relixiosas e políticas ou as discriminen por motivos de nacemento, raza, sexo, relixión, nacionalidade, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social, así como aquelas que fomenten comportamentos prexudiciais para a saúde ou a seguridade humana ou para a protección do medio natural.

2. Sobre a publicidade e sobre como se se ve esta no conxunto do país certamente hai moi poucos estudos. Cómpre citarmos unicamente os estudos publicados polo Consello da Cultura Galega hai máis dunha década³ e outros dous traballos, de aparición máis recente, centrados fundamentalmente no ámbito xornalístico⁴. Sexa como for, neles

² Documento dispoñible en: <http://www.crtvg.es/comercial/docs/normas_reguladoras_publicidade.pdf>

³ Ramallo, F. / Rei-Doval, G. (1996): *Publicidade e lingua galega. Os consumidores ante o uso do galego na comunicación publicitaria e nas relacións comerciais* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

— (1997): *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

⁴ Silva Domínguez, C. (2005): «Publicidade e lingua galega na prensa escrita. Estudo dun corpus composto por materiais de cinco xornais galegos», *Revista Galega de Filoloxía*, 6: 123-156. Dispoñible en: <<http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/2183/2619/1/RGF-6-5-DEF.pdf>>

Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. / Casares Berg, H. (2008): *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

todos están presentes unhas actitudes favorables e positivas da sociedade a recibir publicidade en lingua galega. En concreto nos volumes de Ramallo e Rei-Doval até un 84% das persoas enquisadas parécelles ben ou moi ben que os anuncios se emitan todos en lingua galega, e até preto dun 60% mostra o seu desacordo con que a TVG emita publicidade en castelán.

3. Algúns termos con que traballamos son os seguintes:

- Público obxectivo ou público diana (en inglés *target*) correspóndese co sector da poboación sobre o que vai dirixido o anuncio dun produto, unha campaña ou unha estratexia de márketing tendo en conta múltiples variables como a idade, o nivel cultural... (mesmo se chega a afirmar que en certa medida as axencias publicitarias son creadoras de públicos obxectivos). O xénero é unha desas variables tamén.
- As franxas horarias en que se adoita xerir a audiencia son as seguintes: a franxa da mañá abrangue das 9 até as 13 horas e caracterízase por ter pouca audiencia (nomeadamente público infantil e mulleres); a franxa do mediodía-sobremesa vai das 13 até as 18 horas e si se caracteriza por unha maior audiencia (case tanta como a da noite) ao contar con espazos tan vistos como o telexornal; a franxa da tarde vai das 18 ás 22 horas, momento en que a audiencia volve minguar; finalmente, chegamos á franxa de máxima audiencia (*prime time*) que é cando *a priori* un maior número de persoas está a ver a televisión. Comeza a partir das 22 horas e como haberá ocasión de ver nela si mudan as intencións das canles e das axencias publicitarias.
- Os espazos de autopromoción son aqueles en que unha canle dada anuncia os seus propios contidos e programas.
- Ao falarmos de xénero marcado vs. xénero non marcado hai que recoñecer que entramos no terreo da subxectividade, pois non sempre é fácil discernir se un anuncio ten como público obxectivo e de xeito exclusivo os homes ou as mulleres. En todo caso, para avanzarmos no noso labor fíxose necesario considerar aqueles anuncios como de xénero non marcado cando ofrecían dúbidas ao respecto e a priori semellaban destinados ao conxunto da poboación.

Entrando xa na análise dos datos comeceamos por ver canto hai de certo naquela crenza con que iniciaba este relatorio: son maioría os anuncios en lingua galega na TVG?

Pois ben, do seguimento realizado resulta que só o 58% dos anuncios estaba en lingua galega. Trátase dunha maioría relativa, xa que un 12% se corresponde con anuncios de autopromoción da propia canle. De quitarmos estes espazos non é desatinado falar dun empate técnico: o galego estaría presente nun 45% dos anuncios e o castelán nun 42%. Poderíase pensar, daquela, que de non ser por estes espazos autopromocionais, a imaxe da presenza da lingua galega na publicidade ben podería ser outra.




Gráfico 1. Número de anuncios emitidos segundo a lingua.

De termos en conta a variable da franxa horaria, resulta que a lingua galega tanto por si mesma como coas autopromocións só supera o castelán en número na franxa da máxima audiencia. Relacionado co anterior, poderíase pensar que a crenza –estendida– de que os máis dos anuncios si están en lingua galega pode ser debido a que efectivamente isto é así na franxa horaria en que máis xente ve a televisión.




Gráfico 2. Número de anuncios segundo a lingua e a franxa horaria.

Indo franxa por franxa obtemos que na correspondente á mañá é evidente que a programación e, por extensión, a publicidade están dirixidas de xeito maioritario ás crianzas e a un público feminino, e dentro deste último, dun xeito máis concreto, ao sector das amas de casa. Merece a pena sinalar que todos os anuncios de xoguetes, independentemente de cal for este, son en lingua galega (hai, se cadra, no ámbito publicitario un efecto *Xabarin?*), mentres que a maioría dos anuncios en castelán teñen un destinatario adulto.




Gráfico 3. Número de anuncios segundo a lingua na franxa horaria da mañá.

Respecto ás franxas da sobremesa e da tarde, a primeira é unha franxa con moita máis audiencia –repárese en que é a franxa do telexornal e mais da telenovela– de modo que o número de anuncios aumenta de xeito considerable: 47 en castelán e 28 en galego. É perceptible a prevalencia de anuncios dirixidos ás amas de casa.




Gráfico 4. Número de anuncios segundo a lingua na franxa horaria da sobremesa.

Porén na franxa da tarde, malia haber menos audiencias rexistradas, o número de anuncios vai en aumento por mor do seu menor custo. Os datos obtidos son os que se recolle no seguinte gráfico: predominan os anuncios en castelán e, tamén, son maioría os anuncios con xénero marcado, enténdase, dirixidos ás mulleres.




Gráfico 5. Número de anuncios segundo a lingua na franxa horaria da tarde.

Quere isto dicir que a tendencia que xa se comezaba a albiscar na franxa da mañá e que vai na liña de que os anuncios en lingua galega non se decantan por un xénero ou outro (xénero non marcado) vese confirmada nas dúas seguintes franxas horarias. No entanto, no caso dos anuncios en lingua castelá, aínda que un bo numero (case a metade) é tamén de xénero non marcado, si se aprecia como a muller, canto público obxectivo, ocupa unha posición importante. Así, nótese que na franxa da sobremesa hai 19 anuncios en lingua galega co xénero non marcado por 16 anuncios en castelán que si denotan unha marcaxe de xénero. En termos porcentuais, o 60% dos anuncios está dirixido a un público adulto (xa non hai un público obxectivo infantil) e o 30% dos anuncios en lingua galega son de xénero non marcado, mentres que en lingua castelá sempre hai unha maior diferenciación canto ao xénero, con predominio dos orientados ás mulleres.

Pódese pensar, daquela, que nas empresas publicitarias funciona o tópico de que a lingua maioritaria da poboación feminina galega é o castelán. Se así for, e admitindo que esta circunstancia obedece a un estereotipo certamente asentado na sociedade, pódese pensar que da sociedade se estenda ás empresas de publicidade, as cales, non

esquecemos, actúan sen complexos e á procura dos estereotipos sociais á hora de deseñaren as súas campañas e accións⁵.

Tocante á franxa horaria de maior audiencia, como xa foi indicado, é a única franxa en que o galego por si só (fóra das autopromocións da canle) é maioritario nos anuncios. Ao introducirmos a marcaxe de xénero atopámonos cunha excepción: os anuncios galegos con xénero marcado para o público masculino é superior aos dirixidos ás mulleres, por mor da continua emisión do anuncio de Estrella Galicia en que participa Rober Bodegas e Pilar Rubio. A súa adscripción a un ou a outro xénero, claro está, é algo totalmente subxectivo, susceptible de discusión e non sempre fácil de determinar, derivado do carácter velado con que funciona a publicidade. Motivos como que a voz de fondo de quen narra sexa masculina ou feminina, o xénero do protagonista do anuncio... inflúen na adscripción a un xénero ou outro.




Gráfico 6. Número de anuncios segundo a lingua na franxa horaria de máxima audiencia.

Para rematar, a xeito de conclusións, no seguinte gráfico, que recolle o total de anuncios sen os distribuír por franxas horarias, obsérvase que nos anuncios emitidos en lingua galega non se emprega a lingua para construír a imaxe dun determinado estereotipo ou público obxectivo (*target*). É máis, a meirande parte dos anuncios en lingua galega co xénero marcado están dirixidos a homes (unicamente seis están dirixidos a mulleres).

⁵ Emprégase aquí o termo *estereotipo* tirado do ámbito da dramaturxia e entendido como personaxes que responden a preconceptos sobre determinados nichos ou sectores da poboación. Trátase de personaxes banalizados, sen maior complexidade nin profundidade cuxa presenza é habitual na comedia.




Gráfico 7. Número de anuncios en lingua galega segundo a súa adscripción xenérica.

Porén, cos anuncios en lingua castelá a situación xa non é a mesma, de tal xeito que medra enormemente a porcentaxe de anuncios co xénero marcado e dentro destes son maioría os dirixidos ás mulleres.




Gráfico 8. Número de anuncios en lingua castelá segundo a súa adscripción xenérica.

Algúns apuntamentos finais:

- a) A maioría de anuncios en lingua galega na Televisión de Galicia é unha maioría relativa (hai un forte peso da autopromoción).
- b) Os anuncios en lingua galega non adoitan marcar o xénero.
- c) Na publicidade semella funcionar o tópico sexista e xeneralizante de que en Galicia «os homes falan galego e as mulleres castelán».

d) É posible falar na publicidade dunha dobre discriminación: nos espazos publicitarios, por non actuaren con complexos e por se dirixiren a estereotipos, é patente e manifesta a discriminación de xénero (case se podería dicir que o sexismo é a poética da publicidade) e, a maiores, hai unha discriminación lingüística que dá por feito que as mulleres galegas prefiren o castelán, malia que nos estudos publicados mencionados anteriormente o 83,9% da poboación galega parécelle ben ou moi ben que os anuncios sexan en lingua galega. Certo que tales estudos non diferenciaban por xénero, mais a porcentaxe é dabondo elocuente.

Falarmos galego as mulleres, por que non?

TERESA MOURE

Universidade de Santiago de Compostela

1. Formulando a cuestión

O título desta sesión procura conscientemente resonancias na lingüística galega dos últimos anos. En 2003 Ana Iglesias publicaba un traballo sobre as actitudes cara á lingua cun título ousado por retranqueiro e por mesturar as dúas linguas en conflito, *Falar galego, no veo por que*. Xogando con ese precedente, mais introducindo algunhas características da que se chama «fala feminina», como esa coda final, quereda hoxe propor unha reflexión sobre o galego e as mulleres.

Con certa frecuencia, no entanto, este asunto abórdase desde a perspectiva do sexismo na linguaxe. Incluío nesta alínea os traballos que procuran depurar as emisións lingüísticas da carga de usos, e de tópicos, que degradan ou trivializan as mulleres. Aínda que concordo con ese proceder, considero que no momento actual está estancado: trátase dun asunto do tipo «comigo ou contra min». Os seareiros (normalmente seareiras) da depuración insisten en que resulta alienante que o masculino se presente metaforicamente como bo e o feminino como malo (*cfr. caralludo vs. conachada*), ou que a preponderancia dos varóns na vida social consolidase, por exemplo, o uso exclusivo do masculino para referir a totalidade dos individuos humanos. Esta sensibilidade, con todo, é minoritaria socialmente, non está protexida nin pola gramática nin pola escola, que continúan a difundir que o masculino é o termo non marcado e que non hai nada de sexista en dirixirse a un auditorio como se estivese constituído exclusivamente por homes, mesmo se é case completamente feminino. Moitas persoas declaran sen pudor ningún que están cómodas coa linguaxe que usan, que as que se senten atacadas mostran susceptibilidades extremas ou que o sexismo está na sociedade

e non na lingua que a constrúe. Por ese estancamento, que mostra algunhas das dificultades e insuficiencias do feminismo para abrirse paso na sociedade, considero que cómpre explorar outras vías de acción. A vinculación entre lingua e xénero que tratarei pregúntase pola lingua que —no noso país, aquí e agora, e tamén nun sentido máis xeral, nas tribos do mundo— utilizan as mulleres. Coido que o escenario é idóneo para tratar este asunto: hai un ano a UDC a través do Servizo de Normalización Lingüística organizaba un acto que animaba a participación cidadá con motivo do 25 de novembro, unha das xornadas da axenda feminista. O lema, *Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua* foi motivo de polémica. Esta sociedade nosa que, por primeira vez na historia, ousa oporse á violencia exercida contra as mulleres sistematicamente e desde a intimidade, nos contornos máis afectivos, non quere que o problema se «politice». Mais o feito de as mulleres desertaren da lingua transmitida polas xeracións anteriores, ou o feito de se non incorporaren activa e militantemente á lingua de menor prestixio na sociedade abofé que garda relación coa súa dificultosa situación social: oprimidas secularmente, a maioría das mulleres queren acceder a postos de prestixio e refusan identificarse con opcións que poñan en perigo as súas conquistas recentes.

A miña argumentación asumirá que as mulleres falan menos galego que os homes. Quizais a moitas persoas lles pareza estraño este punto de partida, especialmente a aquelas pouco proclives ao feminismo. Aducirei algúns exemplos en favor desta premissa inicial. Nos grupos informais da vida social (nas asembleas de veciños, nas reunións do profesorado dun centro educativo ou nas tendas) recoñeceremos que con frecuencia os homes falan galego en maior medida que as mulleres de semellante condición social, ou cando menos que os homes contestan en galego de nos dirixirmos a eles nesa lingua nunha preferencia importante en comparación coas mulleres. Segundo exemplo: existen, cunha frecuencia digna de abraio, parellas bilingües onde el fala en galego, mentres ela permanece instalada en español. As conversas «a dúas linguas» destas parellas parecen propagar a idea de que, nalgúns sectores sociais, as mulleres non deben «contaminarse» falando galego. Até onde eu coñezo non se dá de xeito significativo o caso contrario, isto é, apenas se rexistra o caso de parellas en que a muller fale en galego e o home en español. En terceiro lugar, esta tendencia «sexo-preferencial» non é descoñecida para a sociolingüística galega e conta con claros precedentes históricos: xa os homes das Irmandades da Fala animaron as mulleres a dar o paso de se instalaren na lingua propia, ao tempo que redactaban animosos discursos na prensa sobre este particular e mesmo ás veces asinaban cun falso nome feminino. Con todo, nin os datos do *Mapa sociolingüístico de Galicia* nin os do *Atlas lingüístico galego* (ALGa) parecen rexistrar variantes dignas de interese, aínda que dificilmente podían acharse resultados máis precisos cando non se procuraron: na maioría dos artigos, manuais, dicionarios, tratados gramaticais ou sociolingüísticos o

xénero parece non existir. Os gramáticos na nosa lingua recolleron, sobre todo, variedades xeográficas —«Aquí dise A», destoutro lado dise B»—, ou nalgúns casos variedades sociais relativas ao concepto de clase —«popularmente dise A, só literariamente dise B»— mais non parecen existir variedades de xénero, algo do estilo de «forma feminina de fala».

Nun sentido parcialmente distinto ao das actitudes femininas cara á lingua, cando as mulleres falaren galego é posíbel que utilicen unha variante estilística propia, un conxunto de trazos que poderían caracterizar un sociolecto, o sociolecto das mulleres. Pois ben, determinarmos os trazos da variante feminina do galego é un traballo que aínda está por facer con pleno rigor. No entanto, a tradición anglosaxoa en estudos de xénero illou hai xa trinta anos unha serie de características propias da fala das mulleres. Volveremos sobre elas máis adiante porque coido que poden admitirse como válidas para describirmos tamén a fala feminina en galego, o cal é bastante elocuente en termos de tendencias universais na linguaxe.

Nos últimos anos, aínda sen dubidaren da pertinencia destes trazos, algunhas lingüistas¹ polemizaron sobre a súa interpretación: Ao deslindarmos estes trazos como peculiares do grupo das mulleres, que se quere dicir? Trátase de que as mulleres teñan unha fala distinta e de que iso lles impida acceder ao poder? Ou ben trátase de que a súa carencia de poder converte o sociolecto feminino nun discurso pouco prestixioso? Como pode observarse, este debate non cuestiona a existencia dun estilo ou sociolecto feminino. Mesmo parece rexer acordo xeral sobre o feito de as mulleres procuraren na súa interacción social un modelo específico de cortesía²: as mulleres priman na conversa a calidade da interacción sobre a procura de información. Pois ben, a miña hipótese pretende cruzar esta evidencia chegada da sociolingüística «feminista» cos datos da sociolingüística cuantitativa para avanzar que, talvez, as mulleres do noso país, na procura dun certo ideal de cortesía, estean a abandonar o galego ou a non o adoptaren cando os problemas de transmisión obrigaren a unha adquisición consciente. Probarmos esta hipótese sería fulcral porque, se convenceremos as mulleres de que poden ser cortesés en galego, non abandonarán a lingua.

Os datos en que vou basearme proceden da miña propia introspección, da análise da miña fala e das persoas que me rodean, da literatura, do que ouzo na interacción pola

¹ Vid. D. Cameron (1994).

² Estudado, entre outros, por Brown e Levinson 1987, Holmes 1995, Cameron 1995, Coates 1996, Tannen 1990, 1994.

rúa con persoas que apenas coñezo. Tamén nalgúns puntos, que farei notar no seu momento, acudo a entrevistas orais dos arquivos do Instituto da Lingua Galega ou aos datos do ALGa. Aínda así, probabelmente para a antropoloxía ou a socioloxía este traballo parecerá pouco empírico, mais non considero da miña incumbencia acumular datos nin desprezar complicadas técnicas de recollida, almacenamento e tratamento. Eses pasos poderán cubrirse nunha segunda fase. Hai algo máis importante agora para min, que é debuxar unha posíbel comprensión do problema para atacalo. Cando, como estudante, escoitei falar por primeira vez de planificación lingüística, manexei un excelente artigo introdutorio de Donna Christian (1988). A autora cominaba a quen lese a se decidir: se queremos que as forzas externas que actúan sobre as linguas sigan o seu curso, podemos prescindir da planificación; só de abrigarmos un decidido empeño por modificar esas forzas, ou dito doutro xeito, só de querermos deter o proceso de imperialismo vixente en todo o planeta, que está a reducir a diversidade mundial nun proceso de homoxeneización sen precedentes, cómpre intervir. Esa chamada á intervención dentro dun artigo breve, apenas unha lectura de apoio para as aulas, sooume a música celestial, talvez por ser inhabitual que a academia se abaixe da súa etérea posición de acumular o coñecemento polo coñecemento. Marx dixo que o asunto non estaba en comprender o mundo, senón en transformalo e esta frase, con toda a forza revolucionaria que desprende, é retomada por Deborah Cameron (1995) para explicar a necesidade de reinterpretar o mundo en termos feministas. A indagación que agora emprendemos xungue estes dous aspectos: o enfoque de xénero e a intención de intervirmos a prol da lingua, converténdose daquela nun sedutor caso de estudo.

2. A fala feminina en galego

A principios do século XX, as investigacións en materia antropolóxica adoptan como obxecto de estudo preferente a linguaxe. Os lingüistas americanos comezan a prestar atención aos datos das linguas amerindias e, en xeral, o ambiente cientificista da época interpreta a variación idiomática como un xeito de ampliar a disciplina, daquela practicamente restrinxida ás linguas indoeuropeas. A partir dese momento difundíronse novidades pintorescas, como a existencia de comunidades onde homes e mulleres utilizaban dialectos distintos. Os especialistas estaban a documentar en linguas afastadas variantes léxicas, fónicas ou morfolóxicas que obrigaban os interlocutores a faceren patente o seu xénero no discurso. Aínda que este descubrimento nutriu os manuais de antropoloxía e de lingüística, non deixou de se considerar unha anécdota propia de sociedades exóticas. Como lucidamente sinalou Coseriu (1981), a tendencia xeral pasou por denominar sociolingüística a variación social que tiña a ver coas linguas de por acó, e etnolingüística ou antropoloxía lingüística a variación social que tiña a ver

coas linguas de aló. Deste xeito, aínda que as obras de Jespersen, Malinowsky, Sapir ou Levi-Strauss³ inclúan abondosas referencias ao bilingüismo sexual, os seus autores non parecían decatarse de que estaban restrinxindo inxustificadamente o fenómeno ás xeografías afastadas que visitaban nas súas expedicións. O discurso académico deglutiu esta información como máis unha peculiaridade dos pobos primitivos; unha interpretación que non deixa dúbidas, por outra parte, sobre o papel que as institucións xogan como filtro dos temas que deben ocupar a atención dos investigadores. O asunto ten transcendencia porque, ao demandarmos deitar unha óptica de xénero sobre a gramática, estamos a denunciar unha carencia na obra, inxente e detallada, dos que nos precederon. Importa, pois, notar que a gramática sempre foi unha institución hostil aos cambios de óptica, unha actitude que sen dúbida non se deu noutras disciplinas.

En todo caso, estes autores rexistran que, nalgunhas linguas, as mulleres contan cun dialecto exclusivo, mentres que unha segunda variedade, sexualmente neutra, servirá tanto para falar entre homes como para a interacción home-muller. Noutras tribos esa fala exclusiva resérvase para os homes e a variedade neutra é usada polas mulleres soas, ou ben na interacción home-muller. O asunto reclama especial atención de observarmos as relacións de poder vixentes en tal distribución, pois a fala de prestixio coincide sempre, e non casualmente, coa que usan os varóns. Isto supón que, cando as mulleres dispuxeren dun dialecto propio (como acontece entre as falantes de Caribes-Îles nas Pequenas Antillas), será un *desprestixiado-dialecto-para-falar-pola-casa*. En boa lóxica, esperaríamos un certo paralelismo para os casos en que os homes adoptaren unha fala propia. Non tal. En iana, unha lingua do norte de California, ben estudada por Sapir, a lingua común evoluiu fronte ao arcaísmo do dialecto masculino, e precisamente por iso este serve como marca de estatus social. Como tan ben notou entre nós M.^a Pilar García Negro (1993: 75-82), as mulleres están a arrastrar á variedade que falan o seu propio desprestixio.

Nas últimas décadas, desde a óptica dos estudos de xénero prestouse máis atención a estas variacións. Quizais non se trataba dunha peculiaridade de determinados pobos, senón dunha constante universal, ou cando menos reiterada, nas linguas humanas. Os nenos ianiuwás comezan a falar utilizando o dialecto feminino da súa comunidade, que aprenden do contacto máis estreito que manteñen coas súas nais (e demais mulleres do grupo) que cos varóns. Só despois dos ritos de iniciación á virilidade, arredor dos

³ Vid. P. Violi (1991) e H. Moore (1999) para unha documentada exposición das referencias dadas por estes clásicos.

dez anos, reciben a presión do grupo para falaren o dialecto masculino, e son ridiculizados en caso de usaren formas femininas. Desde o momento en que se recoñecen como tales homes, apenas utilizarán o dialecto feminino cando citen as mulleres ou, moi sintomaticamente, cando choren e se laien. Non cabe cualificar este comportamento de curiosidade etnográfica posto que os humoristas e os dramaturgos dominan á perfección a arte de caracterizar lingüisticamente un individuo como muller ou como home amaneirado, o que indica, que existen uns trazos de discurso feminino e, ao tempo, que esta caracterización desata gargalladas no público. Tampouco non é tan estraño: segundo notou Patrizia Violi (1991), o macho e a femia biolóxicos danse convertido en homes e mulleres a través do uso de mecanismos simbólicos como a linguaxe.

Con contadas excepcións, na sociolingüística galega o tema da variación por xénero aparece escasamente tratado. Quizais poidamos alegar a vixencia histórica de problemas moi graves que afrontar —problemas, por certo, sempre actuais— para xustificarmos o non repararmos nesta sutileza. Porén, cando non inclúen o asunto, os tratados están a aceptar que as galegas falan igual que os galegos, unha conclusión pouco verosímil porque a experiencia demostra que na escola, na rúa, na baiuca ou no salón de peiteado homes e mulleres non falan exactamente igual. O de *exactamente* é importante: non se está a predicar aquí que sexan falantes de linguas distintas, senón a existencia dunha serie de trazos, bastante sistemáticos, que delatan o xénero do emisor ou, se se prefire, que lle permiten ao emisor revestirse do papel social oportuno. Doutra banda, se un trazo tan alienador coma o sexo, tan adestrador de papeis sociais, non tivese repercusión ningunha na lingua, como parece translucir a lingüística galega, estaríamos perante un absurdo: con que criterio xustificaríamos que as diferenzas de poder ou status, por exemplo, se reflectan na lingua cando estivermos a asegurar que as diferenzas de xénero non deben ter ese correlato? Como hipótese secundaria, poderíamos considerar que percibimos esa aparencia de homoxeneidade porque un artefacto de poder e control nos ensinou a anular as diferenzas de xénero no seu uso, a facelas invisíbeis contemplándoas, máis unha vez, como algo libre e individualmente escollido por cadaquén. Isto é importante. Labov converteuse nunha figura de referencia na sociolingüística por ser quen de demostrar que algunhas variantes en inglés que parecían preferencias estilísticas de escolla facultativa (o que o estruturalismo chamaba variantes en distribución complementaria) estaban, en realidade, reguladas socialmente. Daquela é posíbel que esteamos a considerar algunhas variantes de escolla libre cando a preferencia ou o rexeitamento que sentimos cara a elas vén ditado por unha cuestión de xénero.

A continuación, tentarei de demostrar que en galego actual tamén existe unha variedade feminina identificábel.

Canto aos **trazos fónicos e paralingüísticos**, a fala das mulleres rexistra en galego maiores diferenzas de altura, aínda que probabelmente non tan extremas, ou tan sistemáticas, como as doutras linguas, das que é caso típico o xaponés. Pénsese no discurso da muller que se está a dirixir a un bebé e no seu característico ton agudo, que describe un sobe-baixa pertinaz, moi significativo. Estas modulacións corresponden a comportamentos aprendidos e non derivan das diferenzas fisiolóxicas esperábeis entre home e muller (do estilo de cuestións hormonais ou de conformación do aparato fonador). Proba disto é que podemos verificalas en pre-adolescentes de ambos os sexos, ou sexa que, antes de experimentaren os procesos biolóxicos que acusarán as súas mutuas diferenzas, os individuos son adestrados nos roles sociais. Ademais, igual que acontece noutras linguas, en galego pódense notar como síntomas da variedade feminina a abundancia da flexión interrogativa ou a entoación vacilante e dubitativa. Avanzando nunha dirección que combine o fonolóxico con aspectos puramente gramaticais, habería que aludir ás fórmulas atenuantes. A fala das mulleres é abundosa no rexistro de formas gramaticais, léxicas ou fonéticas que envolvan a mensaxe e atenúen calquera ton categórico a ela asociado. Estes atenuantes poden ser de diferentes tipos:

a) **Preguntas coda:** As mulleres adoitan pedir opinión ao seu interlocutor, animándoo a participar na propia quenda de discurso mediante unha serie de preguntas inseridas á fin da mensaxe (*verdade?*; *non é?*; *non si?*), que parecen destinadas a reforzar a sintonía entre os falantes e non propiamente a seren contestadas. Segundo Jennifer Coates (1996: 201-2), as mulleres usan as preguntas retóricas e certos tipos de *tags* para establecer un sistema de valores compartido mais dun xeito que permita cuestionar eses valores cando cumprir: a súa función esencial é observar en que medida o dito coincide co que pensa todo o grupo. As preguntas restabelecen a comunicación e manteñen en conexión as falantes, mais tamén, isto é esencial, alimentan unha ética de reciprocidade para, sendo experta en algo, non mostralo abusivamente. As mulleres explotan o rendemento interactivo deste mecanismo a pesar da súa escasa validez para acumular información.

b) Uso de **intensificadores** expresivos do tipo de *tan* nun enunciado como «que tan bonito é!» ou *tal* en «nunca tal vin!».

c) Escasa frecuencia de **termos que denoten aberta hostilidade** e, en paralelo, depuración da linguaxe que se considere pouco delicada.

d) Uso de **circunloquios**: Xa no período de adquisición da linguaxe percíbense os distintos papeis que o xénero atribúe aos falantes. Nos patios de xogo das escolas

infantís, as nenas usan circunloquios do tipo «e por que non xogamos a...?», mentres os nenos prefiren as fórmulas imperativas como «agora xogamos a...». Os circunloquios son a punta do iceberg dunha técnica de conversa que atoutiña, que vai indagando nas preferencias da outra persoa sen formular directamente as propias. Obsérvase que, dunha banda, ao primaren este tipo de interaccións, as mulleres tenden a sentirse ofendidas máis veces polo dito ou polo sobreentendido. Son os «enfados femininos» que tradicionalmente os homes dixeron non entender. Doutra banda, esta conversa atoutiñante, que procura non esmagar é un trazo característico, non só da fala das mulleres en todas as tribos do mundo; tamén distingue unhas culturas doutras. Os galegos foron retratados así desde Madrid, como xente da que non se sabe se sobe ou baixa. Quizais a autoestima e a seguranza de determinados colectivos (españóis, homes) provoque unhas formas de fala distintas á desa inseguranza cuxo extremo máximo sería o autoodio e que pode verse nos grupos tradicionalmente dominados (galegos, mulleres).

Noutro sentido, é característico do discurso feminino o uso dun **léxico propio**, inusual ou episódico na fala dos varóns. Hai unha serie de termos en galego coloquial que, aínda que non estean no léxico de todas as mulleres, denuncian (en caso de apareceren) inmediatamente ao falante como muller. Trátase de formas do tipo de *feito* (como sinónimo de *bonito*), *churrusqueiro* ou *riquiño*. Existen ademais bloques temáticos onde o vocabulario das mulleres é máis amplo que o dos homes e a súa destreza en utilizalo maior, sen que se trate de temas apegados á división sexual do traballo. O caso típico é o da cor: as mulleres coñecen máis nomes de cor, cualifican manexando máis matices cromáticos e identifican con máis facilidade e rapidez exemplares de distinto matiz dentro dunha gama. Por suposto, existe ademais a posibilidade de segmentar o léxico segundo atribucións sociais, de xeito que, aínda hoxe, as mulleres tenden a posuír máis vocabulario para actividades ou utensilios de cociña, cuestións infantís ou da crianza etc. Nótese o efecto lingüístico do asunto: é posíbel que tanto Fernando como Fernanda cociñen e daquela usen os mesmos artefactos, mais Fernanda referirase a eles coma *batedor de claras* ou *manga pasteira*, mentres que Fernando chamaralles *chisme*, *chintófano*, *trebello*, como se coñecer o nome dun obxecto pertencente á esfera feminina do mundo fose degradante ou, peor aínda, como se nomear con detalle fose un oficio de muller. O fenómeno, sen lugar a dúbidas, aínda forma parte da nosa educación en roles e sinala a linguaxe como principal instrumento para discriminar o mundo.

Un caso especial, dentro do léxico é o das palabras grosas. Lakoff (1975: 5) sinalaba que se unha rapaza falase cos tacos dun rapaz sería obxecto de escarnio ou abertamente condenada ao ostracismo social. Isto foi unha verdade manifesta, *mutatis mutandis*,

en todas as sociedades occidentais e, aínda que a lingüista se refería á sociedade americana urbana de clase media e branca, os datos poden coincidir co que nos anos 70 pasaba na Galiza. Mais non é a situación actual. As mulleres galegas xa non teñen tabús verbais: falan de todos os temas con lixeireza e sen presións, probablemente un diferente xeito educativo e a desinhibición dos *reality shows* na televisión convencéronas de que non existía tema do que conviñese calar. Ademais, falan con profusión de palabróns, expresións obscenas e mesmo vexatorias para si mesmas, ou para o conxunto das mulleres. Iso si, nunha alta frecuencia, como sabemos, fano en español.

Canto á gramática, acéptase a fala das mulleres como prolixa no uso de sufixos diminutivos que se cargan de valores secundarios, normalmente de tipo afectivo (*bonitiño, riquiño, pouquichiño*).

Unha vez relacionados os trazos máis incontrovertidos, queredría notar dúas salvidades: a primeira ten a ver cos estudos de xénero; a segunda coa lingüística. Moitas das persoas non sensibilizadas pola cuestión feminista poden rexeitar esta caracterización baixo o suposto de que non todas as mulleres falen así. Tipicamente, moitas mulleres insistirán en que a súa fala particular se mantén incontaminada con respecto a este suposto estilo feminino: elas non usan diminutivos nin teñen nomes para artellos caseiros e blasfeman máis que os homes que as rodean. Debo aclarar, neste sentido, que non se pretende coa exposición anterior sentar unha serie de atributos definitorios do conxunto muller, ou sexa, non se trata de propiedades necesarias e suficientes que todos os exemplares deban ostentar para incluírse dentro da categoría muller. Ao contrario, nin sequera acredito na existencia desa categoría. E eu en particular non me recoñezo na fala profusa en termos agarimosos e recortados que ás veces ouzo noutras mulleres (nesa dependenta que saúda cun «dime, *cari*, que talla usas?»). Porén, si recoñezo eses trazos como un bosquejo de definición do prototipo. Esa fala feminina é unha envoltura que existe para *performar* mulleres, como existen a maquillaxe ou os zapatos de tacón para salientar a feminidade, quer os eu use, quer non. Daquela, moitas mulleres non ostentarán, nin moito menos, a totalidade dos trazos caracterizadores (mesmo no proceso de construción do propio suxeito muller poden ter rexeitado especificamente este rexistro) mais a acumulación de trazos caracteriza un individuo indiscutibelmente como muller ou «amullerado», segundo nos mostran as caricaturas dos humoristas a que aludiamos antes.

Canto ás cuestións lingüísticas, aínda debo apuntar outro matiz. Coas adaptacións propias de tradución, o panorama descrito para o galego practicamente coincide co que se pode atopar en inglés, en español ou noutras linguas estudadas. Isto é lóxico porque a posición das mulleres no ancho mundo tende a ser insidiosamente igual.

Mais coido que, na altura actual, deberíamos analizar con máis vagar certos trazos idiosincráticos da nosa lingua. Tomemos, por exemplo, o caso do diminutivo. En todas as linguas as investigacións con perspectiva de xénero sinalan a proliferación de diminutivos como un trazo de discurso feminino, segundo recollíamos antes. Porén en galego, como noutras linguas, os sufixos orixinalmente destinados a expresar pequeno tamaño acabaron por experimentar un proceso de gramaticalización que os habilitou para vehicular unha gran variedade de valores abstractos, fundamentalmente, intensificadores (*pouquichiño*), aproximativos (*pertiño de aquí*), ou pexorativos (*xentalla, barrigola*)⁴. Habitualmente, como as gramáticas non están feitas con perspectiva de xénero, os autores aluden á capacidade expresiva do diminutivo e procuran a súa explicación no ruralismo ou como trazos propios da lingua dos grupos socioculturais considerados baixos e como mostra de coloquialidade en grupos altos (Freixeiro Mato, 1999: 172). Porén, se estes son trazos coloreados, que marcan «en feminino» a quen os usar, é esperábel que fosen interpretados como propios de fala popular porque a das mulleres non é unha fala prestixiada. En opinión de Carballo Calero (*apud* Freixeiro Mato, 1999: 194) Pondal usou os sufixos *-eta* e *-ete* porque ao non ser o popular e o tenro os valores que lle interesan, senón o enérxico e o nobre, o diminutivo desaparece. «A mimosa femineidade do sufixo *-iño* élle tan allea» que mesmo cando o diminutivo é preciso, evita aquela forma tan enxebre, e a substitúe por *-ete* que envolve «menos dozura sentimental, e ten certa afectuosa aspereza varonil». Ese valor caracterizador de fala feminina parece obvio en Rosalía «Téñovos, pois, que deixar, / hortiña que tanto ameí, / fogueiriña do meu lar, / arboriños que prantei, / fontíña do cabañar.» (*Cantares gallegos*).

Neste sentido introduciréi un novo exemplo. Consideremos o caso das interpolacións, isto é, das estruturas onde o pronome, en posición proclítica, non vai directamente en contacto co verbo senón que entre ambos se introduce algunha outra forma: «Xa che eu dixen» ou «para me non dicires a verdade non fales». Estas estruturas, segundo Sánchez Rei (1999a, 1999b), son diferenciais do español e máis frecuentes noutros períodos históricos, en concreto, na Idade Media. En portugués actual restrinxiron o seu ámbito de uso e en galego mantéñense como unha posibilidade facultativa, que algúns literatos como Otero Pedraio ou Cunqueiro promoveron (ás veces mesmo abusando delas e utilizándoas ao límite da gramaticalidade). A hipótese de que estas estruturas –diferenciais e por tanto reivindicábeis como trazos de estilo do galego actual– puidesen ser trazos de fala feminina resúltame moi atractiva. En principio a

⁴ Vid. M. Mendoza (2005), X.R. Freixeiro Mato (2000).

idea xurdiu de que varios informantes comentaron que estas estruturas estaban vivas aínda na fala das súas nais ou avoas e de que, a medida que estas persoas envellecían e volvían con máis teima aos territorios do pasado ou da infancia, máis retomaban estas formas «antigas» de fala. Cando quixen comprobala sobre datos reais non fun afortunada. Nalgunhas gravacións non se rexistraban interpolacións deste tipo –caso das editadas por Fernández Rei e Hermida Gulías (2003)–; no caso do ALGa non se podía acceder aos datos de xénero, que os investigadores non consideraron relevante. Por suposto, neste estadio a hipótese non é máis que un fío de que turrar mais existe unha xustificación para formulármola.

Supoñamos que estes trazos foron característicos da fala feminina. Temos enormes problemas de transmisión e o simple legado xeracional vese importunado por españolismos e polos efectos que a urbanización acelerada da nosa sociedade e a súa suposta modernización exerceron sobre a lingua, vista como algo propio dun mundo antigo fronte á moda de «agora chámase B-en español- o que sempre foi A-en galego». Daquela os trazos da fala feminina afrontarían especiais dificultades para callar na xeración seguinte, especialmente cando a xeración seguinte de mulleres tendía a se instalar en español ou casamente. Doutra banda, en moitos casos foron os escritores e escritoras directamente os encargados de restituír a lingua, de darlle valor, de recuperar formas antigas. Pois ben, cando os nosos escritores quixeron transmitir a lingua non sempre se fixarían nos trazos coloreados de xénero (quizais porque a maioría dos autores prestixiosos eran homes?), contribuíndo á súa perda. Pode que a hipótese pareza aventurada mais, de que outro xeito podemos explicar o acantoamento destes trazos na gramática? En todo o caso, mesmo se non parecer atinada, non invalidaría a hipótese principal de que deben de existir trazos do discurso feminino caracterizábeis. A inclusión das interpolacións non é máis que un fío lateral do camiño que estamos a emprender.

3. O fino é o español

Un dos aspectos en que a lingua das mulleres diverxe do patrón ten a ver coa cortesía⁵. Janet Holmes (1995), nun magnífico libro dedicado a este asunto, comeza por preguntarse se as mulleres son máis cortesés que os homes. Unha resposta inicial, que só

⁵ Os lingüistas estudaron a cortesía durante os últimos trinta anos facendo esquemas taxonómicos sobre a distancia, a deferencia e a camaradaxe (Lakoff, 1973; Brown e Levinson, 1987) ou examinando diferenzas inter-culturais (Ide, 1982; Matsumoto, 1989).

mirase os datos de emisións reais, tería que proceder con toda a cautela e responder «depende do que se entenda por cortesía, dos homes e das mulleres que se compare e do contexto en que se fale». Máis probabelmente, como indica esta especialista, a pregunta poida contestarse en sentido afirmativo se atendemos a fenómenos concretos das nosas emisións.

En primeiro lugar, en todas as tribos as mulleres parecen cominadas a usaren en menor medida expresións vulgares ou consideradas pouco delicadas: os tacos, a fala grossa ou as imprecacións obscenas tenden a ser sorteadas ou substituídas por eufemismos. Esta depuración sustentou unha das formulacións máis interesantes que o feminismo fixo en relación coa linguaxe ao se aproximar aos usos reais que as mulleres fan das linguas. A norteamericana Robin Lakoff (1975), logo dunha análise comparativa, concluíu que a interacción comunicativa se vía regulada por dous obxectivos: (a) procurar clareza na expresión, e (b) ser cortés. De pensármolo detidamente, atoparemos que a cortesía é, no acto de fala, tanto ou máis importante que a propia clareza, posto que na maioría das nosas conversas diarias o intercambio comunicativo non ten tanto a finalidade de transmitir información canto a de confirmar e reforzar a relación mesma. Cando atopo alguén nun ascensor, por moito que non precise información ningunha, a linguaxe florece para a cortesía («Seica chove...»). Aínda que a cortesía se articule en normas que varíen interculturalmente, segundo Lakoff, baséase en tres regras básicas:

- a) Formalidade ou mantemento das distancias.
- b) Respecto ou liberdade de elección.
- c) Camaradaxe ou demostración de simpatía.

A primeira destas regras é a máis coñecida e universal, e prevén contra os excesos da intimidade, mais é nas outras dúas onde se rexistra a variación de xénero. A regra do respecto, destinada a evitar as ofensas, resulta fundamental no estilo feminino. As mulleres afirman algo e, axiña, piden opinión, queren confirmación de que todo vai ben, de que o fluxo de simpatía co interlocutor non rompeu. De aí os *non si?*, *verdade?*, *de acordo?*, *non che parece?*, e *logo?* con que salfiren as súas intervencións, mesmo en circunstancias en que a repartición de poder lles permitiría lexitimar o seu propio punto de vista (por exemplo, cando se dirixiren a interlocutores menos informados, cando ocuparen posicións de prestixio, ao impartiren aulas, daren conferencias ou responderen entrevistas). A terceira regra, a da camaradaxe, no entanto, é propia dos grupos de homes. Abofé que tamén existe fóra. Podemos atopar trazas desa complicidade en grupos mestos ou femininos, especialmente nos ámbitos profesionais ou de confraternidade, mais o dominio privilexiado de uso é a interacción entre varios

homes compañeiros. O caso típico onde se percibe a diferenza de fala entre sexos é aquel en que un home descarga palmadiñas amábeis no ombreiro do outro, sorriso en boca, dicindo en voz alta «cabrón, que es un cabrón, ti, carallán». Nun uso coma ese as palabras grosas que, illadas no dicionario só poden interpretarse como insultos, non significan nada en comparación a todo o demais: os ollos, as mans, a boca falan de amizade, e falan máis alto.

Con todo, o asunto dista de posuír a linearidade que lle outorgara Robin Lakoff. Ao longo dos últimos vinte ou trinta anos as mulleres occidentais penetraron decididamente nos distintos postos sociais: os contornos académicos, a vida pública, a arte, a ciencia foron literalmente invadidos por mulleres de distintas clases sociais. Creo necesario salientar esa diversidade porque, a pesar de todo, a heteroxeneidade que as mulleres de distintas envolturas e ambientes deberían achegar á sociedade ao se integraren efectivamente nela **non** se traduciu á linguaxe. Esperariamos que a entrada masiva de mulleres na universidade, por exemplo, producise unha feminización do discurso académico e non hai tal; ao contrario, as mulleres parecen aspirar a unha linguaxe andróxina. Talvez como síntoma do que procuraban noutros horizontes, as mulleres tenderon a adoptar o estilo dos homes. Dunha banda, a formalidade reduciuse considerabelmente ou desapareceu porque a importancia concedida na sociedade ás «correntes de aire fresco» e á expresión espontánea dos sentimentos non deixou lugar para a distancia. Aínda que sigamos a recoñecer os estereotipos do feminino –por exemplo, as mensaxes de móbil das miñas alumnas son máis cariñosas, expresivas e longas que as dos meus alumnos–, as mulleres, ao lle concedermos menor importancia á formalidade, estamos a adoptar paseniño a camaradaxe.

Talvez por iso, a fala das mulleres máis novas neste momento aborrece dos eufemismos e recréase nos tabús, na imprecación obscena e na fala grossa que antes estaba prohibida. Poderíase pensar, ben é verdade, que é unha consecuencia da democratización do ensino, isto é, unha adopción dos usos lingüísticos ditados pola clase social de procedencia e non polo xénero. No entanto, a lingua como artefacto de poder exerce un considerábel atractivo e normalmente adóptase a forma de falar dos poderosos para intentar ser (ou para aparentar ser) un deles. No caso das mulleres hai que recorrer, logo, á variábel xénero tanto ou máis que á variábel clase social para entendermos esta androxinización da linguaxe. As mulleres aspiran a falar coma os homes e, en moitos casos, as universitarias negan con indignación nas clases de sociolingüística que as mulleres teñan unha fala de seu, unha variedade caracterizadora. «Iso sería antes...», protestan. As mulleres desexan ser iguais a calquera prezo. De aí que aspiren a unha lingua neutra, que elimine todas as pegadas das súas diferenzas con respecto aos varóns porque, canto máis masculinas aparentemos na nosa fala hannos tomar

máis a serio. Neste sentido D. Cameron (1995) comenta o caso de Margaret Thatcher que ao chegar á presidencia foi aconsellada polos seus asesores de imaxe para ir cambiando, máis que o seu acento —que ela xa modificara con anterioridade—, a súa dicción vocálica para facela máis grave, porque o falante feminino é estigmatizado como «agudo, estridente, emocional e falto de autoridade». Unha muller que se enfada é un «loro» ou unha «histérica» e perde credibilidade.

Neste contexto social, cando algunhas persoas nos interesamos pola fala das mulleres (se existe, en que consiste ou preguntas semellantes) chocamos cunha barreira fortísima: nin a lingüística quixo ver esa diferenza, xa for estilística, social ou gramatical, nin as falantes se identifican cos trazos que se lles atribúe, nin boa parte do feminismo ve operativo recoñecer ese discurso como diferente.

En 1996 Jennifer Coates publicaba un libro sobre a fala das mulleres. Máis de dez anos atrás comezara a gravar as súas amigas nas reunións semanais que celebraban, durante as primeiras horas da noite, nos seus domicilios particulares que ían alternando. O que comezou como unha brincadeira acabou convertido en proxecto de investigación. Despois de que un traslado a obrigase a cambiar de lugar de residencia seguiu rexistrando as conversas que mantivo con outros grupos de amigas. O seu interese pasaba por estudar o xeito en que se realizaba a interacción lingüística entre mulleres. Concluíu, na liña que se viña apuntando desde o feminismo, que as mulleres se socializan a través da linguaxe, á que conceden singular importancia, de xeito que acostuman a valorar o feito de partillaren coas demais persoas as súas motivacións internas para as accións que emprenden. Apenas un ano antes Janet Holmes publicaba o amentado tratado sobre a cortesía onde establecía (1995: 2) «a maioría das mulleres divértense falando e contemplan a conversa como un medio importante para manter o contacto, especialmente con amigos e íntimos. Elas usan a lingua para establecer, nutrir e desenvolver as súas relacións persoais. Os homes tenden a usar a linguaxe máis ben como unha ferramenta para obter e producir información. Ven a fala como un medio para obteren un fin».

Estes traballos son resultado dunha tradición, iniciada na antropoloxía dos anos 80 e que tivo o seu cume nos *best-sellers* de Deborah Tannen⁶, que propuñan a tese de que os seres humanos, en función do seu xénero, habitaban tribos distintas e con frecuencia tiñan serias dificultades para se entenderen falando. Nesta óptica, as mulleres

⁶ Vid. D. Maltz e Borker, R. (1982) ou D. Tannen (1991, 1994).

consideran as preguntas un medio para manteren o fluxo da conversa e usan expresións con que fan eco ao seu interlocutor, evitando que os argumentos se contemplan como enfrontados e reforzando a idea de que elas se manteñen á escoita. No entanto, os homes escapan das situacións que os obrigan a compartir asuntos íntimos e tenden a resolver esas conversas como se lles estivesen a demandar solucións para os problemas que se lles comentan. O desacordo está servido: os homes senten a fala das mulleres como cháchara repetitiva e interrompen abruptamente dando solucións aos asuntos sobre os que elas divagan. As mulleres séntense pouco comprendidas ou mal escoitadas e rexeitan as solucións que eles lles brindan porque tampouco non desexaban que ninguén lles amañase o problema; procuraban un ouvinte solidario, un confidente. Coido que, en conxunto, esta liña de investigación destapou un asunto interesante, unha hipótese que podía aplicarse non só á interacción entre sexos senón tamén entre etnias, culturas ou clases sociais distintas. Porén, a súa formulación quizais resultou excesivamente agresiva. Ao tipificaren os conceptos de **home** e **muller** e remitiren ao masculino necesariamente o interese polo intercambio de información e ao feminino o obxectivo de interactuar, inevitabelmente estas investigadoras caían no mesmo mal que querían criticar e as súas análises pecaban de prexuízos: se finalmente os datos demostraban cento por cento o que elas intuían, o proceso resultaba sospeitoso de manexar preconceitos. Non concordo até o final na idea de que as mulleres nos comportemos sempre como magníficas colaboradoras no debate, de que sintamos todas a alegría de partillar mundos imaxinarios e recreados a través da linguaxe, mentres os homes actúan sistematicamente como entrevistadores que van ao gran. Concordo, iso si, con que a socialización feminina tende (e digo tende, non necesariamente é) a primar a colaboración, mais esta tamén se dá na socialización que ten lugar noutros grupos cohesionados como, por exemplo, dentro de asociacións ou na actividade política. Asemade concordo con estas investigacións en que existe un modelo de interacción, movido por intereses inmediatos, polo aquí e o agora, que apenas se detén na satisfacción mutua que supón a conversa e que mesmo contempla as quendas de debate baixo a metáfora conceptual dunha guerra que se debe gañar e non perder, despregando agresividade, opoñendo con moita forza os propios argumentos e desouvindo o que se di. Mais tampouco non é raro que mulleres cunha oratoria espléndida abafen outras conxéneres no debate. Ou que persoas cunha fala asertiva rematen os seus enunciados cunha pregunta en coda que, segundo esta teoría, mitigaría a carga asertiva, e que, na miña opinión non o fai (é o clásico «estamos?» ou «entendido?» con que rematan algúns oradores autoritarios). Quizais abundaría con distinguir falantes cooperantes, que escoitan e retoman parte dos discursos (eses e esas que din «como dis ti» ou que nos van regalando a palabra oportuna cando dubidamos ou tateamos) fronte a falantes lacónicos que só ven a lingua como ferramenta.

Sen caermos en tópicos, parecería que a socialización feminina –como a doutros grupos dominados– primou un modelo específico de cortesía, en principio, acorde co descrito por Lakoff (1975) pode movernos máis ou menos a distancia ou a camaradaxe, mais valoramos o respecto entendido no sentido de permitirmos a liberdade de decisión. Seguro que nese leque hai flutuacións individuais e de grupo mais si pode recoñecerse unha domesticación do noso discurso para que resultase refinado, un proceso que no noso caso aboca ao cambio de lingua en favor do español. Vaíamos por aí.

Entre as escasas características da fala feminina atendidas polos especialistas en sociolingüística está a do conservadorismo lingüístico. As mulleres tenderían a usar formas máis estandarizadas porque, dese xeito, compensarían a súa subordinación a través de sinais lingüísticos de status. Este trazo estaría particularmente acusado nas mulleres que non traballan fóra do fogar. Os sociolingüistas, desde que Labov estudara en 1966 a distribución do /r/ na fala de Nova York fixándose nas dependentas dos grandes almacéns que se preocuparían por emular a fala das súas clientas, sempre tiveron presente que, ao careceren dun status laboral, as amas de casa se facían dependentes de índices de prestixio distintos da capacidade económica e, por tanto, particularmente sensíbeis á importancia simbólica da lingua. Cando as mulleres de clases proletarias se presentan en público falando «como unha dama» e evitando coidadosamente as formas que delatarían a súa procedencia social conseguen desmarcarse e trazar o seu propio horizonte individual. Por iso as mulleres cultivaron a beleza física e a fala fina, atributos que lles permitían unha promoción social impensábel con outros mecanismos. Con estes principios non é estraño que nas sociedades diglósicas, canto máis insegura estea unha muller da súa situación social e canto maior sexa o seu afán de medrar, máis adhesión sinta cara á lingua de prestixio, que lle serve de marca de refinamento, do mesmo xeito que se sentirá moi pendente das modas, das vestimentas, da aparencia e dos ritos formais. Cameron (1995: 170) asegura que en Irlanda do Norte o currículo escolar impón ás rapazas máis que aos rapaces a moderaren os seus acentos locais estigmatizados, algo bastante acorde co que vivimos as galegas.

O sociólogo Bourdieu (1998) argumentou que as mulleres, ao seren condenadas pola división sexual do traballo a esperar o ascenso social das súas capacidades de produción e de consumo simbólicos, están especialmente atentas á adquisición de competencias lexítimas. Cando falamos, logo, non só transvasamos información dun recipiente chamado emisor cara a outro recipiente chamado receptor, a través dunha serie de transcricións, senón que asistimos a un intercambio económico agochado. Ese intercambio lévase a cabo nunha relación simbólica de forzas que media entre un produtor, provisto de certo capital lingüístico, e un consumidor ou un mercado aptos para

procuraren un certo beneficio material. Unha análise como esta revela algo que lle pasaba inadvertido á gramática descritiva: que os discursos non son unicamente signos destinados a ser comprendidos; por riba de todo son signos de riqueza destinados a seren valorados e tamén actos de autoridade destinados a seren aceptados como veraces e, no seu caso, a seren acatados. A linguaxe informa sobre o xeito de comunicar, sobre os estilos competitivos e, por iso, cobra un notábel valor social e unha eficacia simbólica engadida.

Así as cousas, teríamos que a tendencia xeral impulsa as mulleres galegas, en tanto que mulleres, a se igualaren cos homes, usando o seu modelo de cortesía baseado na camaradaxe e, en tanto que persoas dunha nación dominada, a *des-clasarse* socialmente usando o español como lingua. Temos unha dupla fuga. Volvamos un momento atrás. As mulleres novas, estudantes de profesión (ben nos últimos cursos do ensino medio, ben universitarias) pelexan nas aulas facendo ostentación de todos os trazos do modelo masculino de linguaxe (*escarállanse coa risa, acollóanse cos exames*, consideran que tal actividade é unha *conachada* ou describen a propia astucia nos termos de *eu sonche moi puta*). Neses contextos poden aceptar o galego porque, como asegura Goretti Sanmartín (2009) no momento actual o galego paga un imposto de coloquialidade, isto é, falarmos galego implica proximidade, afecto, sinceridade e identificación co local coa conseguente profusión de formas vulgares; é esa fala de toda a vida, con dialectalismos e españolismos, o que «sempre se dixo» aínda que, de furgarmos un pouco, ese «sempre» signifique tan pouco tempo. O esquema sería simple se ficase aquí, con mulleres que cambian o seu modelo de cortesía para se androxinizaren. Porén, os papeis sociais sempre son cousa complexa.

A sociolingüística con orientación de xénero destacou tradicionalmente o caso de linguas de Extremo Oriente, como o xaponés ou o tai, onde o falante ten que elixir nun complexo sistema de marcas para dar conta da súa cortesía e do seu xénero. Mais tamén é un lugar común que as universitarias xaponesas nas aulas tenden a igualar o seu discurso ao dos varóns, mentres que cando lles interesa salientar a propia feminidade (por exemplo en bares ou discotecas) volven ás formas rituais que marcan o feminino. Estamos perante un fenómeno semellante: cando as mulleres galegas non quixeren pagar o imposto de coloquialidade que se lle supón ao galego abandonarán a lingua ou non se integrarán nela por preferiren mostrarse corteses (ou sexa distantes). E a distancia máxima conséguese co español, cos seus «he hecho» e «he dicho» que soan a ouvidos galegos tan rituais e que veñen cumprir a mesma función que no discurso académico ten a fala en latín: revestir de rigor o que se di. Dun lado, a fala requintada, en que derivaría a cortesía supostamente feminina, resulta pouco acaída ou *démodée*, mais a proximidade e a espontaneidade dos grupos masculinos non son de todo a

lingua propia e a fala das mulleres transita entre estes dous polos. Cando se pode exercer a proximidade, fálase en galego popular, o do imposto de coloquialidade que resalta a camaradaxe e outorga ao discurso un ton tan veraz, tan válido coma o dos varóns. Cando non se desexar ese efecto (por exemplo, para as mulleres que aspiran a medrar socialmente ou nos contextos formais ou onde queren parecer xente desenvolta, moderna ou elegante) prima a fuga de clase: o español, na súa condición de lingua allea, resulta absolutamente formal.

4. Cara a unha proposta de intervención

A lingua con que a sociedade domesticou as mulleres era unha lingua censurada, onde non cabían palabras «malsoantes», nin chistes groseiros, nin acentos ordinarios. A domesticación era só unha das manifestacións dun adestramento máis profundo, que non afectaba en exclusiva as mulleres; tamén correspondía aos homes mais a cadaquén outorgábaselle o rol oportuno. Trátase dunha domesticación que tamén abrangue os gustos (as mulleres deben preferir as películas de amor, as manufacturas delicadas, os aromas suaves... para reforzar a súa consideración de seres sensíbeis) e, por suposto, o corpo. Cómpre non facer exhibición dos praceres e apetitos, non xesticular, non berrar e dosificar coidadosamente o poder que emana das bágoas. A medida que as mulleres se opoñen a estes esquemas caducos, vai notarse un curioso efecto lingüístico. Homes e mulleres rexeitarán as mexericadas e valorarán moi positivamente a fala viril: o seu ton, os seus efectos de camaradaxe e retranca. O viril pasa a ser sinónimo de naturalidade; ao tempo, o feminino pasa a ser sinónimo de afectación ou de falsidade. En vez de «Que ben te vexo hoxe!», que indica fixarse nos demais e aprecialos, imponse en todos os contextos o saúdo do «que hai?», unha petición de información ás présas, como corresponde a xente ocupada. Os cualificativos de detalle (novelas «fabulosas», «lindos» ollos, «bonitas» viaxes) rexéitanse por pegañentos, e triúfa o «ben», «vale». Os censores de costumes din que a fala xuvenil se simplifica en exceso, que é pobre e paifoca porque se apaña cun «mola» ou cun «guai», porén, a fala dos adultos non é máis rica; en todos os tramos sociais, en todos os grupos de idade ou de poder convén estar ao asexo para non falar coma «vellas»; a fala rouca imponse. Abofé que hai vinte ou trinta anos, falar «liso», «falar claro» podía ser audaz, porque contiña a rebeldía de cuestionar o establecido, de poñer patas arriba o mundo. Mais hoxe pode ser tanto como caer nas redes do discurso único, como establecer que só hai un tipo de fala veraz.

Nas literaturas poscoloniais (ou nos enfoques que miran os textos literarios de certas nacións e linguas como síntoma de opresión) sábese que das mulleres, como dos pobos orientais, se di que **non** son bastante directos, francos, ou asertivos, que procu-

ran a duplicidade. Por suposto, trátase dunha mostra de discriminación racista e sexista. A perspectiva de xénero no século XXI abócanos a rachar con todos os moldes prefixados e a construírmonos en liberdade. Debemos poder reclamar o dereito a discursos poliédricos e mesmo contrapostos: é posíbel que unha oradora brillante no seu grupo de achegados se intimide nunha reunión de veciños e disfrace cun ton autoritario o que non é máis que inseguranza. Nada está fixado. Mais as persoas que nos dedicamos á educación sabemos dos riscos de que o medio académico estimule os varóns a participar e inhiba as mulleres. Só así podemos explicar que en calquera estilo de colectivos os homes tomen a palabra antes e a manteñan durante máis tempo, porque as normas que rexen a conversa, por moi invisíbeis que nos parezan, están vixentes e regulan os intercambios até o punto de que unhas poucas mulleres nun grupo de homes non consigan facerse cunha soa quenda de participación.

A investigación sobre a linguaxe en materia de xénero é recente mais noutros países conta con trinta anos de historia. Considero que é urxente, nesta altura, iniciar as investigacións sociolingüísticas, gramaticais e estilísticas sobre a variábel xénero en galego. Contribuíríamos así á procura dun coñecemento que melloraría a calidade das nosas relacións sociais e estimularía a participación d@s máis débiles no eido público. É posíbel que ese obxectivo humanitario e de xustiza social fique moi lonxe dos intereses filolóxicos. Daquela debo dicir máis. Na perda actual de falantes femininas conxúganse varios factores.

O primeiro é, sen dúbida, a perda de modelos femininos. Posto que as mulleres racharon cunhas expectativas sociais, ficaron sen referencias: estaban a cambiar os xeitos de vida, os intereses inmediatos e mesmo os temas de conversa. Cando naceron os meus fillos observei que a miña presenza empurrando un carro de crianza abundaba para presentarme socialmente como nai. Inmediatamente achegábanse moitas mulleres descoñecidas para falar sobre ese tempo da vida e na maior parte dos casos a conversa percorría sobre lugares comúns, tópicos culturais que funcionan na nosa tribo e que moitas veces non saberíamos traducir a outras linguas que coñecemos. É o famoso «eles para arriba, nós para abaixo» con que as mulleres idosas falan do paso do tempo. Estes discursos son unha lección de antropoloxía, de literatura popular e de socioloxía que estas disciplinas académicas xa recoñecen como fonte de información a través da importancia concedida nos últimos anos aos *récits de vie*. Falta que a lingüística (a nosa) se decate da importancia do factor xénero. Desatendido pola gramática, e mesmo pola sociolingüística, este factor pode ser tamén crucial na recuperación de fenómenos idiosincráticos da lingua. Os trazos da fala feminina, cando os houber, non estarían pasando automaticamente á xeración seguinte, dado o forte éxodo que nestas décadas empurrou as mulleres cara ao español. Mais, como o xeito de vida tradicional

implicaba que as mulleres falasen con menos persoas, que saísen menos da casa e do lugar onde habitaban, é posíbel que eses trazos de estilo denoten un galego rexo, enxebre, con menos contaminacións alleas. Estudar ese galego é urxente e necesario; para recoñecérmonos nel, precisamos primeiro coñecelo.

Aínda sen entrarmos a analizar cales son os problemas que afectan a difícil, que non irreversíbel, transmisión do galego, podemos sen dúbida remitirnos ao cambio de xeitos de vida. A urbanización masiva e o abandono dos núcleos de poboación e das formas de subsistencia tradicionais están detrás dalgúns actitudes de rexeitamento. Erroneamente os falantes identifican a lingua nacional con nocións que ven negativas (pasado, atraso, rural, pouco estimulante) e a lingua allea con promesas (futuro, moderno, urbano, variado e suxestivo). O asunto radica en saber por que o proceso se agudiza no caso das mulleres. Os valores do mercado capitalista, a competitividade e o éxito social presionan a homes e mulleres para falar a lingua de poder, con máis «mercado» e que se sinta máis a moda. Porén, segundo vimos vendo as mulleres non teñen espazo socio-lingüístico propio. Se as súas regras internas, por exemplo, propuñan unha cortesía alternativa, os cambios dos últimos tempos abocan á camaradaxe. Ao ficaren desasistidas, ou ben adoptan modelos hiper-cultos (as menos, as que se senten protexidas polo seu coñecemento específico da lingua), ou ben desertan cara ao español, as máis. A proposta é sinxela e enlaza moi ben co traballo que se vén facendo desde esta universidade e desde este servizo de normalización lingüística. **Se puidemos darlles ás mulleres un modelo de calidade, un galego non coloquial, un discurso onde manter as distancias e sermos tan elegantes e tan finas como as falantes de español, non se marcharán.** Como temos a situación que temos, nos últimos anos fíxose especial fincapé no eido das actitudes, de xeito que moitos falantes das elites –por exemplo políticos– cren que falan galego cando adoptan para facer declaracións perante os medios de comunicación un modelo desleixado, moi apegado ao español, próximo ao que falarían na baiuca ou na romaría. Falarmos galego é dicirmos «que carallo!» e despois usar todos os cultismos que a disertación esixa en español. Non creo que esta situación pase inadvertida ás mulleres.

Unha viñeta humorística que un alumno me trouxo un día á clase retrataba dous monstros informes, calculo que extraterrestres, el e ela, que mantiñan unha conversa. Ela mostraba actitude enfadada, cos brazos cruzados e dando as costas ao outro. El, moi preocupado pola actitude da súa compañeira, vaille preguntando: «Estás enfadada?». Só recibe silencio por resposta e a viñeta avanza «É por algo que fixen?». Silencio. «É por algo que dixen?». Silencio. Continúan varias preguntas máis e o suposto varón debe sempre afrontar o silencio dela. Xa na última o monstro pregunta «É polo ton que usei cando daba a entender algo que non cheguei a dicir mais que non debería

pensar?» E aí ela, a sutil, mira para el con cara de «exactamente». As investigacións que demostran esa sutileza das mulleres coa linguaxe poden talvez servírnos de referencia. As mulleres desta época estannos a dicir que non se identifican co galego que lles transmitiron as avoas porque son demasiado diferentes delas. No entanto, por moito que aspiran a confluír cos homes, non en todos os contextos poden identificarse co «que carallo!» da coloquialidade. Na medida en que atendamos á construción dun galego de calidade, que poida ser tan expresivo, tan culto, tan diferencial, tan elegante e tan cortés como calquera outra lingua, as mulleres poderán identificarse nel... e voltar. A intervención é precisa porque nin as galescolas que nos quitaron nin outra innovación ningunha que poidamos chegar a ter, negará o papel das mulleres (nais e coidadoras) como transmisoras principais da lingua inicial.

5. Referencias bibliográficas

Bourdieu, P. (1998): *La domination masculine* (Paris, Ed. du Séuil). Traducido ao español *La dominación masculina* (1999) (Madrid, Visor).

Brown, Penelope / Stephen Levinson (1987): *Politeness. Some universals in language usage* (Cambridge: University Press).

Cameron, D. (1994²) [1986]: *Feminism and linguistic theory* (Basingstoke, McMillan Press).

— (1995): *Verbal hygiene* (Londres: Routledge).

Christian, Donna (1988): «Languages planning: the view from Linguistics» en Newmeyer, F. (ed.): *Linguistics: The Cambridge Survey, 4: Language: The Socio-cultural context*: 193-209 (Cambridge: University Press). Traducido ao español por Martín Rojo, M. L. (1992): *Panorama de la Lingüística moderna de la Universidad de Cambridge, 4: El lenguaje. Contexto socio-cultural*: 233-252 (Madrid: Visor).

Coates, Jennifer (1996): *Women talk* (Londres: Blackwell).

Coseriu, Eugenio (1981): «La socio- y la etnolingüística: sus fundamentos y sus tareas», *Anuario de Letras*, 19: 5-29.

Fernández Rei, F. / Hermida Gulías, C. (eds.) (2003): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega).

Freixeiro Mato, X. R. (1999): *Gramática da lingua galega. III Semántica* (Vigo: A Nosa Terra).

Gal, Susan (2001): «Language, gender, and power: an anthropological review», en Duranti, A. (ed.): *Linguistic anthropology: a reader*: 420-430 (Oxford, Blackwell).

García Negro, M.^a Pilar. (2003): *Sempre en galego* (Bertamiráns-Ames: Laiovento).

— (2007): «Introdución», en CIG-Ensino: *Recomendacións para o uso dunha linguaxe non sexista*: 4-10. Dispoñible en: <<http://www.cig-ensino.com/descargas/00774.pdf>>

— (2008): «Inxenuísmo», *Tempos novos*, 135: 86.

Goddard, A. / Patterson, L. (2000): *Language and Gender* (Londres-Nova York: Routledge). Traducido ao español por Molina, S. (2005): *Lenguaje y género* (Cuenca: Universidade de Castela-A Mancha).

Holmes, Janet (1995): *Women, men, and politeness* (Harlow (Essex), Longman).

Ide, Sachiko (1982): «Japanese sociolinguistics: politeness and women's language», *Lingua*, 57 (2-4): 357-386.

Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico galego. Volume II. Morfoloxía non verbal* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de La Maza).

Lakoff, R. (1975): *Language and woman's place* (Nova York: Harper & Row). Traducido ao español *El lenguaje y el lugar de la mujer* (1981) (Barcelona: Hacer).

— (2005): «Civility and its discontents», en Lakoff, R. T. / Ide, S. (eds.): *Broadening the horizon of linguistic politeness*: 23-43 (Amsterdam: John Benjamins).

Maltz, Daniel / Ruth Borker (1982): «A cultural approach to male-female miscommunication» en Gumperz, J. (ed.): *Language and social identity*: 195-216 (Cambridge: Cambridge University Press).

Matsumoto, Yoshiko (1989): «Politeness and conversational universals: observations from Japanese», *Multilingua*, 8 (2/3): 207-222.

Moore, Henrietta (1999): *Feminism and anthropology* (Londres: B. Blackwell). Traducido ao español por García Bonafé, J. (1999): *Antropología y feminismo* (Madrid, Cátedra).

Queizán, M.^a X. (2008): «Unha adaptación necesaria», *Tempos novos*, 135: 86.

Sánchez Rei, X.M. (1999a): «O uso da interpolación pronominal en galego durante os sécalos escuros», *Verba*, 26: 327-344.

— (1999b): *Se o vos por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego* (Bertamiráns-Ames: Laiovento).

Sanmartín, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo* (Vigo: Xerais).

Spender, D. (1985): *Man made language* (Londres: Routledge & Kegan Paul).

Tannen, Deborah (1990): *You just don't understand: Women and men in conversation* (Nova York: William Morrow).

— (1994): *Gender and discourse* (Oxford-Nova York: Oxford University Press). Traducido ao español por Galmarini, M. A. (1996) *Género y discurso* (Barcelona: Paidós).

Violi, Patrizia (1991): *L'infinito singolare* (Verona: Essedue). Traducido ao español por Aja, J. / Borra, C. / Caffaratto, M. (1991): *El infinito singular* (Madrid: Cátedra-Universidade de Valencia-Instituto da Muller).

